**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 2 de decembro de 2016**

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
Mª José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
Dª. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
Dª. Mª. Isaura Abelairas Rodríguez

**Invitados**
Dª. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

Dª Mª. Carmen Silva Rego
D. Jaime Aneiros Pereira.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dous de decembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a interventora xeral acctal., Sra. Hernández Vidal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1213).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión acta 8 de decembro e extraordinaria e urxente do 21 de novembro de 2016.. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(1214).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROGRAMA “VACACIÓNS EN PAZ 2016”. EXPTE. 14041/101.**
Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 19/10/16, e o informe de fiscalización do 18/11/16, dáse conta do informe-proposta do

28/09/16, asinado pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

*I.- Con data 17 de febreiro de 2016 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo escrito da representación da Asociación Soliedaridade Galega co Pobo Saharaui, solicitando a concesión dunha subvención, destinada ó programa "Vacacións en paz 2016", que consiste en acoller temporalmente menores saharauis por familias do Concello de Vigo*

*II.- Ao dito escrito a asociación solicitante achega a documentación que segue:*

- *Memoria das actividades realizadas e a realizar.*
- *Orzamento de gastos e de ingresos.*
- *Certificacións de carecer de débedas co Concello de Vigo, Facenda pública, Seguridade Social e Facenda da Xunta.*
- *Declaración responsable sobre axudas concedidas.*
- *Copia dos estatutos da asociación.*
- *Copia do DNI do presidente da asociación.*
- *CIF asociación.*
- *Certificación bancaria.*
- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición prevista na Ley de Subvencións de Galicia para ser beneficiaria da subvención solicitada nin en causa de procedencia de reintegro.*

*III.- En data 23.08.16, o Concelleiro delegado de Xestión municipal ordena que se inicie a tramitación dun expediente para a concesión da subvención de 13.000 € para cubrir as demandas dos servizos e actividades da Asociación para o citado programa no ano 2016.*

*IV.- O vixente orzamento xeral municipal inclúe a aplicación orzamentaria 912.0.480.00.02, de subvencións por razóns humanitarias ou sociais, cunha dotación de 120.000 euros.*

*Segundo.- Actividade da Asociación Soliedaridade Galega co Pobo Saharaui*

*A Asociación Soliedaridade Galega co Pobo Saharaui, é unha Asociación sen ánimo de lucro que se regula pola Lei Orgánica de Asociacións 1/2002, de 22 de marzo e os seus propios Estatutos, inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co núm. 2004/007037*

*Xunto coa solicitude da Asociación, a Xefatura da Área de xestión patrimonial e territorial, en funcións de sinatura técnica superior no ámbito da unidade administrativa de Alcaldía, e co conforme do Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, Recursos Humanos Administración electrónica e Patrimonio redacta "MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E ASOCIACIÓN SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI para o desenvolvemento do programa "Vacacións en paz 2016", xuntando borrador de convenio, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e a Asociación Soliedaridade Galega co Pobo Saharaui, para a financiación do seu proxecto social a través dunha subvención directa. Na citada Memoria descríbese o proxecto a desenvolver pola Asociación e para o que se solicita unha subvención de 13.000 euros.*

*Con estes antecedentes, o servizo técnico da Alcaldía procede á redacción do convenio reitor da subvención, cuxa aprobación se propón.*

*FUNDAMENTOS XURÍDICOS*

*1.- Lexislación apricable*

- *Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, polo que se aproba o texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público e RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos*
- *Lei 30/1992, de 30 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común*
- *Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia*
- *Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)*
- *Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo*
- *Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local*
- *RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)*
- *Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais*
- *Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións*
- *RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*
- *D 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia*
- *Bases de execución orzamento Concello de Vigo 2016*
- *ETT da Asociación*

*2.- A actividade de fomento*

*A concesión da axuda económica solicitada desta Administración municipal pola Asociación Soliedaridade Galega co Pobo Saharaui para o desenvolvemento da súa actividade de interése público e social, enmárcase dentro da denominada actividade administrativa de fomento que as Administracións públicas poden promover mediante a concesión de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementen ou suplan os atribuídos ao Ente público; acción de fomento á que expresamente se refire o artigo 294 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, en relación coas Corporacións Locais, dispoñendo que: "1. A actividade de fomento se exercerá de conformidade cos principios de publicidade, obxectividade, libre concorrencia e igualdade e con adecuación á legalidade orzamentaria"; "2. As Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico ou doutra natureza as entidades, organismos ou particulares, nos casos en que os servizos ou actividades dos mesmos complementen o substitúan aos atribuídos á competencia local. 3. As Corporacións Locais comprobarán a aplicación efectiva dos medios de fomento á la finalidade prevista".*

*3.- Natureza da subvención*

*Dentro desta acción de fomento, a axuda económica solicitada responde á categoría técnica de subvención, definida nos artigos 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, en tanto que a mesma se concreta nunha achega económica sen contraprestación directa da beneficiaria, que se suxeita á realización dun proxecto, xa realizado ou por desenvolver, cuxa execución ten de fomentar unha actividade de interese social.*
*Este carácter está xustificado na Memoria elaborada por esta Xefatura de Área na que se xustifica o interese público e social do proxecto, e ser susceptible de se incluir nos orzamentos do Concello de Vigo 2016, en base ó carácter do propio colectivo destinatario da acción e pola propia actividade desenvolvida pola Asociación.*

*4.- Competencia municipal*

*O artigo 25. 2. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local establece no seu apartado 2 que: "O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: e) evaluación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación de risco de exclusión social.*

*A competencia municipal xustifícase en que o art 25 LRBRL, remite a unha lei específica para determinar a competencia municipal propia, garantindo, segundo punto quinto do citado artigo, que non hai unha atribución simultánea da mesma competencia a outra administración pública. A Disposición transitoria segunda Lei 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, dispón que, con data 31 de diciembre de 2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiación autonómica e das Facendas Locais, as Comunidades Autónomas asumirán a titularidade das competencias que se preveían como propias do Municipio, relativas á prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social. As Comunidades Autónomas asumirán a titularidade destas competencias, con independencia de que o seú exercizo se viñese realizando polos Municipios. Se naquela data as Comunidades Autónomas non asumisen o desenvolvemento dos servizos, estes seguirán prestándose polo cooncello con cargo á Comunidade Autónoma.*
*Nembargantes, tal competencia seguirá sendo exercida, en aplicación da disposición adicional cuarta da Lei do Parlamento de Galicia 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, relativa á asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais, polos municipios, en tanto no se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómica e das facendas locais previsto na mesmada citada disposición adicional.*

*5.- Procedemento de concesión directa*

*A posibilidade da concesión directa da subvención á Asociación Soliedaridade Galega co Pobo Saharaui está prevista expresamente nos artigos 22 e 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36 e seguintes do Regulamento que a desenvolve, ó se tratar dunha subvención con carácter excepcional, na que se teñen acreditado razóns de interese público, social, e humanitario que dificultan a súa convocatoria pública (arts 19.4 LSG e 40*

*RLSG) na memoria que consta no expediente, e polo colectivo social destinatario da súa acción, sendo o convenio o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.*

*6.- Convenio regulador*

*De acordo co disposto nos artigo 37.2 do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia , o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas nominativas.*

*En canto ó seu contido, axústase á lexislación de subvencions, artigos 28.3 LXS, 26.2 LSG e 40 RLSG, e Base 38.4 das de execución dos vixentes Orzamentos do Concello. As súas determinacións estímanse conformes ao interese público que a subvención persigue e ao Ordenamento Xurídico e suficientes ao fin pretendido:*

- *Definición do obxeto da subvención, execución da actividade da Asociación.*
- *Beneficiario e modalidade de axuda,* Asociación Soliedaridade Galega co Pobo Saharaui*, a través dunha achega económica*
- *Crédito presupostario ao que se imputa o gasto e a contía da subvención*
- *Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade*
- *Prazos e modos de pago da subvención*
- *Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e da apricación dos fondos percibidos*
- *Obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión*
- *Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requerida poa Intervención, polo Tribunal de Contas e polo el Consello de Contas no exercizo de súa funcións de fiscalización e control do destino das subvenciones*

*O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art 40.2 RLSG. Trataríase de fomentar a actividade de prestación de servizos sociais, prevención, cooperación e social cunha axuda economica a unha Asociación da que se pode predicar, pola súa propia natureza, o interese social que precisa a actividade subvencionable.*

*7.- Publicidade*
*Darase ao presente acordo a publicidade exisida polo art. 8.1.c) da Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións información detallada da subvención (obxecto ou finalidade da mesma, identificación dos beneficiarios, importe das subvención, resolución no seu caso de reintegro e sancións no seu caso impostas)*

*8.- Competencia*

*Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e texto do mesmo.*
*Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá formularse proposta de aprobación e emitir informe a Asesoría xuridica e Intervención Xeral do Concello sobre as operacións orzamentarias ou contables que proceda executar .*

*De conformidade cos artigos 10.4 LXS, e 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación da concesión da subvención e do convenio, con carácter previo, á aprobación do gasto (artigo 31 LSG)*

*Por todo o exposto, formúlase á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte*

*PROSPOSTA*

1. *Autorizar o gasto por importe de 13.000 euros, a favor da ASOCIACIÓN SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI , con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.480.00.02, de subvencións por razóns humanitarias ou sociais, en concepto de subvención para o programa "Vacacións en paz 2016". A entrega da subvención á Asociación Soliedaridade Galega co Pobo Saharaui realizarase contra a presentación das memorias xustificativas e de avaliación das programacións correspondentes actividade citada, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados, que deberá ter lugar antes do día 20 de novembro de 2016".*

2. *"Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Soliedaridade Galega co Pobo Saharaui, que rexerá a subvención para coadxuvar á execución do programa "Vacacións en paz 2016" como axuda para os gastos ocasionados polo transporte e organización da estadía en Vigo de 14 nenos saharauis , e isto con cargo á partida 912.0.489.00.02 "Subvencións por razóns humanitarias ou sociais", do vixente orzamento, ou bolsa de vinculación, o que non afecta ao normal funcionamento do servizo, texto que se incorpora como anexo á presente proposta de acordo".*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*ANEXO*

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI QUE HABERÁ DE REXIR A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DESTA PARA O DESENVOLVEMENTO DO SÉU PROGRAMA "Vacacións en paz 2016"*

*Na Casa do Concello de Vigo, a __ de ______ de dous mil dezaséis.*

*REUNIDOS*
*Dunha parte, o Alcalde de Vigo, don. Abel Caballero Álvarez, designado na sesión do Pleno da Corporación do día 13 de xuño de 2015, e que actúa en representación do Concello de acordo aos artigos 124.4 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local 7/85 (en diante LRBRL) e o artigo 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en diante LALGA)*

*Doutra parte dona María Isla Avión, Presidenta da ASOCIACION SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI C I F num G 15924558 , e enderezo social na rúa Avda. Gregorio Espino 57, baixo andar da cidade de Vigo.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a ASOCIACION SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI é unha entidade se ánimo de lucro, que conta entre as súas competencias a prestación de axuda humanitaria, conforme ó establecido na L 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, como a prevención, cooperación social e fomento de actividade social e solidariedade.*

*II.- Que a Alcaldía de Vigo, coñecedora das ditas actividades e accións e no exercizo da súa competencia propia de evaluación e información de situacións de necesidade social, que lle recoñece o artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como a execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade, desexa promover e colaborar económicamente na execución do programa da ASOCIACION SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI, a executar no verán do ano 2016.*

*III.- Que o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe unha aplicación orzamentaria 912.0.489.00.02, para subvencións por razóns humanitarias e sociais dotada con crédito dabondo para conceder, a prol da ASOCIACION SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI, a cantidade de 13.000 euros.*

*IV.- Que a ASOCIACION SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado ó efecto.*

*V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con arranxo aos seguintes*

*PACTOS*

*Primeiro.- A ASOCIACION SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI comprométese a realizar e xustificar o programa de actividades para o verán 2016, que figura na documentación do expediente administrativo núm. 14041/101, sen prexuizo de que se poidan producir modificacións nas actividades previstos pola asociación no seu programa, pero aínda non contratados, que poderán ser substituídos por outros.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1º.- Colaborar coa ASOCIACION SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos sociais na cidade de Vigo.*

*2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da ASOCIACION SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARUI (revista, web, redes sociais etc).*

*3º.- Conceder á ASOCIACION SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI unha subvención por importe de 13.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria plicación orzamentaria 912.0.489.00.02, para subvencións por razóns humanitarias e sociais, mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da*

*intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas coa súa programación "Vacacións en paz 2016".*

*A entrega da subvención á ASOCIACION SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARA realizarase contra a presentación da memoria xustificativa e de avaliación da programación correspondente á actividade realizada no verán do ano 2016, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados, antes do día 20 de novembro de 2016.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á reducción da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada,*

*Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas co seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta sociedade no ano 2016.*

*A ASOCIACION SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARA achegará probas deste material para conformidade do Concello de Vigo e o do seu logotipo.*

*Sétimo.- A beneficiaria, antes do día 20 de novembro de 2016, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais ( que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE) pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 44.5000 euros. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o*

*gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención.*

*A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

*Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2016.*

*Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Alcaldía, que emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Alcaldía e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo cuarto.- Os datos persoais da solicitante y o do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, obxecto deste convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, en orden á conclusión do proceso subvencional, por lo que a súa achega é obrigatoria.*

*Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Real Decreto 1720/2007, de desenvolvemento da LOPD, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo, como administración concedente da subvención.*

*En todo caso, o Concello de Vigo non aplicará ou utilizará con outra finalidade os datos, nin tampouco os comunicará en ningún caso a outras persoas ou entidades, salvo excepcións legais o por mandato do titular da información.*

*O Concello de Vigo comprométese a cumprir e facer cumprir o deber de secreto profesional y de confidencialidade que abarcará calquera información ou dato que puidese coñecer, con ocasión da xestión desta subvención, en especial aos de carácter persoal, de acordo co establecido no artigo 10 de la Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal.*

*A beneficiaria e, no seu caso, os seus representantes, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo, nos términos previstos na citada Lei 15/1999.*

*Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de _____ de 2016.*

**3(1215).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA A LA CONCESIÓN DE "SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL, SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2016". EXPTE. 131966/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 1/12/16, asinado polo xefe da Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto a dita xefatura e a concelleira delegada da Área de Política Social, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES:*
*Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de maio de 2016 (BOP no 109, do 8 de xuño de 2016 e extracto no BOP no111 de 10/06/2016), aprobanse as bases de subvencións a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais.*

*Por acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de setembro de 2016, aprobouse o otorgamento e desestimacións de subvencions as entidades solcitantes, entre as que estaban a FUNDACION JUAN SOÑADOR e a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE -COGAMI.*

*Con data 16 de novembro de 2016, a FUNDACION JUAN SOÑADOR, G24452435, e a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE -COGAMI, G32115941, con data 25 de novembro de 2016, presentan no Rexistro Xeral escritos renunciando á subvención que lles fora concedida.*

*Como expresamente contempla o artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia , producirase perda do dereito ao cobro total o parcial da subvención no suposto de falta de xustificación o de concurrencia de algunha das causas previstas no artigo 33 da presente lei. O punto b) de artigo indicado establece, pola súa banda, a perda do dereito por incumprimento total o parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención, motivos que dan cobertura á renuncia presentada.*

*Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:*

*Aceptar as renuncias á subvención das entidades que deseguido se indican, anulando a súa concesión:*

| *ENTIDADE* | *NIF* | *IMPORTE ANULADO* | *MOTIVO* |
|---|---|---|---|
| *FUNDACION JUANSOÑADOR* | *G24452435* | *1.878,84* | *Renuncia* |
| *CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE -COGAMI* | *G32115941* | *1.148,18* | *Renuncia* |

*Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime oportuno.*

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(1216).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA DA SAÚDE. EXPTE. 27683/220**.

Dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación con data 28/11/16, que di o seguinte:

*A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 25 de novembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

*6.- Propostas de clasificación*

*b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (27683-220)*

*Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do Servizo de vixilancia da saúde (27683-220) na seguinte orde descendente:*

| Licitadores | Puntuación total |
|---|---|
| PREVISONOR, SL | 100 |
| PREMAP SEGURIDAD Y SALUD, SL | 91,95 |
| MUGATRA SOCIEDAD DE PREVENCIÓN, SLU | 85,30 |
| NORPREVENCIÓN, SL | 76,23 |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PREVISONOR, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

*Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.709,92 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**5(1217).- PROPOSTA EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE AIRNOSTRUM SOBRE OS VOOS A OPERAR NO ANO 2017. EXPTE. 5238/104.**

Dáse conta do informe-proposta de data 01/12/16, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro-delegado de dito servizo, que di o seguinte:

*"NORMATIVA DE APLICACIÓN*

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto de servizos de promoción turística da cidade de Vigo (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto de servizos de promoción turística da cidade de Vigo (PPT).*

*ANTECEDENTES*

*Primeiro.- En data 14 de agosto de 2014, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante JGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto, de servizos de promoción turística da cidade de Vigo, o gasto, os Pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e acordou a apertura do procedemento de licitación.*

*Segundo.- En data 13 de novembro de 2014, a XGL acordou "Adxudicar a AIR NOSTRUM LINEAS AEREAS DEL MEDITERRANEO, S.A., o procedemento aberto para a contratación de servizos de promoción turística da cidade de Vigo (expediente 5238-104) por un prezo de 2.928.200 euros (IVE incluído), coas seguintes prestacións adicionais:*

- *Se compromete a apertura de 4 rutas con comercialización en 2014 e inicio de operacións en 2015.*
- *Se compromete a apertura de 4 rutas con comercialización en 2015 e inicio de operacións en 2016.*
- *Propón 14.400 prazas anuais nas rutas ofertadas.*

*Na documentación anexa ó modelo de proposición especifica que:*

- *As 4 rutas con comercialización en 2014 e inicio de operacións en 2015 son Londres, Sevilla, Gran Canaria e Málaga.*

- *As 4 rutas con comercialización en 2015 e inicio de operacións en 2016 son: Bruselas, Roma, Alicante e Menorca.*

*Se fixa a data de inicio de cada unha das rutas.*

*O dato de 14.400 prazas anuais corresponde a un promedio, que se desglosa do seguinte xeito:*

- *Ano 2015: 8640 prazas*
- *Ano 2016: 17.280 prazas*
- *Ano 2017: 17.280 prazas*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."*

*Terceiro.- En data 24 de novembro de 2014, formalizouse o contrato, fixándose como data de inicio do mesmo ese día.*

*Cuarto.- En data 6 de abril de 2016, AIR NOSTRUM L.A.M., S.A., empresa adxudicataria do contrato comunica que non pode garantir poder operar no aeroporto de Bruselas como consecuencia dos atentados acaecidos en Bruselas o 22 de marzo do mesmo ano e solicita que se modifique o contrato e se substitúa na anualidade 2016 a ruta VIGO-BRUSELAS pola ruta VIGO-PARIS, aeroporto Charles de Gaulle.*

*Quinto.- En data 11 de abril de 2016, a XGL, á vista da solicitude do contratista, adoptou o seguinte acordo:*

> *"1º.- Aprobar a modificación do contrato de servizos de promoción turística da cidade de Vigo consistente en substituír na anualidade 2016 das 4 rutas ofertadas por AIRNOSTRUM, LAM, S.A., con comercialización en 2015 e inicio de operacións en 2016 (Bruselas, Roma, Alicante e Menorca) a ruta VIGO-BRUSELAS pola ruta VIGO-PARIS, aeroporto Charles de Gaulle"*
>
> *2º.- Formalizar por escrito a presente modificación".*

*Sexto.- En data 2 de novembro de 2016, AIR NOSTRUM L.A.M., S.A., presenta escrito solicitando o mantemento das conexións aéreas entre Vigo e París. Apoia a súa solicitude en tres motivos:*

- *O cumprimento das condicións fixadas no PCAP, que determina que as rutas cuxo inicio está previsto en 2016 deben manterse durante todo o prazo contractual.*
- *As circunstancias de forza maior que motivaron a modificación do contrato en abril de 2016, mantense na actualidade.*
- *A continuidade da ruta garantiría a consolidación da promoción turística no destino Paris iniciada en 2016.*

*Sétimo.- En data 18 de novembro de 2016, a técnica do servizo de Turismo informa acerca da necesidade de manter a ruta Vigo-Paris.*

*FUNDAMENTOS XURÍDICOS*

*Primeiro.- O obxecto do contrato que nos ocupa é "a prestación de servizos de promoción turística da cidade de Vigo en novos mercados turísticos, nacionais e internacionais, para atraer turistas procedentes de novos mercados mediante conectitividade aérea directa dos mesmos coa cidade de Vigo" (cláusula 3 do PCAP). Nin o prego de cláusulas administrativas, nin o de prescricións técnicas, prevén os vos concretos a través dos cales realizar a promoción turística. Unicamente se aclaraba na citada cláusula que "A estes efectos consideraranse novos destinos aqueles que non dispoñen de ruta aérea directa coa cidade de Vigo con anterioridade á presente licitación. O obxectivo deste contrato é a promoción do destino Vigo en cidades dentro do territorio nacional, de tamaño medio (por enriba de 150.000 habitantes) ou potenciar a conectividade insular da nosa cidade en temporada estival. Igualmente búscase a conectividade internacional, ben a través das principais urbes europeas ou través das cidades de menor tamaño pertencentes a áreas metropolitanas de maior dimensión. As accións a desenvolver se implementarán en cidades con liñas de conectividade directa coa cidade de Vigo, que xustifiquen a atracción de turistas de diferentes perfís/segmentos principalmente turismo de escapada (citybreaker), negocios, familiar, xoven, gastronómico e eventos/reunións (MICE)".*

*Para a adxudicación deste contrato valorábase con 60 puntos, como criterio de adxudicación avaliable mediante fórmula a "Apertura de conexións aéreas con novas cidades nas que se realizarán as accións de promoción" (cláusula 15.B.2 do PCAP), repartíndose a puntuación en función do número de rutas propostas con comercialización en 2014 e inicio de operacións en 2015, e con comercialización en 2015 e inicio de operacións en 2016.*

*Á vista dos preceptos expostos conclúese que para que a promoción turística sexa efectiva debe prolongarse no tempo. Razón pola que se prevé que unha vez iniciada unha ruta se manteña ata o final do prazo contractual. Se ben o prego non recolle este requisito directamente, este infírese da redacción da citada cláusula 15.B.2 do PCAP, relativa os criterios de adxudicación e que determina que a proposta debería incluír vos, tanto con inicio de operacións na primeira anualidade do contrato como na segunda, os cales deberán manterse ata o remate do contrato pois non se prevé a súa substitución por outros.*

*O acordo da XGL de data 11 de abril de 2016 que aproba a modificación consistente en substituír a ruta VIGO-BRUSELAS pola ruta VIGO-PARIS, establece que a substitución producirase na anualidade 2016. E aínda que non especifica que, consonte o PCAP, a ruta deberá manterse ata a finalización do contrato, o certo é que unha vez iniciada a ruta, esta deberá operarse o resto do prazo contractual. En consecuencia, a modificación solicitada carece de sentido por canto a ruta VIGO-BRUSELAS xa foi substituída pola ruta VIGO-PARIS en virtude do citado acordo.*

*Segundo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).*

*En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

> *"AIR NOSTRUM L.A.M., S.A., deberá operar a ruta VIGO-PARIS no ano 2017, consonte ao exposto no fundamento xurídico primeiro da presente proposta".*

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(1218).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA PROBA DEPORTIVA III INVASIÓN CELESTE, O VINDEIRO 8 DE DECEMBRO DE 2016. EXPTE. 15073/333**.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 29/11/16, asinado polo coordinador Deportivo, o concelleiro delegado de Deportes e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

*1.- ANTECEDENTES:*

*A Fundación Celta de Vigo, CIF (G36810042), solicitou o día 29-04-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc. 160055035), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: III INVASIÓN CELESTE*
- *Data: 8 de decembro de 2016*
- *Horario: DE 11.00H A 13.00H*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro xoves 8 de decembro de 2016. A proba comezará ás 11.00h, cunha duración aproximada de dúas horas. Esta proba terá o percorrido seguinte:saída dende o Estadio de Balaidos para seguir pola Avda de Citróen, Olimpicos, Fragoso, Val Miñor, Portanet, Castrelos, Parque de Castrelos, Prado Vello, Castrelos, Portanet, Avda Citróen, Florida, Paseo Lagares, Olimpicos, Fragoso, Val Miñor para rematar na entrada do Estadio de Balaídos (polos Bombeiros).*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local*
- *Seguridade*

*Tamén se comunicou o evento a Protección Civíl, cara á cobertura do mesmo.*

*2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:*

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e*

*outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano , con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civíl ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.*

*3- PROPOSTA DE ACORDO:*

*Autorizar a Fundación Celta de Vigo, CIF (G36810042), a organizar a proba deportiva denominada III INVASIÓN CELESTE, o vindeiro xoves 8 de decembro de 2016, en horario de 11.00 a 13.00 horas, co percorrido seguinte: saída dende o Estadio de Balaidos para seguir pola Avda de Citróen, Olimpicos, Fragoso, Val Miñor, Portanet, Castrelos, Parque de Castrelos, Prado Vello, Castrelos, Portanet, Avda Citróen, Florida, Paseo Lagares, Olimpicos, Fragoso, Val Miñor para rematar na entrada do Estadio de Balaídos.*

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(1219).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA "19ª EDICIÓN DA MEDIA MARATÓN DE VIGO" O VINDEIRO 4 DE DECEMBRO DE 2016. EXPTE. 15352/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 29/11/16, asinado polo coordinador Deportivo, o concelleiro delegado de Deportes e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

*1.- ANTECEDENTES:*

*A entidade Asociación Deportiva Media Maraton de Vigo, con CIF (G36689826), solicitou o día 16-09-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc. 160122606), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: 19º EDICIÓN DA MEDIA MARATON DE VIGO*
- *Data: 4 de decembro de 2016*
- *Horario: DE 10.00H A 13.30H*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro domingo 4 de decembro de 2016, a proba carreira comezará ás 10.00h e terá a súa saída da rúa Policarpo Sanz para seguir por García Barbón, Isaa c Peral, Pza de Compostela, Victoria , Carral, Marqués de Valladares, Rosalia de Castro, G.Barbón, Policarpo Sanz, Elduayen, Paseo de Alfonso XII, Pi y Margall, López Mora, Pintor José Frau, Camelias, Romil, Paseo*

*de Alfonso XII Elduayen, Policarpo Sanz, García Barbón, Isaac Peral, Areal, Pza de Compostela, Victoria, Carral, Marques de Valladares, Rosalia de Castro García Barbón, Policaro Sanz, Romil, Paseo de Alfonso XII, Elduayen Policarpo Sanz, García Barbón, Isaac Peral, Areal e Plaza de Compostela, onde rematará a proba.*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local*
- *Seguridade*
- *Tamén se comunicou o evento ao departamento de Limpeza, así como a Protección Civíl, cara á cobertura do mesmo.*

*2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:*

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano , con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civíl ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.*

*3- PROPOSTA DE ACORDO:*

*Autorizar á Asociación Deportiva Media Maratón de Vigo, con CIF (G36689826), a organizar a proba deportiva denominada 19º EDICIÓN DA MEDIA MARATON DE VIGO, o vindeiro domingo 4 de decembro de 2016 , a proba comezará ás 10.00h con saída da rúa Policarpo Sanz para seguir por García Barbón, Isaac Peral, Pza de Compostela, Victoria, Carral, Marqués de Valladares, Rosalía de Castro, García Barbón, Policarpo Sanz, Elduayen, Paseo de Alfonso XII, Pi y Margall, López Mora, Pintor José Frau, Camelias, Romil, Paseo de Alfonso XII Elduayen, Policarpo Sanz, García Barbón, Isaac Peral, Areal, Pza de Compostela, Victoria, Carral, Marqués de Valladares, Rosalía de Castro García Barbón, Policaro Sanz, Romil, Paseo de Alfonso XII, Elduayen Policarpo Sanz, García Barbón, Isaac Peral, Areal e Plaza de Compostela, onde rematará a proba ás 13.30h.*

**<u>Acordo</u>**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(1220).- ADXUDICACIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA A FAVOR DA FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO PARA COLABORAR CO FINANCIMENTO DOS GASTOS OCASIONADOS POLO DESENVOLVEMENTO DA “FESTA DO JUDO INFANTIL 2016”.EXPTE. 15426/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27/10/16, e o informe de fiscalización do 18/11/16, dáse conta do informe-proposta do 21/10/16, asinado polo coordinador deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio ó expediente de subvención a favor da Federación Galega de Judo polo desenvolvemento do proxecto “Festa do Judo Infantil 2016”.

A Federación Galega de judo e deportes Asociados, de agora en adiante F.G.Judo e D.A., é unha Entidade asociativa privada, sen ánimo de lucro, con patrimonio propio e independente dos seus asociados, que se rexe pola Lei 3/2012, do 2 de abril, Xeral do Deporte de Galicia e as súas normas de desenvolvemento, polos seus propios estatutos e regulamentos debidamente aprobados e polas demais disposicións legais ou federativas que resulten aplicables con total garantía dos principios democráticos e representativos.

A F.G.Judo e D.A., é unha entidade de utilidade pública. Esta declaración comportará os efectos establecidos na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. Asemade posúe personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, ademais das atribucións de seu exerce, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo como axente colaborador da mesma.

Entre as actuacións enmarcadas nos fins fundamentais da entidade, atopamos que a Federación colaborará coas Administracións Públicas e coa Federación Española na promoción do Judo e do Judo e dos Deportes Asociados, e deseñar cantas actividades contribúan ao desenvolvemento e mellora do Judo e dos Deportes Asociados.

No ano 2016, a Federación organiza a XXIV edición da Festa do Judo Infantil, un evento que co paso dos anos converteuse nunha cita clásica no Judo de formación no ámbito da Provincia de Pontevedra, que reúne na cidade de Vigo a máis de 1.500 Judokas de entre 4 e 14 anos, e que lle outorga un valor moi importante para a promoción tanto do Judo como da cidade, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional no ámbito do Judo e que ten ademáis unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O programa de actividades previsto, inclúe a realización dunha competición multitudinaria e participativa, unha competición técnica de Judo aplicado á Defensa Persoal na que interveñen nenos e nenas de clubs e colexios de toda a provincia onde se practica judo asemade das Escolas Municipais de Vigo.

Durante a mesma os e as judokas participan sen necesidade de facer grupos por idades ou categoría de peso xa que o sistema pedagóxico empregado permite facer a un neno pequeno con outro máis maior ou a nenos con nenas, nunha competición contra se mesmo na que ninguén perde e todos levan o seu premio. Cada neno por participar obtén os seus agasallos e o diploma coa puntuación obtida que posteriormente no seu club ou colexio sérvelle para o pase de grao.

Durante a súa celebración, o evento se converte no foco de atención da modalidade, atraendo a atención dun gran número de siareiros e supoñendo un espectáculo deportivo de enorme valor deportivo e formativo, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

O Concello de Vigo atopa criterios que nos levan á necesidade de estudiar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción, fomento e dinamización do judo na cidade de Vigo.

Tendo en conta estes criterios, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten a continuidade de proxectos da envergadura e historia como o proposto pola Federación Galega de Judo, considerando ademáis que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva desenvolvida na cidade, e atendendo á solicitude de subvención remitida pola dita entidade, plantéase a presente proposta para a adxudicación dunha subvención por importe de 8.000,00€ ao obxecto de colaborar coa financiación dos gastos que supón a organización do evento de referencia.

As actuacións vinculadas con esta subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade a Federación Galega de Judo é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características particulares. Estas circunstancias xustifican que para o desenvolvemento deste expediente, non resulta posible nin recomendable promover a concorrencia pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concurren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención á Federación Galega de Judo co obxectivo de colaborar na financiación dos gastos ocasionados pola dinamización do proxecto.

Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interés deportivo na cidade de Vigo.
- Promocionar o deporte de formación na cidade de Vigo.
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *"Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.."* e que *"...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".*

Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen a presente proposta co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é

coadxuvar na financiación dos gastos xerados polo desenvolvemento do seu proxecto deportivo.

A Federación Galega de Judo non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15426-333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto da Federación Galega de Judo, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.

A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *"Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos".*

Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese publico e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Federación Galega de Ciclismo é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como ó do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se

establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

O obxecto da presente proposta de subvención é colaborar fundamentalmente na financiación dos gastos vinculados ó desenvolvemento do programa de actividades vinculadas coa XXIV Festa do Judo Infantil 2016, debido o interés que para a cidade de Vigo teñen proxectos deportivos coa traxectoria histórica como o de referencia.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

A Federación Galega de Judo presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades a realizar e o destino da subvención.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte da Federación Galega de Judo das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa conformada incluirá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

A documentación da conta xustificativa conformada incluirá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

1. Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
2. Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
3. Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
4. Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
5. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación

de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ….. euros.

6. Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:
   - Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
   - Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.
   - En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Por todo o exposto, previo informe da Intervención do Concello de Vigo, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre o Concello de Vigo a través da Concelleria de Deportes e a Federación Galega de Judo, co CIF: G-15109267 para a concesión dunha subvención co obxecto de coadxuvar o proxecto de actividades vinculadas coa XXIV Festa do Judo Infantil 2016.

SEGUNDA: Autorizar e dispoñer o gasto polo importe de 8.000,00 € a favor da Federación Galega de Judo, co CIF: G-15109267, con enderezo social na Praza Agustín Díaz, 3, en A Coruña, con cargo á partida 3410.489.00.01, en concepto de subvención para o desenvolvemento do proxecto de actividades vinculadas coa XXIV Festa do Judo Infantil 2016.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. CO OBXECTO DE COLABORAR CO FINANCIAMENTO DOS GASTOS OCASIONADOS POLO DESENVOLVEMENTO DA XXIV FESTA DO JUDO INFANTIL 2016 (EXPTE. 15426-333).*

*Na Casa do Concello de Vigo, a _____ de dous mil quince.*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra, don Mario Muzas Cobo como presidente da Federación Galega de Judo e D.A. (En adiante Fed. de Judo) CIF nº G-15109267 e enderezo social na Praza Agustín Díaz, 3, en A Coruña e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15426-333.*

*Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a Federación Galega de judo e deportes Asociados, é unha Entidade asociativa privada, sen ánimo de lucro, con patrimonio propio e independente dos seus asociados, que se rexe pola Lei 3/2012, do 2 de abril, Xeral do Deporte de Galicia e as súas normas de desenvolvemento, polos seus propios estatutos e regulamentos debidamente aprobados e polas demais disposicións legais ou federativas que resulten aplicables con total garantía dos principios democráticos e representativos.*

*A F.G.Judo e D.A., é unha entidade de utilidade pública. Esta declaración comportará os efectos establecidos na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. Asemade posúe personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, ademais das atribucións de seu exerce, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo como axente colaborador da mesma.*

*Entre as actuacións enmarcadas nos fins fundamentais da entidade, atopamos que a Federación colaborará coas Administracións Públicas e coa Federación Española na promoción do Judo e do Judo e dos Deportes Asociados, e deseñar cantas actividades contribúan ao desenvolvemento e mellora do Judo e dos Deportes Asociados.*

*II.- Que no ano 2016, a Federación organiza a XXIV edición da Festa do Judo Infantil, un evento que co paso dos anos converteuse nunha cita clásica no Judo de formación no ámbito da Provincia de Pontevedra, que reúne na cidade de Vigo a máis de 1.500 Judokas de entre 4 e 14 anos, e que lle outorga un valor moi importante para a promoción tanto do Judo como da cidade, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional no ámbito do Judo e que ten ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.*

*O programa de actividades previsto, inclúe a realización dunha competición multitudinaria e participativa, unha competición técnica de Judo aplicado á Defensa Persoal na que*

*interveñen nenos e nenas de clubs e colexios de toda a provincia onde se practica judo asemade das Escolas Municipais de Vigo.*

*Durante a mesma os e as judokas participan sen necesidade de facer grupos por idades ou categoría de peso xa que o sistema pedagóxico empregado permite facer a un neno pequeno con outro máis maior ou a nenos con nenas, nunha competición contra se mesmo na que ninguén perde e todos levan o seu premio. Cada neno por participar obtén os seus agasallos e o diploma coa puntuación obtida que posteriormente no seu club ou colexio sérvelle para o pase de grao.*

*Durante a súa celebración, o evento se converte no foco de atención da modalidade, atraendo a atención dun gran número de siareiros e supoñendo un espectáculo deportivo de enorme valor deportivo e formativo, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.*

*III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- *Colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués.*
- *Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de formación.*
- *Conseguir que o colectivo da cidadanía de Vigo, conte cun proxecto deportivo no seu entorno.*
- *A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun mapa de actividade deportiva no entorno asociativo da cidade.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é colaborar co financiamento dos gastos ocasionados polo desenvolvemento do programa de actividades vinculado coa celebración da XXIV Festa do Judo Infantil 2016, o cal xustifica que para o desenvolvemento deste expediente, non resulta posible nin recomendable promover a concorrencia pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuación a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa.*

*VI.- Que a Federación Galega de Judo non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no presente expediente.*

*VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Federación Galega de Judo, o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da subvención en base aos seguintes.*

*PACTOS*

*<u>Primeiro.-</u> A Federación Galega de Judo comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:*

*1º.- Desenvolver a actuación obxecto principal da subvención, desenvolver a Festa do Judo Infantil que se vai celebrar na cidade de Vigo o 18 de decembro de 2016.*

*2º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que poidan ter vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.*

*3º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1º.- Conceder á Federación Galega de Judo unha subvención polo importe de 8.000,00€, en concepto de subvención directa en base ó convenio para o desenvolvemento do proxecto "XXIV Festa do Judo Infantil 2016". Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.01 do vixente orzamento. Para o procedemento de xustificación e pago do importe da subvención, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.*
*2º.- Colaborar na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.*
*3º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe (Concello de Vigo) nos ámbitos de promoción da Federación Galega de Judo (revista, web, etc).*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional*

*da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio.*

*Sétimo.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos no prazo comprendido entre a sinatura do convenio e como máximo o 22 de decembro de 2016. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo foi de ...... euros.*
*A entidade deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.*

*Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:*

*- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.*

*- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo propio Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

*<u>Noveno.-</u> Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*<u>Décimo.-</u> A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*<u>Décimo primeiro.-</u> A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*<u>Décimo segundo.-</u> Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*<u>Décimo terceiro.-</u> Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aprezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*<u>Décimo cuarto.-</u> A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e o 22 de decembro de 2016 .*

*<u>Décimo quinto.-</u> A beneficiaria está informada que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; e o recollido na base 38 das de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de ____ de 2016.*

**9(1221).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CENTRO PÚBLICO IES A GUÍA POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO COMPLEXO DEPORTIVO DE TRAVESAS PARA IMPARTIR A DOCENCIA DE CLASES FISICO DEPORTIVAS. . EXPTE. 384/611.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7/10/16, e o informe de fiscalización do 21/10/16, dáse conta do informe-proposta do 30/11/16, polo director deportivo , o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES:*

*Con data 17 de Xuño de 2016 asínase o informe proposta para orde de inicio polo director técnico.*
*Con data 21 de Xuño de 2016 asínase a orde de inicio polo Concelleiro Delegado de Deportes.*
*Con data 27 de Setembro de 2016 asínase o informe ca proposta do texto do convenio polo Director Técnico.*
*Con data 27 de Setembro de 2016 asínase o informe proposta do convenio polo Director Técnico.*
*Con data 7 de Outubro de 2016 asínase o informe xurídico favorable.*
*Con data 21 de Outubro de 2016 asínase informe de fiscalización de intervención no que se solicita a modificación e actualización de documentación relacionada nos seguintes puntos:*

a) *Incorporación ao expediente do cálculo do importe da exención do prezo público.*
b) *convenio debe prever as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e os compromisos asumidos por cada unha das partes.*

*Con data 29 de Novembro realízase nova proposta do texto do convenio polo Director Técnico coas modificacións recollidas nos puntos a ) e b) do informe de fiscalización.*

*FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:*
*Lei 7/1985 do 2 de abril emítese informe de necesidade do técnico 25 2.l) Promoción do deporte e instalacions deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e Sostenibilidade da adminstración local.*

*Lei 5/2007, de administración Local de Galicia artigo 80.2), actividades e instalacions culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.*
*Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.*
*Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacions deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.*
*Lei 15/2015, do 24 de Decembro.*
*Ordenanza nº52 de tributos e prezos públicos do Concello de Vigo reguladora da utilización das instalacions deportivas municipais.*

*XUSTIFICACIÓN:*
*O Centro escolar IES A Guía, desenvolve a súa labor formativa nas súas instalacións, ubicadas na Avda. Dña. Fermina, 1, próximas ó Pavillón Municipal de Teis. Este centro público educativo non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento das clases do Ciclo Formativo de Tecnico Superior en Actividades Físico Deportivas.*

*As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A..F vinculada ó desenvolvemento de programas orientados á poboación escolar pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a mellorar a condición física dos e das escolares vigueses e viguesas da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.*

*Tendo en conta o interés común de ambas as dúas entidades, atendendo á proposta remitida polo Centro IES A Guía considerando que ademáis este centro conta con recursos propios suficientes, tanto materiais como persoais, e capacidade, para o desenvolvemento do dito programa, e atendendo ó interés do Concello por ofertar actividades relacionadas con obxectivos orientados a colectivos escolares, plantéase a necesidade de articular un convenio de colaboración que permita establecer as condicións necesarias para o desenvolvemeno da dita actividade coordinado polo IES Sta. Irene, unificando esforzos e criterios, operativizando e optimizando recursos, e ampliando a oferta deportiva no ámbito do deporte escolar.*

*A través do presente informe proposta, a Concellería de Deportes, busca a colaboración ca administración educativa e co Centro IES A Guía. O obxectivo principal do mesmo, trata de encamiñar as súas actuacións á colaboración cunha entidade que defínese como un axente social e deportivo con garantías de calidade no desenvolvemento dos proxectos deportivos.*

*Por outra banda dende a Concellería de Deportes, traballase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte dos diferentes centros educativos, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora de cara a programar as diversas actividades deportivas da cidade.*

*Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a o Centro Público Educativo IES A Guía conta cos medios humans necesarios para facilitar a organización,*

*seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.*

*Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos das diversas administracións que promocionan a actividade deportiva na cidade, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no marco desta proposta de convenio se atopa incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que a Concellería de Deportes non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.*

*As cláusulas xerais da proposta de convenio desenvolveranse sobre os seguintes apartados:*

- a) *Buscase o uso dunha instalación por un Centro Educativo Público para as actividades deportivas no ciclo superior de Técnico en Actividades Fisico Deportivas, na instalación da pista do pavillón polideportivo de Teis, piscina de Teis, e pistas de tenis e de padel.*
- b) *A Concellería de Deportes facilitará o uso das instalacións deportivas Municipais dentro dun ámbito horario concreto en función das necesidades e en función da dispoñibilidade de instalacións.*
- c) *O IES A Guía, responsabilizarase e garantirá mediante persoal propio das tarefas básicas do control e vixianza das actividades vinculadas ó obxecto do convenio.*
- d) *O IES A Guía, será a responsable da execución da actividade, para o cal deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio.*
- e) *O IES A Guía, para garantir un uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais do da Concellería de Deportes.*

*HORARIOS E INSTALACIÓN:*

*A actividade se realizará na Instalación do Pavillón de Teis, nas pistas de tenis, padel e nos frontóns de Travesas, nos horarios seguintes:*

| | |
|---|---|
| *1º Trimestre* | |
| *Piscina Teis: 3 días á semana/ 3 rúas* | *Luns de 9:50 a 11:30*<br>*Xoves de 12:00 a 13:40*<br>*Venres de 12:50 a 14:30* |
| *Pavillón Teis: 5 días á semana* | *Luns de 8:10 a 9:30*<br>*De Martes a Venres de 8:10 a 10:10.* |
| *2º Trimestre* | |
| *Piscina Teis: 5 días á semana/ 3 rúas* | *Luns de 8:10 a 11:30*<br>*Martes de 12:50 a 14:30*<br>*Mércoles de 12:50 a 14:30*<br>*Xoves 12:00 a 15:20*<br>*Venres 12:50 a 14:30* |

| | |
|---|---|
| *Pavillón Teis: 5 días á semana* | *Luns de 8:10 a 9:30*<br>*De Martes a Venres de 8:10 a 10:10.* |
| *Pistas de Tenis e Padel de Samil:* | *Horarios supeditados a organización e distribución de instalacións* |
| *3º Trimestre* | |
| *Piscina Teis: 3 días á semana/ 3 rúas* | *Luns de 9:50 a 11:30*<br>*Xoves de 12:00 a 13:40*<br>*Venres de 12:50 a 14:30* |
| *Frontón Travesas* | *Horarios supeditados a organización e distribución de instalacións* |

*PRAZO DO CONVENIO:*
*O prazo do convenio, abarcará a duración do curso lectivo 2016-2017. Para a continuidade do obxecto deste convenio será necesaria a tramitación dun novo convenio, previa solicitude da entidade.*

*VALOR ECONÓMICO DO CONVENIO:*
*A IES A Guía, en base ó artigo 6, letra c) da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacions deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma do convenio de colaboración ca entidade, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 456 horas de duración do presente convenio, cun precio por hora de 7.95 €, e que ascende ó importe estimado de 3.625,20 €.*

*CAPACIDADE PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN:*
*O IES A Guía, previa á aprobación da presente proposta de convenio, certificará debidamente que se atopa ó corrente do pagamento coas obrigas tributarias da Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo. Así mesmo, presentará a representación legal para asinar o presente convenio.*

*PROPOSTA:*
*Por todo o exposto, proponse a Xunta de Goberno Local.*

*a) Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e o Colexio Público IES A Guía para o uso da instalación deportiva dentro do ciclo superior de Tecnico en actividades físicas e deportivas, pertencente o currículo oficial.*

*b) Autorizar a exención do pago do prezo público correspondente á utilización da instalación de Teis, pistas de samil e frontón exteriores de Travesas, que ascende a 3.625,20 €, para o desenvolvemento das actividades, en base o apartado "c" do artigo 6, do capitulo V "Exencións e Bonificación" das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2016, na súa ordenanza 52"*

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*ANEXO:*

*TEXTO DO CONVENIO:*

*CONVENIO DE COLABORACIÓN Nº 384/611 ENTRE O INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES DE VIGO E O CENTRO ESCOLAR IES A GUÍA POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO PAVILLÓN DE TEIS, A PISCINA DE TEIS E PISTAS DE PADEL, TENIS E FRONTON, PARA IMPARTIR A DOCENCIA DAS CLASES TÉCNICO SUPERIOR EN ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS.*

*Dunha parte D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde do Concello de Vigo e D. Jose Manuel Fernández Pérez, Presidente da Xunta Rectora do IMD de Vigo.*

*Doutra parte Dna. Lina Arias Ferreiro con Dni 36015496-A, como representante legal do Centro IES A Guía con Cif Q-8655351-H, tal como acredita.*

*MANIFESTAN QUE*

*O Concello de Vigo, a través da súa Concellería de deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calquera das súas manifestacións ou vertentes, entre a que se atopa a do ámbito educativo.*

*O Centro escolar IES A Guía, desenvolve a súa labor formativa nas súas instalacións, ubicadas na Avda. Dña. Fermina, 1, próximas ó Pavillón Municipal de Teis. Este centro público educativo non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento das clases do Ciclo Formativo.*

*As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a E.F pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a mellorar a condición física da poboación escolar da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes de Educación Física.*

*Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexiráse polas seguintes claúsulas,*

*CLAÚSULAS*

- *Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver as actividades docentes de E.F. do Centro escolar IES A Guía nas instalacións Municipais do Pavillón, a Piscina de Teis, e puntualmente as instalacions de tenis de samil, padel de samil e os frontons descubertos de Travesas.*

- *O Centro escolar IES A Guía en base ó artigo 6, letra a), da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes a Concellería de Deportes, estará exento de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 456 horas de duración do presente convenio, cun precio por hora de 7.95 €, e que ascende ó importe estimado de 3.625,20 €.*

- *O Centro escolar IES A Guía comprométese a desenvolver as clases do Ciclo Superior de Tecnico en Actividades Físico Deportivas nas condicións establecidas no presente convenio, na instalación deportiva municipal do Pavillón e a Piscina de Teis, nos horarios e datas establecidos no presente convenio.*

- *O Centro escolar IES A Guía presentará, á sinatura do convenio o listado de cursos que desenvolverán as clases en cada franxa horaria.*

- *O Centro escolar IES A Guía é o responsable do desenvolvemento das clases na instalación Municipal, debendo estar presente na instalación en todo momento o responsable da clase.*

- *O Centro escolar IES A Guía comunicará a Concellería de Deportes con antelación suficiente calquera cancelación, alteración ou modificación nos horarios das clases.*

- *A Concellería de Deportes non terá ningunha responsabilidade co calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento da actividade docente.*

- *O centro educativo presentará unha póliza de responsabilidade de cobertura da actividade previa á sinatura do convenio.*

- *Os alumnos que desenvolvan a actividade na instalación será exclusivamente os vinculados ás clases de E.F. do centro, non estando permitido ningún outro uso que non sexa a impartición da docencia.*

- *Os alumnos accederán á instalación precedidos polo docente responsable da clase, non estando permitido o acceso dos alumnos en caso contrario. Da mesma forma,o docente será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún alumno ou alumna queda na instalación.*

- *A Concellería de Deportes, aportará o espazo para o desenvolvemento das clases.*

- *A Concellería de Deportes resérvase a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestións de programación ou mantemento. Neste caso se avisará por escrito á entidade, debendo ésta cancelar a docencia na instalación Municipal.*

- *A vixencia deste convenio é para as citadas actividades nos seguintes horarios para o curso académico 2016-2017:*

*Para a presente tempada o IES A GUIA realizará o seguinte uso das instalacions, a posibles modificacions solicitadas polo centro, en todo caso, estarán supeditadas a criterios de organización e disponibilidade de instalacións:*

| | |
|---|---|
| *1º Trimestre* | |
| *Piscina Teis: 3 días á semana/ 3 rúas* | *Luns de 9:50 a 11:30*<br>*Xoves de 12:00 a 13:40*<br>*Venres de 12:50 a 14:30* |
| *Pavillón Teis: 5 días á semana* | *Luns de 8:10 a 9:30*<br>*De Martes a Venres de 8:10 a 10:10.* |
| *2º Trimestre* | |
| *Piscina Teis: 5 días á semana/ 3 rúas* | *Luns de 8:10 a 11:30*<br>*Martes de 12:50 a 14:30*<br>*Mércoles de 12:50 a 14:30*<br>*Xoves 12:00 a 15:20* |

| | |
|---|---|
| | *Venres 12:50 a 14:30* |
| *Pavillón Teis: 5 días á semana* | *Luns de 8:10 a 9:30*<br>*De Martes a Venres de 8:10 a 10:10.* |
| *Pistas de Tenis e Padel de Samil:* | *Horarios supeditados a organización e distribución de instalacións* |
| *3º Trimestre* | |
| *Piscina Teis: 3 días á semana/ 3 rúas* | *Luns de 9:50 a 11:30*<br>*Xoves de 12:00 a 13:40*<br>*Venres de 12:50 a 14:30* |
| *Frontón Travesas* | *Horarios supeditados a organización e distribución de instalacións* |

*O Convenio deberá renovarse curso a curso, previa solicitude do Centro escolar IES A Guía, nas datas establecidas pola Concellería de Deportes.*

*–No caso de incumprimento da obrigas e os compromisos asumidos neste convenio, por cada unha das partes, poderanse aplicar medidas de suspensión ou anulación da vixencia do convenio.*

*Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por duplicado, o día __ de _________ de 2016.*

**10(1222).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AGRUPACIÓN DEPORTIVA VIGO PARA A DINAMIZACIÓN DO PROGRAMA DE COMPETICIÓN "VIGO EN XOGO". EXPTE. 377/611.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4/10/16, e o informe de fiscalización do 10/10/16, dáse conta do informe-proposta do 30/11/16, polo director deportivo , o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES:*

*Con data 17 de Xuño de 2016 firmase o informe proposta para orde de inicio polo director técnico.*
*Con data 21 de Xuño de 2016 fírmase a orde de inicio polo Concelleiro Delegado de Deportes.*
*Con data 23 de Setembro de 2016 asínase o informe ca proposta do texto do convenio polo Director Técnico.*
*Con data 23 de Setembro de 2016 asínase o informe proposta do convenio polo Director Técnico.*
*Con data 4 de Outubro de 2016 asínase o informe xurídico favorable.*
*Con data 10 de Outubro de 2016 asínase informe de fiscalización de intervención no que se solicita a modificación e actualización de documentación relacionada nos seguintes puntos:*

c) *Debe incorporarse copia do recibo de seguro de responsabilidade civil correspondente ao período vixente, dado que segundo a documentación que consta incorporada ao expediente o seguro venceu o pasado 01-10-2016.*
d) *Tamén debe acreditarse a vixencia do contrato da asistencia médico-sanitaria que a Asociación ten concertada co Centro Médico El Castro Vigo, S.A para as lesións su-*

fridas como consecuencia dun accidente deportivo, xa que segundo a documentación que consta no expediente venceu o 19-08-2016.

e) convenio debe prever as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e os compromisos asumidos por cada unha das partes.

*Con data 29 de Novembro de 2016 realízase nova proposta do texto do convenio polo Director Técnico coas modificacións recollidas no punto c) do informe de fiscalización. Asi mesmo incorporase ó expediente a documentación solicidada nos puntos a), e b).*

*FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:*

*Lei 7/1985 do 2 de abril emítese informe de necesidade do técnico 25 2.I) Promoción do deporte e instalacions deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e Sostenibilidade da adminstración local.*
*Lei 5/2007, de administración Local de Galicia artigo 80.2), actividades e instalacions culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.*
*Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.*
*Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacions deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.*
*Lei 15/2015, do 24 de Decembro.*
*Ordenanza nº52 de tributos e prezos públicos do Concello de Vigo reguladora da utilización das instalacions deportivas municipais.*

*XUSTIFICACIÓN:*
*Na actualidade, a Asociación Deportiva Vigo é unha entidade deportiva que agrupa ás entidades que participan cos seus equipos na competición propia da Agrupación Deportiva Vigo denominada VIGO EN XOGO, dinamizando as mesmas no ámbito da cidade de Vigo. Por outro lado, a Concellería de Deportes, define como accións prioritarias todas aquelas que busquen a promoción da practica deportiva na cidade, polo cal considerase adecuado propoñer a colaboración entre estas dúas entidades co fin de poder mellorar a oferta deportiva xeral da Cidade.*

*A través do presente informe proposta, a Concellería de Deportes, busca a colaboración cos administrados afectados directamente, como son os que engloba a propia entidade Agrupación Deportiva Vigo. O obxectivo principal do mesmo, trata de encamiñar as súas actuacións á colaboración cunha entidade que defínese como un axente social e deportivo con garantías de calidade no desenvolvemento dos proxectos deportivos.*

*Por outra banda dende a Concellería de Deportes, trabállase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte das diferentes entidades deportivas, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora dentro das necesidades da Concellería de Deportes de cara a programar as diversas actividades de adestramentos e competicións da cidade.*

*Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os*

*recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a entidade Agrupación Deportiva Vigo conta cos medios humans necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.*

*Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos das diversas administracións e entidades que promocionan a actividade deportiva na cidade, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no marco desta proposta de convenio se atopa incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que a Concellería de Deportes non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.*

*As cláusulas xerais da proposta de convenio desenvolveranse sobre os seguintes apartados:*

1.- *Buscase a dinamización dun programa deportivo vinculado co desenvolvemento da competición na modalidade de fútbol sala, Baloncesto e futbol 7 na cidade de Vigo.*
2.- *Para o desenvolvemento deste programa de promoción de practica deportiva, a Concellería de Deportes facilitará o uso das instalacións deportivas Municipais dentro dun ámbito horario concreto en función das necesidades concretas semanais derivadas da competición federada escolar de ámbito local e en función da dispoñibilidade de instalacións.*
3.- *A entidade organizadora Agrupación Deportiva Vigo, responsabilizarase e garantirá mediante persoal propio das tarefas básicas do control e vixianza das actividades vinculadas ó obxecto do convenio.*
4.- *A entidade organizadora Agrupación Deportiva Vigo, será a responsable da execución do programa deportivo, para o cal deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio.*
5.- *A Agrupación Deportiva Vigo, para garantir un uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais do da Concellería de Deportes.*
6.- *En toda a información e publicidade dos eventos e programas deportivas específicos e vinculados a este convenio figurarán os logos do Concello de Vigo, e a Concellería de Deportes. Así mesmo en todos o medios de promoción deberán empregar o “galego”.*

*HORARIOS E INSTALACIÓN:*

*A actividade se realizará nas instalacions dispoñibles durante cada fin de semana nos horarios seguintes:*

| *Días* | *Horario* |
|---|---|
| *Sábados* | *Entre as 16,00h a 22,00h* |
| *Domingos* | *Entre as 9.00 e 14:00 e as 16,00h a 22,00h* |

*Unha media cada fin de semana, de 16 partidos de baloncesto (20 horas), 45 partidos de futbol sala (45 horas) e 61 partidos de futbol 7 (31 horas).*

*PRAZO DO CONVENIO:*
*O prazo do convenio, abarcará a duración dunha tempada deportiva, dende a data da sinatura do presente convenio ata o 30 de xuño do ano 2017. Para a continuidade do obxecto deste convenio será necesaria a tramitación dun novo convenio, previa solicitude da entidade.*

*VALOR ECONÓMICO DO CONVENIO:*

*A Agrupación Deportiva Vigo, en base ó artigo 6, letra c) da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacions deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma do convenio de colaboración ca entidade, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, Sendo o número de fins de semana estimados, descontando períodos vacacionais de 29 e o número de partidos de media cada fin de 16 partidos de baloncesto (20 horas), 45 partidos de futbol sala (45 horas) e 61 partidos de futbol 7 (31 horas), en ningún caso poderá excederse desta cantidade. Este número de horas quedará supeditado as necesidades de programación e as posibilidades que cada fin de semán se poidan ofrecer. O importe do custo do convenio, en función dos partidos a un precio unitario de 29,45 € por partido de 1ª categoría (Ordenanza Fiscal, nº 52 reguladora de prezos públicos 2016), cun máximo de 122 partidos que reservarían un máximo de 96 horas cada fin de semana durante 29 semanas, e que ascende a un importe estimado máximo de 104,194.10 €.*

*CAPACIDADE PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN:*
*A Agrupación Deportiva Vigo, previa á aprobación da presente proposta de convenio, certificará debidamente que se atopa ó corrente do pagamento coas obrigas tributarias da Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo. Así mesmo, presentará a representación legal para asinar o presente convenio.*

*PROPOSTA:*
*Por todo o exposto, proponse a Xunta de Goberno Local.*

- *–Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes de Vigo e a Agrupación Deportiva Vigo para a desenvolvemento conxunto dun programa de promoción deportiva do Fútbol sala, Futbol 7 e Baloncesto na cidade de Vigo.*
- *– Autorizar a exención do pago do prezo público correspondente á utilización da instalacións deportivas para a competición durante os fins de semana, que ascende a 104,194.10 €, para o desenvolvemento das actividades, en base o apartado "c" do artigo 6, do capitulo V "Exencións e Bonificación" das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2016, na súa ordenanza 52"*

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*ANEXO*

*TEXTO DO CONVENIO:*

*CONVENIO DE COLABORACIÓN Nº 377-611 ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E A AGRUPACIÓN DEPORTIVA VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN DO FÚTBOL SALA, FÚTBOL 7 E BALONCESTO, NA COMPETICIÓN RECREATIVA NON FEDERADA "VIGO EN XOGO" 2016-2017, NA CIDADE DE VIGO*

*COMPARECEN*

*DUNHA PARTE:* *D. Jose Manuel Fernández Pérez con DNI 35979475-T, Concelleiro Delegado de Deportes, que actúa en nome e representación do mesmo, en orde ás atribucións que lle son conferidas.*

*DOUTRA PARTE:* *D. Alejandro Costas González como presidente da Agrupación Deportiva Vigo (G-36651123), según consta na documentación remitida pola entidade .*

*Ámbalas dúas partes recoñecen a súa capacidade e competencia para formalizar o presente convenio entre as entidades ás que representan e*

*EXPOÑEN:*

*Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, xestiona a infraestrutura deportiva da cidade e que de forma xeral desenvolve programas de promoción deportiva en tódolos ámbitos.*

*Que ambas entidades están interesadas en colaborar conxuntamente na coordinación de esforzos de cara a reunir os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento de programas de colaboración en materia de promoción e dinamización da práctica deportiva.*

*Que de forma xenérica o obxecto principal do presente convenio engloba unha serie de actuacións en relación á dinamización e potenciación dunha competición deportiva orientada no ámbito da cidade de Vigo.*

*Que a Agrupación Deportiva Vigo, que está inscrita no rexistro municipal de asociacións e entidades co nº200, ten entre as súas competencias a organización e promoción de actividades deportivas e dende o ano 1983 ben organizando competicions deportivas escolares en Vigo así como competicions recreativas nas que os deportistas non sexan federados, dende o ano 1992, o que demostra que ten unha importante capacidade organizativa.*

*Que todos estes aspectos nos levan á necesidade de conxugar o presente convenio de colaboración ca Agrupación Deportiva Vigo, establecemento un marco de relación, que permita complementar actuacións de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, polo que dito obxecto regulado polo seguinte convenio, atopase incluído no establecido no artigo 4.d) do RD 3/2011, polo que se aproba o TRLCSP.*

*Polo tanto, e para levar a cabo as accións necesarias que fagan realidade os fins propostos, ámbalas dúas entidades suscriben o presente convenio de colaboración definindo as actuacións necesarias baixo os principios e garantías de equilibrio, capacidade e solvencia, que de forma específica especifícase nas seguintes*

*CLAUSULAS:*

*Primeira:* *A finalidade deste convenio fundamentase de forma principal na colaboración conxunta para o desenvolvemento dun programa de promoción deportiva vinculado á competición de fútbol sala, futbol 7 e Baloncesto na cidade de Vigo. A vixencia do presente convenio será dende a súa sinatura ata o 30 de xuño de 2017. Para a continuidade do obxecto deste convenio será necesaria a tramitación dun novo convenio, previa solicitude da entidade.*

*Segunda:* *A lexislación aplicable, para este convenio, o atoparse excluído do ámbito obxectivo de aplicación do RD 3/2011, polo que se aproba o TRLCSP (art. 4.d), queda referida ás propias cláusulas do convenio, ás restantes normas de dereito administrativo vinculadas e, no seu defecto, ás normas de dereito privado.*

*Terceira:* *A Agrupación Deportiva Vigo, colaborará ca Concellería de Deportes no desenvolvemento da dinamización deportiva na cidade de Vigo a través dos seguintes compromisos:*

- *AA Agrupación Deportiva Vigo, como organizadora, encargarase da dinamización da competición.*
- *A A Agrupación Deportiva Vigo, durante os horarios establecidos pola Concellería de Deportes para o desenvolvemento deste programa de promoción do fútbol sala, futbol 7 e Baloncesto, responsabilizarase das tarefas básicas do control e vixiancia das actividades.*

  *Igualmente garantirá a custodia das propiedades e enseres depositados na instalación, para o cal deberá comunicar os correspondentes partes de incidencias sobre calquera desperfecto atopado ou ocasionado polas actividades. De forma xeral tódalas incidencias e necesidades serán transmitidas coa maior celeridade posible ó departamento correspondente da Concellería de Deportes para o seu fluído tratamento e coñecemento.*
- *A Agrupación Deportiva Vigo, como organizador da actividade, deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio. Ademais deberá de cumprir con todos os requisitos de seguridade obrigatorios por normas de aplicación sectoriais da actividade que se desenvolva.*
- *AA Agrupación Deportiva Vigo, para garantir o uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais.*
- *EEn toda a información e publicidade das actividades deportivas vinculadas a este convenio figurarán os logos do Concello de Vigo, da Concellería de Deportes. Así mesmo todos os medios de promoción e difusión deberán empregar o galego.*
- *A A Agrupación Deportiva Vigo colaborará co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:*
  - *Programa Municipal de escolas deportivas.*
  - *Xornadas de formación.*
  - *Campañas de concienciación vinculadas ós habitos de vida saudables.*
  - *Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...*

- TTraballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade.
- PParticipar nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.
- QQue en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades das entidades vinculadas ó proxecto, con independencia dos patrocinios das entidades, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concelleria de deportes-Concello de Vigo:
  - A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
  - Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

- FFomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Cuarta: A Concellería de Deportes comprométese a:

✓ CColaborar coa Entidade que asina o presente convenio para poder programar as diversas actividades deportivas vinculadas con este convenio nos horarios necesarios durante o período de vixencia do presente convenio, en función da dispoñibilidade de instalacións, durante os fins de semana, dende outubro a maio. Sendo o número de fins de semana estimados, descontando períodos vacacionais de 29 e o número de partidos de media cada fin de 16 partidos de baloncesto (20 horas), 45 partidos de futbol sala (45 horas) e 61 partidos de futbol 7 (31 horas), en ningún caso poderá excederse desta cantidade. Este número de horas quedará supeditado as necesidades de programación e as posibilidades que cada fin de semán se poidan ofrecer. O importe do custo do convenio, en función dos partidos a un precio unitario de 29,45 € por partido de 1ª categoría (Ordenanza Fiscal, nº 52 reguladora de prezos públicos 2016), cun máximo de 122 partidos que reservarían un máximo de 96 horas cada fin de semana durante 29 semanas estímase un importe de 104,194.10 €.

✓ O A Concellería de Deportes facilitará o uso das instalacións deportivas según o apartado anterior. A reserva do uso destas instalacións será realizado sen custe para a Agrupación Deportiva Vigo, para o obxecto do convenio, en función o descrito no apartado letra c) do artigo nº 6, do capítulo V) da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais, pertencentes a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Quinta: Por outro lado a sinatura deste convenio, non impide que a Agrupación Deportiva Vigo, solicite o uso doutras instalacións deportivas municipais, neste caso sempre rexerase baixo a normativa xeral de uso de instalacións deportivas municipais.

Sexta: A Concellería de Depotes a través do seu persoal cualificado, resérvase a tal efecto a facultade de controlar o bo uso das instalacións, así como de emitir informes sobre o debido cumprimento das obrigas contraídas.

*Sétima:* *Os asinantes do presente convenio comprométense a confeccionar unha memoria anual en relación o desenvolvemento das actividades incluídas neste convenio, a cal deberá contemplar:*

*Por parte da Agrupación Deportiva Vigo:*

- *Descrición das actividades realizadas.*
- *Nº de participantes.*
- *Nº de entidades.*
- *Valoración da actividade.*
- *Outros puntos que sexan considerados de interese.*

*Por parte da Concellería de Deportes:*

1. *Nº de horas destinadas ó programa de colaboración ca Agrupación Deportiva Vigo.*
2. *Cálculo dos importes derivados da exención, no ámbito da aplicación do descrito na letra c) do artigo nº 6, do capítulo V) da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais..*

*Oitava:* *A Agrupación Deportiva Vigo, non poderá percibir cantidade algunha pola utilización das instalacións obxecto deste convenio, por parte de terceiros, nin poderá autorizar o seu uso unilateralmente sen autorización previa da Concellería de Deportes.*

*Novena:* *Para o seguimento do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará formada por dúas persoas nomeadas por cada unha das partes.*

*Décima:* *No caso de incumplimento das obrigas e os compromisos asumidos neste convenio, por cada unha das partes, poderanse aplicar medidas de suspensión ou anulación da vixencia do convenio.*

*En proba da súa conformidade, as partes intervintes, así o conveñen asinando por duplicado, no lugar e data indicada no presente convenio.*

**11(1223).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CENTRO PÚBLICO ESCOLAR IES DE TEIS POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DE TEIS PARA IMPARTIR A DOCENCIA DAS CLASES DE EDUCACIÓN FÍSICA. EXPTE. 385/611.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7/10/16, e o informe de fiscalización do 21/10/16, dáse conta do informe-proposta do 30/11/16, polo director deportivo , o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES:*

*Con data 17 de Xuño de 2016 asínase o informe proposta para orde de inicio polo director técnico.*

*Con data 21 de Xuño de 2016 asínase a orde de inicio polo Concelleiro Delegado de Deportes.*

*Con data 23 de Setembro de 2016 asínase o informe ca proposta do texto do convenio polo Director Técnico.*

*Con data 23 de Setembro de 2016 asínase o informe proposta do convenio polo Director Técnico.*
*Con data 7 de Outubro de 2016 asínase o informe xurídico favorable.*
*Con data 21 de Outubro de 2016 asínase informe de fiscalización de intervención no que se solicita a modificación e actualización de documentación relacionada nos seguintes puntos:*

a) *Incorporación ao expediente do cálculo do importe da exención do prezo público.*
b) *convenio debe prever as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e os compromisos asumidos por cada unha das partes.*

*Con data 29 de Novembro realízase nova proposta do texto do convenio polo Director Técnico coas modificacións recollidas nos puntos a) e b) do informe de fiscalización.*

*FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:*
*Lei 7/1985 do 2 de abril emítese informe de necesidade do técnico 25 2.l) Promoción do deporte e instalacions deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e Sostenibilidade da adminstración local.*
*Lei 5/2007, de administración Local de Galicia artigo 80.2), actividades e instalacions culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.*
*Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.*
*Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacions deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.*
*Lei 15/2015, do 24 de Decembro.*
*Ordenanza nº52 de tributos e prezos públicos do Concello de Vigo reguladora da utilización das instalacions deportivas municipais.*

*XUSTIFICACIÓN:*
*O Centro escolar público IES de Teis desenvolve a súa labor formativa nas súas instalacións, ubicadas na rúa Avda. De Galicia, 101, próximas ó Pavillón Municipal de Teis. Este centro público educativo non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento das clases de E.F.*

*As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A..F vinculada ó desenvolvemento de programas orientados á poboación escolar pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a mellorar a condición física dos e das escolares vigueses e viguesas da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.*

*Tendo en conta o interés común de ambas as dúas entidades, atendendo á proposta remitida polo Centro escolar público IES de Teis considerando que ademáis este centro conta con recursos propios suficientes, tanto materiais como persoais, e capacidade, para o desenvolvemento do dito programa, e atendendo ó interés do Concello por ofertar actividades relacionadas con obxectivos orientados a colectivos escolares, plantéase a necesidade de articular un convenio de colaboración que permita establecer as condicións necesarias para o desenvolvemeno da dita actividade coordinado polo Centro escolar público IES de Teis, unificando esforzos e criterios, operativizando e optimizando recursos, e ampliando a oferta deportiva no ámbito do deporte escolar.*

*A través do presente informe proposta, a Concellería de Deportes, busca a colaboración ca administración educativa e co Centro escolar público IES de Teis. O obxectivo principal do mesmo, trata de encamiñar as súas actuacións á colaboración cunha entidade que defínese como un axente social e deportivo con garantías de calidade no desenvolvemento dos proxectos deportivos.*

*Por outra banda dende a Concellería de Deportes, traballase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte dos diferentes centros educativos, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora de cara a programar as diversas actividades deportivas da cidade.*

*Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a o Centro escolar público IES de Teis conta cos medios humans necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.*

*Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos das diversas administracións que promocionan a actividade deportiva na cidade, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no marco desta proposta de convenio se atopa incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que a Concellería de Deportes non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.*

*As cláusulas xerais da proposta de convenio desenvolveranse sobre os seguintes apartados:*

- a) *Buscase o uso dunha instalación por un Centro Educativo Público para as actividades deportivas na asignatura de Educación Física dentro do currículo da educación obrigatoria, na instalación do pavillón polideportivo de Teis.*
- b) *A Concellería de Deportes facilitará o uso das instalacións deportivas Municipais dentro dun ámbito horario concreto en función das necesidades e en función da dispoñibilidade de instalacións.*
- c) *O Centro escolar público IES de Teis, responsabilizarase e garantirá mediante persoal propio das tarefas básicas do control e vixianza das actividades vinculadas ó obxecto do convenio.*
- d) *O Centro escolar público IES de Teis, será a responsable da execución da actividade, para o cal deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio.*
- e) *O Centro escolar público IES de Teis, para garantir un uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais do da Concellería de Deportes.*

*HORARIOS E INSTALACIÓN:*

*A actividade se realizará na Instalación do Pavillón de Teis nos horarios seguintes:*

| *Días* | *Horario* |
|---|---|
| *Luns* | *9:30h a 14,30h e de 16,00h a 17,30h* |
| *Martes* | *11:30h a 14,30h e de 16,00h a 17,30h* |
| *Mércores* | *11:30h a 14,30h e de 16,00h a 17,30h* |
| *Xoves* | *10:10h a 12:00h* |
| *Venres* | *10:10h a 13:00h* |

*PRAZO DO CONVENIO:*

*O prazo do convenio, abarcará a duración do curso lectivo 2016-2017. Para a continuidade do obxecto deste convenio será necesaria a tramitación dun novo convenio, previa solicitude da entidade.*

*VALOR ECONÓMICO DO CONVENIO:*

*A IES de Teis, en base ó artigo 6, letra c) da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacions deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma do convenio de colaboración ca entidade, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 639 horas durante a duración do convenio, a 5.45 € a hora, e que ascende ó importe estimado de 3.482,55 €.*

*CAPACIDADE PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN:*

*O Centro escolar público IES de Teis, previa á aprobación da presente proposta de convenio, certificará debidamente que se atopa ó corrente do pagamento coas obrigas tributarias da Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo. Así mesmo, presentará a representación legal para asinar o presente convenio.*

*PROPOSTA:*

*Por todo o exposto, proponse a Xunta de Goberno Local.*

*a) Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e o Centro escolar público IES de Teis para o uso da instalación deportiva dentro da asignatura de Educación Física pertencente o currículo de educación obrigatoria.*

*b) Autorizar a exención do pago do prezo público correspondente á utilización da instalación de Teis, que ascende a 3.482,55 €, para o desenvolvemento das actividades, en base o apartado "c" do artigo 6, do capitulo V "Exencións e Bonificación" das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2016, na súa ordenanza 52"*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*ANEXO:*

*TEXTO DO CONVENIO:*
*CONVENIO DE COLABORACIÓN 385/611 ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DE VIGO E O CENTRO ESCOLAR PÚBLICO DO IES DE TEIS POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE TEIS PARA IMPARTIR A DOCENCIA DAS CLASES DE EDUCACIÓN FÍSICA*

*Dunha parte: D. Jose Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes de Vigo con DNI 36058513X.*

*Doutra parte D. Luis Vilán Crespo con Dni 36065197R, como representante legal do Centro IES de Teis con CIF S-3600037-J, tal como acredita.*

*MANIFESTAN QUE*

*O Concello de Vigo, a través da súa Concellería de deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calquera das súas manifestacións ou vertentes, entre a que se atopa a do ámbito educativo.*

*O Centro escolar público do IES de Teis, desenvolve a súa labor formativa nas súas instalacións, ubicadas na rúa Avda. De Galicia, 101, próximas ó Pavillón Municipal de Teis. Este centro público educativo non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento das clases de E.F.*

*As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a E.F pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a mellorar a condición física da poboación escolar da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes de Educación Física.*

*Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexiráse polas seguintes claúsulas,*

*CLAÚSULAS*

- *Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver as actividades docentes de E.F. do Centro escolar próximas ó Pavillón Municipal de Teis nas instalacións Municipais do Pavillón de Teis.*

- *O Centro escolar próximas ó Pavillón Municipal de Teis, en base ó artigo 6, letra a), da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes a Concellería de Deportes, estará exento de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 639 horas durante a duración do convenio, a 5.45 € a hora, e que ascende ó importe estimado de 3.482,55 €.*

- *O Centro escolar próximo ó Pavillón Municipal de Teis comprométese a desenvolver as clases de E.F. nas condicións establecidas no presente convenio, na instalación deportiva municipal do pavillón de Teis nos horarios e datas establecidos no presente convenio.*

- *O Centro escolar IES de Teis presentará, á sinatura do convenio o listado de cursos que desenvolverán as clases en cada franxa horaria.*

- *O Centro escolar IES de Teis é o responsable do desenvolvemento das clases na instalación Municipal, debendo estar presente na instalación en todo momento o responsable da clase.*

- *O Centro escolar IES de Teis comunicará a Concellería de Deportes con antelación suficiente calquera cancelación ou alteración nos horarios das clases.*

- *A Concellería de Deportes non terá ningunha responsabilidade co calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento da actividade docente.*

- *O centro educativo presentará unha póliza de responsabilidade de cobertura da actividade previa á sinatura do convenio.*

- *Os alumnos que desenvolvan a actividade na instalación será exclusivamente os vinculados ás clases de E.F. do centro, non estando permitido ningún outro uso que non sexa a impartición da docencia.*

- *Os alumnos accederán á instalación precedidos polo docente responsable da clase, non estando permitido o acceso dos alumnos en caso contrario. Da mesma forma,o docente será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún alumno ou alumna queda na instalación.*

- *A Concellería de Deportes, aportará o espazo para o desenvolvemento das clases.*

- *A Concellería de Deportes resérvase a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestións de programación ou mantemento. Neste caso se avisará por á entidade, debendo ésta cancelar a docencia na instalación Municipal.*

- *A vixencia deste convenio é para as citadas actividades nos seguintes horarios para o curso académico 2016-2017, a posibles modificacions solicitadas polo centro, en todo caso, estarán supeditadas a criterios de organización e disponibilidade de instalacións:*

| *Días* | *Horario* |
|---|---|
| *Luns* | *9:30h a 14,30h e de 16,00h a 17,30h* |
| *Martes* | *11:30h a 14,30h e de 16,00h a 17,30h* |
| *Mércores* | *11:30h a 14,30h e de 16,00h a 17,30h* |
| *Xoves* | *10:10h a 12:00h* |
| *Venres* | *10:10h a 13:00h* |

*–O Convenio deberá renovarse curso a curso, previa solicitude do Centro escolar IES de Teis, nas datas establecidas na normativa da Concellería de Deportes.*

–*No caso de incumplimento das obrigas e os compromisos asumidos neste convenio, por cada unha das partes, poderase aplicar medidas de suspensión ou anulación da vixencia do convenio.*

*Como proba da conformidade  asinan en Vigo o presente convenio por duplicado, o día ___ de _________ de 2016*

**12(1224).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN GALEGA DE TAEKWONDO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE TECNIFICACIÓN DO TAEKWONDO. EXPTE. 373/611.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7/10/16, e o informe de fiscalización do 18/10/16, dáse conta do informe-proposta do 30/11/16, polo director deportivo , o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES:*
*Con data 17 de Xuño de 2016 asínase o informe proposta para orde de inicio polo director técnico.*
*Con data 21 de Xuño de 2016 asínase a orde de inicio polo Concelleiro Delegado de Deportes.*
*Con data 23 de Setembro de 2016 asínase informe ca proposta do texto de Convenio polo Director Técnico.*
*Con data 23 de Setembro de 2016 asínase informe proposta de convenio polo Director Técnico.*
*Con data 7 de Outubro de 2016 asínase infórme xurídico favorable.*

*Con data 18 de Outubro de 2016 asínase informe de fiscalización de intervención no que se solicita a modificación e actualización de documentación relacionada nos seguintes puntos:*

1. *Prevendo o convenio a cesión do uso das instalacións deportivas fóra dos horarios de atención e programación directa por parte do Concello, debe determinarse no Convenio se a Federación vai percibir algunha cantidade pola utilización das instalacións obxecto do convenio por parte de terceiros.*
2. *Convenio debe prever as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e os compromisos asumidos por cada unha das partes.*
3. *A entidade debe presentar a certificación negativa no rexistro central de delincuentes sexuais de todos os seus monitores, tal e como esixe o Real Decreto 1110/2015 de 11 de decembro.*
4. *Debe achegarse ao expediente copia do CIF da entidade e do DNI do Presidente/Director da entidade.*
5. *Na claúsula terceira do Convenio debe correxirse a referenza ao pavillón de Lavadores polo de Coia.*
6. *Debe incorporarse ao expediente certificado acreditativo de que a Federación está ao corrente coas obrigas tributarias coa Xunta.*

*Con data 8 de Novembro realízase  nova proposta do texto do convenio polo Director Técnico coas  modificacións  recollidas nos puntos a ), b) e e) do informe de fiscalización. Asi mesmo incorporase ó expediente a documentación solicidada nos puntos c), d) e f).*

*FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:*

*Lei 7/1985 do 2 de abril emítese informe de necesidade do técnico 25 2.I) Promoción do deporte e instalacions deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e Sostenibilidade da adminstración local.*
*Lei 5/2007, de administración Local de Galicia artigo 80.2), actividades e instalacions culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.*
*Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.*
*Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacions deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.*
*Lei 15/2015, do 24 de Decembro.*
*Ordenanza nº52 de tributos e prezos públicos do Concello de Vigo reguladora da utilización-das instalacions deportivas municipais.*

*XUSTIFICACIÓN:*

*A Federación Galega de Taekwondo (FGT), é unha entidade de utilidade pública, cos beneficios que o ordenamento xurídico outorga para este tipo de entidades. Ademáis, a FGT ten personalidade xurídica, plena capacidade de obrar, e un patrimonio propio e independente daquel dos seus asociados, e réxese polo disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia; polas demais disposicións legais que lle sexan aplicables, e polo establecido nos presentes Estatutos e nos seus Regulamentos.*

*Entre as funcións establecidas nos seus estatutos, a FGT ten a de desenvolver programas de especialización do deporte do taekwondo e a de colaborar coa Administración deportiva de Galicia, os entes locais e as agrupacións deportivas escolares na organización e no desenvolvemento dos programas xerais do deporte.*

*Tendo en conta o interés común reflexado nos estatutos de ambas as dúas entidades polo desenvolvemento de proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte, neste caso o taekwondo, atendendo á proposta remitida pola Federación Galega de Taekwondo, na que plantexa o desenvolvemento dun novo programa de tecnificación e formación, considerando que ademáis a FGT conta con recursos propios suficientes, tanto materiais como persoais, e capacidade, para o desenvolvemento do dito programa, e atendendo ó interés do Concello por ofertar actividades relacionadas con obxectivos orientados á tecnificación, plantéase a necesidade de articular un convenio de colaboración que permita establecer as condicións necesarias para o desenvolvemeno dun programa, coordinado pola Federación Galega de Taekwondo e tutelado polo Instituto Municipal dos Deportes, unificando esforzos e criterios, operativizando e optimizando recursos, e ampliando a oferta deportiva no ámbito deportivo na cidade.*

*As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A..F vinculada ó desenvolvemento de programas orientados a colectivos con determinadas necesidades especiais, pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a incrementar os niveis de autonomía destas persoas, a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.*

*A través do presente informe proposta, a Concellería de Deportes, busca a colaboración cos administrados afectados directamente, como son os que engloba a propia Federación Galega de Taekwondo. O obxectivo principal do mesmo, trata de encamiñar as súas*

*actuacións á colaboración cunha entidade que defínese como un axente social e deportivo con garantías de calidade no desenvolvemento dos proxectos deportivos.*

*Por outra banda dende a Concellería de Deportes, trabállase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte das diferentes entidades deportivas, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora dentro das necesidades da Concellería de Deportes de cara a programar as diversas actividades de adestramentos e competicións da cidade.*

*Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a Federación Galega de Taekwondo conta cos medios humans necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.*

*Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos das diversas administracións e entidades que promocionan a actividade deportiva na cidade, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no no marco desta proposta de convenio se atopa incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que o IMD non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar a actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.*

*As cláusulas xerais do convenio deben desenvolverse sobre os seguintes apartados:*

*1.- Buscase a dinamización dun programa deportivo de tecnificación a través do desenvolvemento dunha actuación de promoción da práctica do taekwondo.*

*2.- Para o desenvolvemento deste programa de tecnificación, a Concellería de Deportes facilitará o uso da instalación deportiva do Pavillón de Coia, dentro dun ámbito horario concreto e atendendo ás posibles modificacións do mesmo.*

*3.- A Federación Galega de Taekwondo, responsabilizarase e garantirá mediante persoal propio o desenvolvemento do programa e as tarefas básicas do control e vixianza das actividades.*

*4.- A Federación Galega de Taekwondo, a través da súa propia estrutura, se responsabilizará da correcta atención dos participantes no programa, o mesmo tempo que coordinará a utilización da instalación polos mesmos.*

*5.- A Federación Galega de Taekwondo, será a responsable da execución do programa deportivos, para o cal deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio.*

*4.- A Federación Galega de Taekwondo, para garantir un uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais.*

*5.- En toda a información e publicidade vinculada co desenvolvemento do programa vinculado a este convenio figurará os logos do Concello de Vigo, a Concellería de*

*Deportes. Así mesmo en todos o medios de promoción e difusión deberán empregar o "galego".*

*HORARIOS E INSTALACIÓN:*

*A actividade se realizará na Instalación de Coia nos horarios seguintes:*

| *Días* | *Horario* |
|---|---|
| *Sábados* | *10,00h a 14,00h* |

*PRAZO DO CONVENIO:*
*O prazo do convenio, abarcará a duración dunha tempada deportiva, dende a data da sinatura do presente convenio ata o 31 de Setembro do ano 2017. Para a continuidade do obxecto deste convenio será necesaria a tramitación dun novo convenio, previa solicitude da entidade. Durante os meses que a instalación permaneza pechada a Entidade deberá anular o seu uso.*

*VALOR ECONÓMICO DO CONVENIO:*
*A Federación Galega de Taekwondo, en base ó artigo 6, letra c) da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacions deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma do convenio de colaboración ca entidade, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, durante un estimado de 42 fins de semanas, os sábados durante 4 horas, e que ascende ó importe de 772,80 €.*

*CAPACIDADE PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN:*
*A Federación Galega de Taekwondo, previa á aprobación da presente proposta de convenio, certificará debidamente que se atopa ó corrente do pagamento coas obrigas tributarias da Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo. Así mesmo, presentará a representación legal para asinar o presente convenio.*

*PROPOSTA:*

*Por todo o exposto, proponse a Xunta de Goberno Local.*

*a) Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e a Federación Galega de Taekwondo para a dinamización dun programa de tecnificación, nas instalacións Municipais de Coia na Tempada 2016/2017.*

*b) Autorizar a exención do pago do prezo público correspondente á utilización da instalación deportiva municipal da pista de Coia, que ascende a 772,80 € para o desenvolvemento das actividades, en base o apartado "c" do artigo 6, do capitulo V "Exencións e Bonificación" das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2016, na súa ordenanza 52"*

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*Anexo*

*TEXTO DO CONVENIO:*

*CONVENIO Nº 373/611 A SUSCRIBIR ENTRE O CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO E A "FEDERACIÓN GALEGA DE TAEKWONDO" PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE TECNIFICACIÓN DO TAEKWONDO*

*No Concello de Vigo, o día ___ de ________ de 2016*

*COMPARECEN*

*DUNHA PARTE: D. Jose Manuel Fernández Pérez, Concelleiro Delegado de Deportes do Concello de Vigo, que actúa en nome e representación do mesmo, en orde ás atribucións que lle son conferidas con DNI 36058513X.*

*DOUTRA PARTE: Doutra parte D. Juan Carlos López Eiriz, DNI 34921040W, Secretario da Federación Galega de taekwondo con Cif G-15237233 tal como acredita documentalmente, e con domicilio social no Complexo Deportivo de Elviña-Pza. Agustín Díaz, 3, en A Coruña.*

*Ámbalas dúas partes recoñecen a súa capacidade e competencia para formalizar o presente convenio entre as entidades ás que representan e*

*MANIFESTAN QUE*

*O Concello de Vigo, a través da Concellería de deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calquera das súas manifestacións ou vertentes, entre as que se atopan as do ámbito educativo e formativo, e o desenvolvemento de programas vinculados a colectivos cunhas necesidades especiais.*

*A Federación Galega de Taekwondo (FGT), é unha entidade de utilidade pública, cos beneficios que o ordenamento xurídico outorga para este tipo de entidades. Ademáis, a FGT ten personalidade xurídica, plena capacidade de obrar, e un patrimonio propio e independente daquel dos seus asociados, e réxese polo disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia; polas demais disposicións legais que lle sexan aplicables, e polo establecido nos presentes Estatutos e nos seus Regulamentos.*

*Entre as funcións establecidas nos seus estatutos, a FGT ten a de desenvolver programas de especialización do deporte do taekwondo e a de colaborar coa Administración deportiva de Galicia, os entes locais e as agrupacións deportivas escolares na organización e no desenvolvemento dos programas xerais do deporte.*

*Tendo en conta o interés común reflexado nos estatutos de ambas as dúas entidades polo desenvolvemento de proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte, neste caso o taekwondo, atendendo á proposta remitida pola Federación Galega de Taekwondo, na que plantexa o desenvolvemento dun novo programa de tecnificación e formación, considerando que ademáis a FGT conta con recursos propios suficientes, tanto materiais como persoais, e capacidade, para o desenvolvemento do dito programa, e atendendo ó interés do Concello*

*por ofertar actividades relacionadas con obxectivos orientados á tecnificación, plantéase a necesidade de articular un convenio de colaboración que permita establecer as condicións necesarias para o desenvolvemeno dun programa, coordinado pola Federación Galega de Taekwondo e tutelado polo Instituto Municipal dos Deportes, unificando esforzos e criterios, operativizando e optimizando recursos, e ampliando a oferta deportiva no ámbito deportivo na cidade.*

*A Federación Galega de Taekwondo ten entre os seus fins, a creación e promoción deportiva, e establecer actividades de colaboración con outras entidades e institucións.*

*As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A.F. vinculada ó desenvolvemento de programas orientados a colectivos con determinadas necesidades especiais pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a incrementar os niveis de autonomía destas persoas, a mellorar a condición física destes colectivos da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.*

*Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexiráse polas seguintes claúsulas,*

*CLAÚSULAS*

- *–Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver o programa de actividades da Federación Galega de Taekwondo nas instalacións Municipais do Pavillón de Coia.*

- *–Federación Galega de Taekwondo, en base ó artigo 6, letra c), da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais, estará exento de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, durante un estimado de 42 fins de semanas, os sábados durante 4 horas, cun importe de 4.60 € a hora, e que ascende ó importe de 772,80 €*

- *–A Federación Galega de Taekwondo, comprométese a desenvolver o programa de A.F. nas condicións establecidas no presente convenio, na instalación deportiva municipal do pavillón de Coia nos horarios e datas establecidos no texto do convenio.*

- *–A Federación Galega de Taekwondo presentará o programa completo das actividades que se realizan.*

- *–A Federación Galega de Taekwondo é o responsable do desenvolvemento das actividades na instalación Municipal, debendo estar presente na instalación en todo momento o responsable das mesmas.*

- *–A Federación Galega de Taekwondo comunicará a Concellería de Deportes con antelación suficiente a solicitude da instalación para a súa reserva, así como calquera cancelación ou alteración nos horarios das actividades.*

- *–A Concellería de Deportes non terá ningunha responsabilidade con calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento do programa de actividade.*

*–A Federación Galega de Taekwondo presentará, previa á sinatura do convenio, unha póliza de responsabilidade que garantice as coberturas suficientes ós participantes na actividade, e os posibles danos que ésta poidera causar no patrimonio Municipal.*

*–As persoas que participen na actividade na instalación, será exclusivamente as vinculadas ó programa de A.F. do centro, non estando permitido ningún outro uso que non sexa o desenvolvemento do programa de A.F obxecto do presente convenio.*

*–Os e as participantes no programa accederán á instalación precedidos polo responsable do mesmo, non estando permitido o acceso dos participantes en caso contrario. Da mesma forma, o responsable será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún participante do programa queda na instalación.*

*–A Concellería de Deportes, aportará o espazo para o desenvolvemento das clases.*

*–A Federación Galega de Taekwondo remitirá a Concellería de Deportes os datos dos responsables da actividade, así como o listado de participantes nela.*

*–A Concellería de Deportes resérvase a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestións de programación. Neste caso se avisará a asociación, debendo ésta, cancelar a actividade na instalación Municipal.*

*–A vixencia deste convenio é para as citadas actividades nos seguintes horarios dende a sinatura do convenio ata o 30 de Setembro de 2017, esceptuando o uso do pavillón nos meses nos que esté pechada a instalación.*

| *Días* | *Horario* |
|---|---|
| *Sábados* | *10,00h a 14,00h* |

*–O Convenio deberá renovarse curso a curso, previa solicitude da A Federación Galega de Taekwondo nas datas establecidas e presentando a documentación solicitada.*

*–No caso de incumplimento das obrigas e os compromisos asumidos neste convenio, por cada unha das partes, poderanse aplicar medidaa de suspensión ou anulación da vixencia do convenio.*

*En proba da súa conformidade, as partes intervintes, así o conveñen asinando por duplicado , no lugar e data indicada no presente convenio.*

**13(1225).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN DO TENIS 2016-2017. EXPTE. 372/611.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4/10/16, e o informe de fiscalización do 17/10/16, dáse conta do informe-proposta do 30/11/16, polo director deportivo , o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES:*

*Con data 17 de Xuño de 2016 firmase o informe proposta para orde de inicio polo director técnico.*
*Con data 21 de Xuño de 2016 fírmase a orde de inicio polo Concelleiro Delegado de Deportes.*
*Con data 23 de Setembro de 2016 asínase o informe ca proposta do texto do convenio polo Director Técnico.*
*Con data 23 de Setembro de 2016 asínase o informe proposta do convenio polo Director Técnico.*
*Con data 4 de Outubro de 2016 asínase o informe xurídico favorable.*
*Con data 17 de Outubro de 2016 asínase informe de fiscalización de intervención no que se solicita a modificación e actualización de documentación relacionada nos seguintes puntos:*

- *Debe incorporarse póliza de responsabilidade civil e copia do recibo de seguro l correspondente ao período vixente, dado que segundo a documentación que consta incorporada ao expediente o seguro venceu o pasado 08-10-2016.*
- *A entidade debe presentar a certificación negativa no rexistro central de delincuentes sexuais de todos os seus monitores, tal e como esixe o Real Decreto 1110/2015 de 11 de decembro.*
- *Convenio debe prever as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e os compromisos asumidos por cada unha das partes.*

*Con data 29 de Novembro realízase nova proposta do texto do convenio polo Director Técnico coas modificacións recollidas no punto c) do informe de fiscalización. Asi mesmo incorporase ó expediente a documentación solicidada nos puntos a), e b).*

*FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:*
*Lei 7/1985 do 2 de abril emítese informe de necesidade do técnico 25 2.I) Promoción do deporte e instalacions deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e Sostenibilidade da adminstración local.*
*Lei 5/2007, de administración Local de Galicia artigo 80.2), actividades e instalacions culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.*
*Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.*
*Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacions deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.*
*Lei 15/2015, do 24 de Decembro.*
*Ordenanza nº52 de tributos e prezos públicos do Concello de Vigo reguladora da utilización das instalacions deportivas municipais.*

*XUSTIFICACIÓN:*
*A Federación Galega de Tenis (FGT), é unha entidade de utilidade pública, cos beneficios que o ordenamento xurídico outorga para este tipo de entidades. Ademáis, a FGT ten personalidade xurídica, plena capacidade de obrar, e un patrimonio propio e independente daquel dos seus asociados, e réxese polo disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia; polas demais disposicións legais que lle sexan aplicables, e polo establecido nos presentes Estatutos e nos seus Regulamentos.*

*Entre as funcións establecidas nos seus estatutos, a FGT ten a de desenvolver programas de especialización do deporte do tenis e a de colaborar coa Administración deportiva de Galicia, os entes locais e as agrupacións deportivas escolares na organización e no desenvolvemento dos programas xerais do deporte do tenis na idade escolar.*

*Por outro lado, a Concellería de Deportes, define como accións prioritarias todas aquelas que busquen a promoción da practica deportiva na cidade, polo cal considerase adecuado propoñer a colaboración entre estas dúas entidades co fin de poder mellorar a oferta deportiva xeral da Cidade.*

*A través do presente informe proposta, a Concellería de Deportes, busca a colaboración cos administrados afectados directamente, como son os que engloba a propia Federación Galega de Tenis. O obxectivo principal do mesmo, trata de encamiñar as súas actuacións á colaboración cunha entidade que defínese como un axente social e deportivo con garantías de calidade no desenvolvemento dos proxectos deportivos.*

*Por outra banda dende a Concellería de Deportes, traballase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte das diferentes entidades deportivas, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora dentro das necesidades da Concellería de Deportes de cara a programar as diversas actividades de adestramentos e competicións da cidade.*

*Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a Federación Galega de Tenis conta cos medios humans necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.*

*Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos das diversas administracións e entidades que promocionan a actividade deportiva na cidade, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no marco desta proposta de convenio se atopa incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que a Concellería de Deportes non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.*

*As cláusulas xerais da proposta de convenio desenvolveranse sobre os seguintes apartados:*

*1.- Buscase a dinamización dun programa deportivo vinculado co desenvolvemento da actividade de Tenis no Complexo deportivo de Samil na cidade de Vigo.*
*2.- Para o desenvolvemento deste programa de promoción de practica deportiva, a Concellería de Deportes facilitará o uso das instalacións deportivas Municipais dentro dun ámbito horario concreto en función das necesidades concretas semanais derivadas da*

*competición federada escolar de ámbito local e en función da dispoñibilidade de instalacións.*
*3.-A entidade organizadora da Federación Galega de Tenis, responsabilizarase e garantirá mediante persoal propio das tarefas básicas do control e vixianza das actividades vinculadas ó obxecto do convenio.*
*4.- A entidade organizadora, será a responsable da execución do programa deportivo, para o cal deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio.*
*5.-A Federación Galega de Tenis, para garantir un uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais do da Concellería de Deportes.*
*6.- En toda a información e publicidade dos eventos e programas deportivas específicos e vinculados a este convenio figurarán os logos do Concello de Vigo, e a Concellería de Deportes. Así mesmo en todos o medios de promoción deberán empregar o "galego".*

*HORARIOS E INSTALACIÓN:*
*A actividade se realizará na Instalación de Samil nas pistas 1-2 e 3 nos horarios seguintes:*

| *Días* | *Horario* |
|---|---|
| *Luns a Domingo* | *9,00h a 22,00h* |

*PRAZO DO CONVENIO:*
*O prazo do convenio, abarcará a duración dunha tempada deportiva, dende a data da sinatura do presente convenio ata o 31 de Setembro do ano 2017. Para a continuidade do obxecto deste convenio será necesaria a tramitación dun novo convenio, previa solicitude da entidade.*

*VALOR ECONÓMICO DO CONVENIO:*
*A Federación Galega de Tenis, en base ó artigo 6, letra c) da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacions deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma do convenio de colaboración ca entidade, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, utilizando 2 pistas para reservas de 2º categoria (5.45 €) e 1 pista para reservas de 1º categoria (7.95 €), durante 365 dias, 13 horas en cada unha das pistas, e que ascende a un importe estimado máximo de 89.443,25 €.*

*CAPACIDADE PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN:*
*A Federación Galega de Tenis, previa á aprobación da presente proposta de convenio, certificará debidamente que se atopa ó corrente do pagamento coas obrigas tributarias da Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo. Así mesmo, presentará a representación legal para asinar o presente convenio.*

*PROPOSTA:*

*Por todo o exposto, proponse a Xunta de Goberno Local.*

*a) Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e a Federación Galega de Tenis para a dinamización do programa de Tenis, nas instalacións Municipais de Samil na Tempada 2016/2017.*

*b) Autorizar a exención do pago do prezo público correspondente á utilización da instalación deportiva municipal de 3 pistas en Samil, que ascende a 89.443,25 €, para o desenvolvemento das actividades, en base o apartado "c" do artigo 6, do capitulo V "Exencións e Bonificación" das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2016, na súa ordenanza 52"*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*ANEXO:*

*TEXTO DO CONVENIO:*

*CONVENIO DE COLABORACIÓN Nº 372/611 ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN DO TENIS "PROGRAMA MUNICIPAL PRACTICA TENIS" NO COMPLEXO DEPORTIVO DE SAMIL NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017*

*Na Concellería de Deportes, a ___ de ______ de 2016.*

*REUNIDOS:*

*Duna parte: D. Jose Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes de Vigo con DNI 36058513X.*

*Doutra parte: D. Jose Antonio Pereiro Rodríguez, con DNI: 33323238-X, como Presidente da Federación Galega de tenis con CIF:G-15102767*

*Ambas partes recoñecen a súa competencia e capacidade, respectiva para formalizar o presente convenio de colaboración en materia deportiva.*

*MANIFESTAN QUE:*

*Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, xestiona a infraestrutura deportiva da cidade e que de forma xeral desenvolve programas de promoción deportiva en tódolos ámbitos.*

*Que ambas entidades están interesadas en colaborar conxuntamente na coordinación de esforzos de cara a reunir os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento de programas de colaboración en materia de promoción e dinamización da práctica deportiva de Tenis.*

*Que de forma xenérica o obxecto principal do presente convenio engloba unha serie de actuacións en relación á dinamización e potenciación dun proxecto deportivo de tenis nas Instalacions Deportivas de Samil.*

*Por outra banda, a Federación Galega de Tenis é unha entidade privada con personalidade xurídica propia, plena capacidade de obrar, e teñen a consideración de entidades de utilidade pública nos termos establecidos na lexislación vixente, cuxo ámbito de actuación extén-*

*dese ao termo da Comunidade Autónoma de Galicia no desenvolvemento das competencias que lle son propias.*

*Entre as funcións establecidas nos seus estatutos, a FGT ten a de desenvolver programas de especialización do deporte do tenis e a de colaborar coa Administración deportiva de Galicia, os entes locais e as agrupacións deportivas escolares na organización e no desenvolvemento dos programas xerais do deporte do tenis na idade escolar.*

*Tal como establece a Lei 3/2012, de 2 de abril, del Deporte de Galicia, corresponderá ás Federacións Deportivas Galegas, con competencia exclusiva na súa modalidade deportiva, entre outras, colaborar coas administracións públicas e coa Federación Española correspondente, así como coas restantes entidades deportivas na promoción das súas respectivas modalidades.*

*As actuacións de colaboración das administracións Locais con entidades promotoras do deporte e a A..F, vinculadas ó desenvolvemento de programas de promoción ou a dinamización e tecnificación relacionados co ámbito federativo do deporte, pode contribuir a mellorar o nivel deportivo dos e das deportistas da cidade, a consolidar a Vigo como unha das poboacións que lideran a promoción do deporte na comunidade Galega e a evitar que os e as deportistas Vigueses teñan que desprazarse a outras poboacións para desenvolver estes programas.*

*Tendo en conta o interés común reflexado nos estatutos de ambas entidades polo desenvolvemento de proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte, neste caso o tenis, atendendo á proposta remitida pola Federación Galega de Tenis, na que plantexa o desenvolvemento dun programa de dinamización do tenis nas pistas ubicadas no Complexo Municipal de Samil, e que ademáis a FGT conta con recursos propios suficientes, tanto materiais como persoais, e capacidade, para o desenvolvemento do dito programa, e considerando o interés do Concello de Vigo por ofertar actividades relacionadas con obxectivos orientados a saúde e ó ocio, plantéase a necesidade de articular un convenio de colaboración que permita establecer as condicións para o desenvolvemeno dun programa conxunto de dinamización do Tenis coordinado pola Federación Galega de Tenis e tutelado pola Concellería de Deportes, unificando esforzos e criterios, operativizando e optimizando recursos e ampliando a oferta deportiva no ámbito do deporte-saúde e do deporte-ocio.*

*Polo todo o que vai dito, procede asinar un convenio de colaboración que articule o desenvolvemento do programa, e que rexirase polas seguintes claúsulas,*

*CLAUSULAS:*

*A Federación Galega de Tenis como organizadora comprométese a:*

a) *Desenvolver un programa de dinamización do tenis no complexo municipal de Samil "Programa Municipal Practica Tenis", orientado á formación e a práctica saudáble desta modalidade. A proposta da FGT deberá abarcar os apartados de promoción, formación e tecnificación da modalidade de tenis, para o que se adxuntará a este convenio o desenvolvemento do proxecto, onde se recollerán os importes que a FGT repercutirá nos usuarios das actividades propostas co obxectivo de conseguir o equilibrio orzamentario. Dita proposta deberá ser presentada a Concellería de Deportes anualmente no mes de xuño.*

b) *Elaborar un programa xeral de difusión do tenis da cidade cun formato e imaxe autorizado pola Concellería de Deportes e incluír a actividade nos medios de difusión que a Federación utilice (Web...).*

c) *Atender as suxerencias e propostas transmitidas polos técnicos da Concellería de Deportes*

d) *Utilizar as pistas de tenis 1, 2 e 3 do complexo municipal de Samil única e exclusivamente para o desenvolvemento das actividades propostas no programa de actividades de acordo cos horarios, fins e obxectivos mencionados na memoria do convenio.*

e) *Entregar mensualmente a planificación de usos das instalacións.*

f) *No caso de ser necesaria a utilización doutros espacios para o desenvolvemento das actividades deportivas, a FGT solicitará na oficina de programación da Concellería de Deportes o uso destos outros espacios.*

g) *Suscribir anualmente unha póliza de responsabilidade civil sobre as actividades coas coberturas e alcance necesarias, asumindo tódalas responsabilidades vinculadas á organización do programa, para o cal cumprirá tódolos requisitos de seguridade obrigatorios para a actividade.*

h) *Cumprir coa lexislación vixente en materia laboral no referente ó persoal destinado ó desenvolvemento das actividades vinculadas ó programa de actividades, asumindo a responsabilidade en cualquier cuestión vinculada ó persoal docente, sen que este teña relación laboral algunha ca Concellería de Deportes.*

i) *Realizar e entregar na Concellería de Deportes, unha memoria sobre as actividades desenvolvidas, que deberá incluir; descripción da actividade, materiais utilizados, nº de participantes, valoración das actividades, así como outros apartados que se consideren de interés. A FGT entregará na Concellería de Deportes a memoria final da actividade na que reflexará tanto os datos deportivos como o resultado económico do desenvolvemento do programa.*

j) *Notificar ó persoal da Concellería de Deportes calquera incidencia ou necesidade derivada do uso das instalacións coa maior axilidade posible.*

k) *Informar a Concellería de Deporetes do persoal que a FGT destine ó desenvolvemento do programa, identificando ó responsable e coordinador das actividades. A FGT comunicará por escrito calquera modificación da identidade deste persoal.*

l) *Notificar calquera cambio no persoal docente ou na estructuración das actividades, horarios...*

m) *Colaborar ca Concellería de Deportes no desenvolvemento das actividades deportivas que se promovan.*

*A Concellería de Deportes de Vigo como entidade colaboradora comprométese a:*

a) *Proceder á reserva sen cargo das pistas de tenis 1, 2 e 3 ubicadas no Complexo Municipal de Samil, durante a vixencia do convenio, entre as 09:00h e as 22:00h de luns*

*a domingo, e sempre que o Complexo permaneza aberto ó público para o desenvolvemento do programa municipal de dinamización do Tenis "Practica Tenis", que incluirá un proxecto para a promoción e dinamización do tenis na instalación de Samil en base ó artigo 6, letra c), da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais, utilizando 2 pistas para reservas de 2º categoria (5.45 €) e 1 pista para reservas de 1º categoria (7.95 €), durante 365 dias, 13 horas en cada unha das pistas, e que ascende a un importe estimado máximo de 89.443,25 €.*

*b) Asumir os gastos de mantemento e conservación das pistas utilizadas para o desenvolvemento do programa de actividades, dentro do contexto xeral do complexo deportivo de samil, agás dos que se deriven de accións u omisións neglixentes por parte da FGT que ocasionen danos nas instalacións.*

*c) Controlar o bo uso das instalacións a través do seu personal técnico, reservándose a capacidade de notificar e facer cumprir aquelas cuestións que considere oportunas relacionadas con este tema.*

*d) A vixencia deste convenio será dende a sinatura do presente convenio ata o 30 de setembro de 2017.*

*e) Para o seguimento do presente convenio formalizarase unha comisión de dous membros por cada unha das partes, para resolver tódalas incidencias non contempladas no presente documento.*

*f) A sinatura do presente convenio non exclúe a posibilidade de establecer outros acordos para o desenvolvemento de actividades diferentes ás que recolle o presente convenio.*

*g) No caso de incumprimento das obrigas e os compromisos asumidos neste convenio, por cada unha das partes, poderanse aplicar medidas de suspensión ou anulación da vixencia do convenio.*

*Como proba de conformidade, as partes intervintes asinan este convenio por duplicado.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(1226).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL MENELA PARA A DINAMIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADE FÍSICA DESTE COLECTIVO NA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO PAVILLÓN DE COIA. EXPTE. 375/611.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7/10/16, e o informe de fiscalización do 23/10/16, dáse conta do informe-proposta do 30/11/16, polo director deportivo , o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES:*

*Con data 17 de Xuño de 2016 asínase o informe proposta para orde de inicio polo director técnico.*
*Con data 21 de Xuño de 2016 asínase a orde de inicio polo Concelleiro Delegado de Deportes.*
*Con data 23 de Setembro de 2016 o Director Técnico realiza informe ca proposta do texto do convenio.*
*Con data 23 de Setembro de 2016 o Director Técnico realiza informe proposta para convenio de colaboración.*
*Con data 7 de Outubro de 2016 asínase o informe xurídico favorable.*
*Con data 26 de Outubro solicítanse modificacións nos informes e actualización da documentación polo servizo de intervención para a súa fiscalización.*
*Con data 8 de Novembro realízase a nova proposta do texto do convenio polo Director Técnico.*

*FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:*

*Lei 7/1985 do 2 de abril emítese informe de necesidade do técnico 25 2.l) Promoción do deporte e instalacions deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e Sostenibilidade da adminstración local.*
*Lei 5/2007, de administración Local de Galicia artigo 80.2), actividades e instalacions culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.*
*Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.*
*Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacions deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.*
*Lei 15/2015, do 24 de Decembro.*
*Ordenanza nº52 de tributos e prezos públicos do Concello de Vigo reguladora da utilización das instalacions deportivas municipais.*

*XUSTIFICACIÓN:*
*A entidade CEE Menela é unha entidade declarada de interese Galego, de carácter benéfico-social, cos beneficios que o ordenamiento xurídico outorga para este tipo de entidades. Ademais, o CEE Menela ten personalidade xurídica, plena capacidade de obrar,*

*O Centro de educación Especial Menela ten entre os seus fins, fomentar e prestar todo tipo de axudas ao estudio, promoción, investigación e asistencia, nos aspectos sociais, eocnómicos, legais, culturais, sanitarios, de rehabilitación...e calquera outro de semellante natureza, ás peroas que sufran enfermidade ou marxinación social, máis especialmente ós enfermos ou deficientes mentais, persoas con discapacidade , psíquicos ou físicos..., procurando deste xeito mellorar a súa calidade de vida, desenrolo humano, mellora do seu entorno familiar e social, e fomentar accións cara á a atención destas persoas por calquera institución ou organismo público ou privado.*

*O Centro de educación Especial Menela, desenvolve a súa labor educativo-formativa nas súas instalacións, ubicadas na rúa Camiño da Veguila, 15, en Vigo. Este centro non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento dos programas vinculados á Actividade Física necesaria para o colectivo.*

*As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A..F vinculada ó desenvolvemento de programas orientados a colectivos con determinadas necesidades especiais, pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a incrementar os niveis de autonomía destas persoas, a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.*

*Tendo en conta o interés común de ambas as dúas entidades, atendendo á proposta remitida pola entidade CEE Menela, considerando que ademáis a mesma conta con recursos propios suficientes, tanto materiais como persoais, e capacidade, para o desenvolvemento do dito programa, e atendendo ó interés do Concello por ofertar actividades relacionadas con obxectivos orientados a colectivos con necesidades especiais, plantéxase a necesidade de articular un convenio de colaboración que permita establecer as condicións necesarias para o desenvolvemento de dita actividade coordinado polo CEE Menela, unificando esforzos e criterios, operativizando e optimizando recursos, e ampliando a oferta deportiva no ámbito do deporte escolar.*
*A través do presente informe proposta, a Concellería de Deportes, busca a colaboración cos administrados afectados directamente, como son os que engloba o propio Centro de Educación Especial Menela. O obxectivo principal do mesmo, trata de encamiñar as súas actuacións á colaboración cunha entidade que defínese como un axente social e deportivo con garantías de calidade no desenvolvemento dos proxectos deportivos.*

*Por outra banda dende a Concellería de Deportes, traballase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte das diferentes entidades deportivas, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora dentro das necesidades da Concellería de Deportes de cara a programar as diversas actividades de adestramentos e competicións da cidade.*

*Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a Centro de Educación Especial Menela conta cos medios humans necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.*

*Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos das diversas administracións e entidades que promocionan a actividade deportiva na cidade, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no marco desta proposta de convenio se atopa incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que a Concellería de Deportes non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.*

*As cláusulas xerais da proposta de convenio desenvolveranse sobre os seguintes apartados:*

- ✓ *Búscase a dinamización dun programa deportivo vinculado co desenvolvemento da actividades na Instalación de Coia.*
- ✓ *Para o desenvolvemento deste programa de promoción de practica deportiva, a Concellería de Deportes facilitará o uso das instalacións deportivas Municipais dentro dun ámbito horario concreto en función das necesidades e en función da dispoñibilidade de instalacións.*
- ✓ *A Centro de Educación Especial Menela, responsabilizarase e garantirá mediante persoal propio das tarefas básicas do control e vixianza das actividades vinculadas ó obxecto do convenio.*
- ✓ *A entidade organizadora, será a responsable da execución do programa deportivo, para o cal deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio.*
- ✓ *A Centro de Educación Especial Menela para garantir un uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais do  da Concellería de Deportes.*
- ✓ *En toda a información e publicidade dos eventos e programas deportivas específicos e vinculados a este convenio figurarán os logos do Concello de Vigo, e a Concellería de Deportes. Así mesmo en todos o medios de promoción deberán empregar o "galego".*

*HORARIOS E INSTALACIÓN:*

*A actividade se realizará na Instalación de Coia nos horarios seguintes:*

| *Días* | *Horario* |
|---|---|
| *Martes* | *10,15 h a 13,00 h* |
| *Mércores* | *10,15 h a 13,00 h* |

*PRAZO DO CONVENIO:*

*O prazo do convenio, abarcará a duración do curso 2016-2017, dende a data da sinatura do presente convenio ata o 31 de Maio do ano 2017. Para a continuidade do obxecto deste convenio será necesaria a tramitación dun novo convenio, previa solicitude da entidade.*

*VALOR ECONÓMICO DO CONVENIO:*

*O Centro de Educación Especial Menela, en base ó artigo 6, letra c) da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacions deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma do convenio de colaboración ca entidade, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 168.80 horas distribuidas na duración do convenio, cun importe de cada hora dun 5.56 €, e que ascende a un importe estimado de 938,52 €.*

*CAPACIDADE PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN:*

*O Centro de Educación Especial Menela, previa á aprobación da presente proposta de convenio, certificará debidamente que se atopa ó corrente do pagamento coas obrigas tributarias da Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo. Así mesmo, presentará a representación legal para asinar o presente convenio.*

*PROPOSTA:*

*Por todo o exposto, proponse a Xunta de Goberno Local, e previo informe xurídico e de intervención, a adopción do seguinte acordo:*

*a) Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e a O Centro de Educación Especial Menela para a dinamización do programa de Actividade Física para este colectivo, nas instalacións Municipais de Coia na Tempada 2016/2017.*

*b) Autorizar a exención do pago do prezo público correspondente á utilización da instalación deportiva municipal da pista de Coia, que ascende a 938,52 €., para o desenvolvemento das actividades, en base o apartado "c" do artigo 6, do capitulo V "Exencións e Bonificación" das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2016, na súa ordenanza 52"*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN Nº 375/611 ENTRE A CONCELLERÍA DE VIGO E O CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL MENELA POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO PAVILLÓN DE COIA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE A.F. VINCULADO ÁS NECESIDADES ESPECIAIS DO COLECTIVO.*

*Na Concellería de Deportes, a ____ de ________ de 2016.*

*REUNIDOS:*

*Dunha parte: D. Jose Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes de Vigo con DNI 36058513X.*

*Doutra parte: D. Cipriano Jiménez Casas con DNI 35195099Q, como representante legal do Centro de Educación Especial Fundación Menela co CIF: G-36685964.*

*Ambas partes recoñecen a súa competencia e capacidade, respectiva para formalizar o presente convenio de colaboración en materia deportiva.*

*MANIFESTAN QUE*

*O Concello de Vigo, a través da Concellería de deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calquera das súas manifestacións ou vertentes, entre as que se atopan as do ámbito educativo e formativo, e o desenvolvemento de programas vinculados a colectivos cunhas necesidades especiais.*

*A Centro de Educación Especial Menela é unha entidade declarada de utilidade pública, de carácter benéfico-social, sin ánimo de lucro, con capacidade jurídica e plena capacidade de obrar según os estatutos presentados pola entidade.*

*A Centro de Educación Especial Menela ten entre os seus fins, a creación e promoción de servicios de atención directa que sirvan para a atención, formación e promoción da autonomía e integración na sociedade de persoas con necesidades educativas especiais, que fomenten a súa participación na comunidade, e establecer actividades de colaboración con outras entidades e institucións.*

*As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a Actividade Física vinculada ó desenvolvemento de programas orientados a colectivos con determinadas necesidades especiais pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a incrementar os niveis de autonomía destas persoas, a mellorar a condición física destes colectivos da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.*

*Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexiráse polas seguintes claúsulas,*

*CLAÚSULAS*

- *–Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver o programa de Actividade física da Centro de Educación Especial Menela nas instalacións Municipais do Pavillón de Coia.*

- *–O Centro de Educación Especial Menela, en base ó artigo 6, letra c), da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes a Concellería de Deportes, estará exento de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 168.80 horas distribuidas na duración do convenio, cun importe de cada hora dun 5.56 € e que ascende ó importe estimado de 938,52 €.*

- *–O Centro de Educación Especial Menela, comprométese a desenvolver o programa de A.F. nas condicións establecidas no presente convenio, na instalación deportiva municipal do pavillón de Lavadores nos horarios e datas establecidos no texto do convenio.*

- *–O Centro de Educación Especial Menela presentará, á sinatura do convenio o programa completo da actividade.*

- *–O Centro de Educación Especial Menela é o responsable do desenvolvemento das actividades na instalación Municipal, debendo estar presente na instalación en todo momento o responsable das mesmas.*

- *–O Centro de Educación Especial Menela comunicará a Concellería de Deportes con antelación suficiente calquera cancelación ou alteración nos horarios das actividades.*

- *–A Concellería de Deportes non terá ningunha responsabilidade con calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento do programa de actividade.*

*–O Centro de Educación Especial Menela presentará, previa á sinatura do convenio, unha póliza de responsabilidade que garantice as coberturas suficientes ós participantes na actividade, e os posibles danos que ésta poidera causar no patrimonio Municipal.*

*–As persoas que participen na actividade na instalación, será exclusivamente as vinculadas ó programa de A.F. do centro, non estando permitido ningún outro uso que non sexa o desenvolvemento do programa de A.F obxecto do presente convenio.*

*–Os e as participantes no programa accederán á instalación precedidos polo responsable do mesmo, non estando permitido o acceso dos participantes en caso contrario. Da mesma forma, o responsable será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún participante do programa queda na instalación.*

*–A Concellería de Deportes, aportará o espazo para o desenvolvemento das clases.*

*–A Concellería de Deportes resérvase a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestións de programación ou mantemento. Neste caso se avisará a asociación, debendo ésta, cancelar a actividade na instalación Municipal.*

*–A vixencia deste convenio é para as citadas actividades nos seguintes horarios dende a sinatura do convenio ata o 31 de Maio de 2017:*

| *Días* | *Horario* |
|---|---|
| *Martes* | *10,15 h a 13,00 h* |
| *Mércores* | *10,15 h a 13,00 h* |

*–O Convenio deberá renovarse curso a curso, previa solicitude do Centro de Educación Especial Menela nas datas establecidas e presentando a documentación solicitada.*

*–No caso de incumprimento das obrigas e os compromisos asumidos neste convenio, por cada unha das partes, poderanse aplicar medidas de suspensión ou anulación da vixencia do convenio.*

*–O Concelleiro Delegado de Deportes queda facultado para resolver calquera dúbida ou litixio que puidera derivarse do desenvolvemento deste convenio.*

*Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por duplicado, o día __ de __ de setembro de 2016.*

**15(1227).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE PONTEVEDRA FÚTBOL SALA, PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMMIZACIÓN DO FÚTBOL SALA EN IDADE ESCOLAR NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 367/611.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7/10/16, e o informe de fiscalización do 11/11/16, dáse conta do informe-proposta do 30/11/16,

polo director deportivo , o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES:*

*Con data 17 de Xuño de 2016 asínase o informe proposta para orde de inicio polo director técnico.*
*Con data 21 de Xuño de 2016 asínase a orde de inicio polo Concelleiro Delegado de Deportes.*
*Con data 23 de Setembro de 2016 o Director Técnico realiza informe ca proposta do texto do convenio.*
*Con data 23 de Setembro de 2016 o Director Técnico realiza informe proposta para convenio de colaboración.*
*Con data 7 de Outubro de 2016 asínase o infórme xurídico favorable.*
*Con data 25 de Outubro solicítanse modificacions nos informes e actualización da documentación polo servizo de intervención para a súa fiscalización.*
*Con data 8 de Novembro realízase a nova proposta do texto do convenio polo Director Técnico*

*FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:*
*Lei 7/1985 do 2 de abril emítese informe de necesidade do técnico 25 2.l) Promoción do deporte e instalacions deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e Sostenibilidade da adminstración local.*
*Lei 5/2007, de administración Local de Galicia artigo 80.2), actividades e instalacions culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.*
*Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.*
*Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacions deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.*
*Lei 15/2015, do 24 de Decembro.*
*Ordenanza nº52 de tributos e prezos públicos do Concello de Vigo reguladora da utilización das instalacions deportivas municipais.*

*XUSTIFICACIÓN:*
*A Asociación de Pontevedra Futbol Sala (ASPOFUSA), é unha entidade deportiva que agrupa ás entidades que participan cos seus equipos nas competicións escolares federadas de fútbol sala, dinamizando as mesmas no ámbito da cidade de Vigo. Por outro lado, a Concellería de deportes, define como accións prioritarias todas aquelas que busquen a promoción da practica deportiva na cidade, polo cal considerase adecuado propoñer a colaboración entre estas dúas entidades co fin de poder mellorar a oferta deportiva xeral da Cidade.*

*A través da presente proposta de convenio, a Concellería de Deportes, busca a colaboración cos administrados afectados directamente, como son os que engloba a propia entidade. O obxectivo principal do mesmo, trata de encamiñar as súas actuacións á colaboración cunha entidade que defínese como un axente social e deportivo con garantías de calidade no desenvolvemento dos proxectos deportivos.*

*Por outra banda dende a Concellería de Deportes, trabállase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte das diferentes entidades deportivas, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora dentro das necesidades da Concellería de Deportes de cara a programar as diversas actividades de adestramentos e competicións da cidade.*

*Tendo en conta que o principal obxectivo deste convenio, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a entidade conta cos medios humans necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio, e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.*

*Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos das diversas administracións e entidades que promocionan a actividade deportiva na cidade, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no marco desta proposta de convenio se atopa incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que a Concellería de Deportes non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.*

*As cláusulas xerais do convenio desenvolveranse sobre os seguintes apartados:*

1.- *Buscase a dinamización dun programa deportivo vinculado co desenvolvemento da competición federada en idade escolar na modalidade de fútbol sala na cidade de Vigo.*
2.- *Para o desenvolvemento deste programa de promoción de practica deportiva, a Concellería de Deportes facilitará o uso das instalacións deportivas Municipais dentro dun ámbito horario concreto en función das necesidades concretas semanais derivadas da competición federada escolar de ámbito local e en función da dispoñibilidade de instalacións.*
3.- *A entidade organizadora ASPOFUSA, responsabilizarase e garantirá mediante persoal propio das tarefas básicas do control e vixianza das actividades vinculadas ó obxecto do convenio.*
4.- *A entidade organizadora ASPOFUSA, será a responsable da execución do programa deportivo, para o cal deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio.*
5.- *ASPOFUSA, para garantir un uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais da Concellería de Deportes.*
6.- *En toda a información e publicidade dos eventos e programas deportivas específicos e vinculados a este convenio figurarán os logos do Concello de Vigo, e a Concellería de Deportes. Así mesmo en todos o medios de promoción e difusión deberán empregar o "galego".*

*HORARIOS E INSTALACIÓN:*

*A actividade se realizará nas instalacions dispoñibles, en función da ocupación das instalacions, durante cada fin de semana nos horarios seguintes:*

| *Días* | *Horario* |
|---|---|
| *Sábados* | *Entre as 9,00h a 14,00h* |
| *Domingos* | *Entre as 9.00h e 14:00 h* |

*Durante 29 fins de semanas, e o número de partidos de media cada fin de semana de 25, en ningún caso poderá excederse desta cantidade.*

*PRAZO DO CONVENIO:*

*O prazo do convenio, abarcará a duración da tempada deportiva, dende a data da sinatura do presente convenio ata o 30 de xuño do ano 2017. Para a continuidade do obxecto deste convenio será necesaria a tramitación dun novo convenio, previa solicitude da entidade.*

*VALOR ECONÓMICO DO CONVENIO:*

*Aspofusa, en base ó artigo 6, letra c) da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacions deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma do convenio de colaboración ca entidade, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, sendo o número de fins de semana estimados de 29, e o número de partidos de media cada fin de semana de 25, en ningún caso poderá excederse desta cantidade. A entidade poderá solicitar máis partidos pero deberá aboar o custo das instalacións e quedará supeditado as necesidades de programación. O importe do custo do convenio, en función dos partidos a un precio unitario de 14,25 € por partido de 2ª categoría, e que ascende a un importe estimado de 10.331,25 €.*

*CAPACIDADE PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN:*

*ASPOFUSA, previa á aprobación do presente convenio presentará toda a documentación solicitada, certificará debidamente que se atopa ó corrente do pagamento coas obrigas tributarias da Seguridade Social, a Axencia Tributaria, e o Concello de Vigo. Así mesmo, presentará a representación legal para asinar o presente convenio.*

*PROPOSTA:*
*Por todo o exposto, proponse a Xunta de Goberno Local, e previo informe xurídico e de intervención, a adopción do seguinte acordo:*

*a)Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes de Vigo e ASPOFUSA para a desenvolvemento dun programa de promoción deportiva do Fútbol sala en idade escolar na cidade de Vigo.*

*b) Autorizar a exención do pago do prezo público correspondente á utilización da instalación deportiva municipal durante os fins de semana, que ascende a 10.331,25 €., para o desenvolvemento das actividades, en base o apartado "c" do artigo 6, do capitulo V "Exencións e Bonificación" das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2016, na súa ordenanza 52"*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN Nº367/611 A SUSCRIBIR ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E A ASOCIACIÓN DE PONTEVEDRA DE FÚTBOL SALA (ASPOFUSA) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN DO FÚTBOL SALA EN IDADE ESCOLAR NA CIDADE DE VIGO.*

*Na Concellería de Deportes, a ____ de ________ de 2016*

*COMPARECEN*

*DUNHA PARTE:* *D. Jose Manuel Fernández Pérez, Concelleiro de Deportes que actúa en nome e representación do mesmo, en orde ás atribucións que lle son conferidas.*

*DOUTRA PARTE:* *D. Juan Manuel Fernández Domínguez con DNI: 35958626N como presidente de ASPOFUSA (G-36929347), según consta na documentación remitida pola entidade.*

*Ámbalas dúas partes recoñecen a súa capacidade e competencia para formalizar o presente convenio entre as entidades ás que representan e*

*EXPOÑEN:*

*Auxiliar administrativo:* traballadores beneficiarios, recen titulados menores de 30 anos e en busca do primeiro emprego, desenvolveran funcións de apoio administrativo no Programa “Vigo Emprega”, encargados da mecanización de partes de traballo diario, elaboración de informes ou documentos e todas aquelas funcións de apoio en tarefas de caracter administrativo incluindo tarefas que conleven atención ao público. O posto de auxiliar administrativo ten a súa propia categoria profesional tal e como establece o Capitulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)

*Delineante e auxiliar topógrafo:* traballadores beneficiarios, recen titulados menores de 30 anos e en busca do primeiro emprego, desenvolveran funcións de apoio a xefatura de obra, encargados da elaboración de orzamentos de obra, medicións e traballos realizados, e todas aquelas funcións de apoio en colaboración coa dirección do programa e xefatura de obra. O posto de delineante a nivel salarial asimilase a categoría de xefe administrativo e o posto de auxilar topógrafo á categoría de oficial administrativo tal e como establece o Capitulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as).

*Técnico de PRL:* Traballadores beneficiarios recen titulados menores de 30 anos e en busca do primeiro emprego, desenvolveran funcións de apoio ao equipo técnico do Programa realizando funcións de control, e supervisión das tarefas dos traballadores en obra. Comprobando utilización de EPIS e roupas de Traballo, asesoramento na implantación adecuada das medidas de protección colectiva e individual en obra, elaboración de informes mensuais de seguimento, control de roupas de traballo e establecimento de sistemas de seguimento coordinación e control das medidas a adoptar no programa no relativo a prevención de riscos laborais, a seguridade e saude laboral.

*Capataces* traballadores oficiais coa experiencia demostrable en posto de traballo similar e terán ademáis das funcións propias de oficial a de colaborar coa xefatura de obra na coordinación de diferentes unidades de traballo en obra, colaboración nos aspectos relacionados coa loxística de transporte e de distribución de traballos e

materiais ao grupo de oficiais a cargo, e aspectos relacionados co cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais. Os oficios para os que se ofertarán prazas de capataz de construción.Serán nomeados recurso preventivo, para as obras que polas súas especiais características, requíran desa figura en cumprimento da normativa vixente Este extremo ten como finalidade dar cumprimento ao que establece o artigo 30 da lei 31/1995, de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais, a súa reforma na lei 54/2003 de 12 de decembro, de reforma do marco normativo de Prevención de Riscos Laborais e no artigo 22 do Real Decreto 39/1997 do 17 de maio onde se aproba o regulamento dos servizos de prevención, crease a figura do "recurso preventivo", definido polo miudo, no criterio técnico da dirección xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social, nº 83/2010 sobre a presencia de recursos preventivos nas empresas e nos centros de traballo no seu punto primeiro: "supostos nos que é obrigatoria a presenza dos recursos preventivos, no seu apartado B) establece como obrigatoria "cando se realicen actividades ou procesos que reglamentariamente sexan considerados como perigosos ou con riscos especiais".

*Oficiais de oficios* nas diferentes especialidades que se indican nestas bases. Os oficiais son persoas con experiencia demostrable nos diferentes postos de traballo, con responsabilidades no control dos grupos de traballo, formación, execución dos traballos en obra; e os oficiais condutores, con responsabilidades nos desprazamentos de persoas e materiais ás obras.

*Peóns* beneficiarios do Programa "Vigo Emprega", serán aquelas persoas, sen necesaria cualificación previa no tipo de traballo a desenvolver, que executarán as tarefas programadas seguindo as indicacións dos seus superiores, adquirindo unha capacitación e experiencia laboral que facilite a súa posterior inserción no mercado de traballo normalizado.

Todas as persoas candidatas seleccionadas para formar parte do Programa "Vigo Emprega" deberán obrigatoriamente subscribir un compromiso en virtude do cal, se comprometen a levar a cabo as accións formativas que o equipo técnico considere oportunas, para favorecer a súa posterior inserción laboral. A negativa a subscribilo, suporá a exclusión do proceso selectivo e o seu incumprimento por parte dos/as beneficiarios/as durante o período de contrato poderá ser motivo de cese laboral, é dicir, a rescisión do contrato laboral.

### *6.2. Funcións, experiencia mínima e formación do persoal beneficiario cualificado*

a) Persoal Técnico e Administrativo.

AUXILIAR ADMINISTRATIVO

- Ter unha idade menor ou igual a 30 anos, sen experiencia mínima no posto e estar en situación de busca do primeiro emprego. As persoas candidatas, que teñan traballado, e non acumulen unha experiencia laboral previa superior a 180 días no mesmo posto ao que se opta, considerarase en busca do 1º emprego.
- Desenvolveran funcións de apoio á administrativa do programa "Vigo Emprega", encargados da mecanización de partes de traballo diario, elaboración de informes ou documentos e todas aquelas funcións de apoio en tarefas de carácter administrativo, incluindo tarefas que impliquen atención ao público.
- As persoas candidatas nesta categoría deberán presentar o diploma ou certificación de estar en posesión da formación académica correspondente: formación profesional de grado medio ou superior.

- O posto de auxiliar administrativo ten a súa propia categoria profesional tal e como establece o Capitulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as).

DELINEANTE E AUXILIAR TOPÓGRAFO

- Ter unha idade menor ou igual a 30 anos, sen experiencia mínima no posto e estar en situación de busca do primeiro emprego. As persoas candidatas, que teñan traballado, e non acumulen unha experiencia laboral previa superior a 180 días no mesmo posto ao que se opta, considerarase en busca do 1º emprego.
- Desempeño de funcións de coordinación de traballos relacionados coa execución de obras, medicións, elaboración de presupostos, apoio en funcións de seguimento e control aos membros do equipo técnico.
- As persoas candidatas nesta categoría deberán presentar o diploma ou certificación de estar en posesión da formación académica correspondente: formación profesional de grado medio ou superior.
- Control e responsabilidade no cumprimento da normativa e instrucións do superior en relación á prevención de riscos laborais.

TECNICO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

- Ter unha idade menor ou igual a 30 anos, sen experiencia mínima no posto e estar en situación de busca do primeiro emprego. As persoas candidatas, que teñan traballado, e non acumulen unha experiencia laboral previa superior a 180 días no mesmo posto ao que se opta, considerarase en busca do 1º emprego.
- Desempeño de funcións de coordinación de traballos relacionados coa Prevención, a seguridade e a saude na execución das obras, coordinación e definición de elementos de protección colectiva e individual nas diferentes obras, elaboración de informes sobre PRL, apoio en funcións de seguimento e control aos membros do equipo técnico.
- As persoas candidatas nesta categoría deberán presentar o diploma ou certificación de estar en posesión da formación académica correspondente: Ciclo formativo de Formación Profesional de Técnico Superior de Prevención de Riscos Profesionais.
- Control e responsabilidade no cumprimento da normativa e instrucións ao persoal de obra en relación á prevención de riscos laborais.

b) Persoal de obras e servizos

CAPATAZ

- Distribución do traballo entre o persoal da súa unidade, así como dos instrumentos, maquinaria e materiais necesarios para a súa execución.
- Programación, coordinación, supervisión e control do persoal ó seu cargo e dos traballos a realizar de acordo coas ordes e instrucións recibidas dos seus superiores xerárquicos.
- Control e responsabilidade da cantidade e calidade do traballo realizado, así como da utilización dos instrumentos, maquinaria e materiais empregados.
- Control e responsabilidade no cumprimento da normativa e instrucións do superior en relación á prevención de riscos laborais.
- Serán nomeados recurso preventivo, para as obras que polas súas especiais características, requíran desa figura en cumprimento da normativa vixente. Será, en todo caso, obrigatorio para os capataces contratados, a aceptación deste extremo,

como obriga ineludible, a non aceptación deste requisito conlevará a rescisión da relación laboral. Os candidatos que non acrediten a formación básica en Prevención de Riscos laborais de 60 horas, recibirán esta, como formación inicial para poder desenvolver as funcións propias do recurso preventivo.

- Realiza-las actividades que impliquen a responsabilidade dunha unidade de traballo que poidan ser realizadas por un ou varios traballadores do seu grupo ou grupos inferiores.
- Instruír ao persoal no período de formación teórico práctico inicial e en obra, nos traballos propios da súa especialidade.
- Colaborar na organización do transporte de persoal e materiais as unidades de obra asignadas.
- Posuir a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de capataz no oficio correspondente.
- Experiencia mínima de 2 anos no mesmo posto e de igual categoría. A categoría mínima que se valorará neste posto será do grupo de cotización 6 segundo establece o Informe de Vida Laboral e que ademáis figure como capataz ou encargado segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.

OFICIAL

- Poden desempeñar funcións de docencia, especialmente no período de formación teórico-práctica inicial, e na execución das diferentes obras e servizos.
- Terá a responsabilidade da execución das obras en colaboración cos capataces, encargada e xefe de obra.
- Ter un coñecemento exhaustivo e facer o seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.
- Posuir a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de oficial no oficio ao que opta. Valorarase a formación recibida.
- Experiencia mínima de 2 anos no mesmo posto e de igual categoría. A categoría mínima que se valorará neste posto será do grupo de cotización 8 ou 9 segundo establece o Informe de Vida Laboral e como oficial de 1ª ou 2ª, segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.

OFICIAL CONDUTOR

- Funcións de desprazamento e transporte de materiais e persoas ás obras e demais lugares de traballo, coidado de materiais de traballo, en todo tipo de vehículos, dende turismos ata camións de máis de 3.500 kg, manexo de grúas e guindastres.
- Os condutores deberán estar en posesión de tódolos permisos Profesionais e de conducir, obrigatoriamente B, C, D, E, necesarios para a realización das funcións sinaladas, actualizados e en vigor.
- Ter un coñecemento exhaustivo e facer o seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.
- Experiencia mínima de 2 anos como condutor de vehículos. A categoría mínima que se valorará neste posto será do grupo de cotización 8 ou 9 segundo establece o Informe de Vida Laboral e como oficial de 1ª ou 2ª segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.

7. FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN

- Públicación na prensa local e taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, do inicio do procedemento de selección de candidatos ao programa.
- Realizar a solicitude de persoas candidatas as oficinas do SPEG, segundo os criterios de valoración establecidos nas bases de convocatoría.
- Comprobación da documentación requerida e o cumprimento de requisitos básicos. As persoas que non cumpran o perfil definido nestas bases serán rexeitados e non accederan a fase de baremación. Se a comisión de selección así o considera, solicitarase as oficinas do SPEG a ampliación das ofertas presentadas.
- Baremación das persoas candidatas ao proceso de selección.
- Publicación das listaxes de candidatos baremados coa convocatoria á proba escrita e proba práctica.
- Realización de proba escrita e proba práctica. A orde de realización, destes instrumentos de valoración persoal, poderá ser modificado pola comisión de selección encargada de desenvolver o proceso selectivo.

Publicación da listaxe de persoas candidatas seleccionadas e a contratar e listaxe de substitucións para cubrir posibles baixas e/ou renuncias.

As persoas discapactiadas candidatas seleccionadas deberan aportar o informe EVO onde se acredite a compatibilidade da minusvalía coas tarefas a desenvolver no posto de traballo ao que se presenta.

En todo caso, as persoas candidatas, terán a obriga de informar expresamente do seu estado biolóxico se teñen discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou cando se atopen en situacións transitorias, que non sexan compatibles coas exixencias psicofísicas dos respectivos postos de traballo aos que optan.

Formalización dos contratos laborais-temporais, pola Alcaldía-Presidencia.

8. CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS/AS.

A Xunta de Goberno Local, a proposta do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, determinará no momento da convocatoria de selección de beneficiarios/as:

1. Aprobar o número de persoas beneficiarias a contratar en cada posto de traballo do programa “VIGO EMPREGA”.
2. Nomear a Comisión de Selección conforme se establece no punto 11 das presentes bases.
3. Baremación dos expedientes persoais/profesionais
4. A Comisión de Selección realizará a proba escrita e probas prácticas aos candidatos e candidatas remitidos polo Servizo Público de Emprego que superen os baremos mínimos aprobados pola Xunta de Goberno Local.
5. Proba Escrita (máximo 2 puntos)

   A proba terá un mínimo de vinte (20) preguntas e, deberá ser capaz de avaliar a actitude e interese que demostra a persoa candidata, na participación no programa, e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do mesmo.

   - Realizaráselles ás persoas candidatas e valoraranse: aspectos ocupacionais, rasgos de persoalidade, actitude ante o programa. Incidirase en aspectos

vencellados a busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.

- Solicitarase información ás persoas candidatas sobre: as condicións sociolaborais do contrato e as características da contratación, o estado anímico, o estado físico, o interese polo emprego, competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto.
- Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ó resto das puntuacións acadadas, sempre que a persoa candidata non obteña a calificación NSNM (non supera a nota mínima), considerARánse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.
- As persoas candidatas con unha de "NSNM", será excluída do proceso de selección.

6. Proba práctica (máximo 4 puntos)
   - A Comisión de Selección proporá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas do posto de traballo. Valoraranse competencias básicas donde os candidatos aplicarán habilidades profesionais básicas relacioandas co oficio e os coñecementos técnicos necesarios. As probas estarán apoiadas por asesores técnicos do programa Vigo Emprega e dos diferentes Servizos Municipais que colaboran no deseño, control e concreción técnica desta avaliación.
   - <u>Persoal técnico e Administrativo, capataces, e oficiais de oficios</u>, as probas realizaranse para que os/as candidatos/as, demostren o seu coñecemento da profesión. As probas deseñanse conforme a profesión e as labouras máis comúns que se teñen previsto desenvolver, conforme as obras aprobadas pola Xunta de Goberno Local.
   - <u>Peóns</u>, as probas prácticas son xenéricas de coñecemento básico de ferramentas e utilización das mesmas, sen que, para o desenvolvemento sexa necesaria experiencia práctica en: obras públicas, xardinería ou limpieza.
   - No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarase "NSNM" e quedará excluída do proceso de selección.
7. Publicación das listaxes de admitidos a contratar e listaxe de suplentes.

9. BAREMACIÓN DE CANDIDATOS/AS A BENEFICIARIOS/AS

Dada a natureza e especiais características do Programa VIGO EMPREGA, o procedemento de selección terá en conta, as diferentes facetas das persoas beneficiarias candidatas ao posto de peón, concretamente:

<u>*9.1. Tentarase unha distribución que permita cando menos a presenza de:*</u>

1. 3% persoas con discapacidade que poidan desempeñar as funcións do posto de traballo
2. 30% persoas menores de 30 anos, dos que o 50% será o primeiro emprego.
   1. 30% mulleres
3. 19% persoas maiores de 45 anos.
4. 18% persoas paradas de longa duración.

- *Levar un mínimo de 1 ano inscrito ininterrompidamente como demandante de emprego nas oficiñas do Servizo Público de Emprego, contando dende a data de solicitude de candidatos nas oficinas do SPEG e non superar, neses doce meses anteriores, máis de 90 días traballados.*

*9.2. Baremaranse os colectivos para o posto de Peón segundo o seguinte cadro*:

| COLECTIVO | PUNTUACIÓN |
|---|---|
| Persoa discapacitada | 1 |
| Muller | 1 |
| Xovenes menores de 30 anos. | 1 |
| Maior de 45 anos | 0,5 |
| Desempregado/a de longa duración | 0,5 |

*9.3. Valorarase: a experiencia laboral formación e outros méritos directamente relacionados coa actividade a desenvolver do persoal técnico e administrativo capataces e oficiais.*

- Experiencia laboral, imprescindible 2 anos como mínimo na mesma categoría. 0,1 puntos/mes. (máximo 5 puntos)
- Formación (máximo.3 puntos)

Relacionada co posto (*recibida ou impartida*) :.

| | |
|---|---|
| Por cada curso de entre 20 e 49 horas | 0,10 |
| Por cada curso de entre 50 e 99 horas | 0,20 |
| Por cada curso de entre 100 e 199 horas | 0,30 |
| Por cada curso igual ou superior a 200 horas | 0,40 |

Relacionada coa Prevención de Riscos Laborais

| | |
|---|---|
| Curso básico de Prevención de entre 0 e 30 horas | 0,20 |
| Curso de Prevención de entre 31 e 50 horas | 0,40 |
| Curso de Prevención de máis 50 horas | 0,60 |

Relacionado directamente coa especialidade:

| | |
|---|---|
| Tarxetas ou carnet profesionais | 0,50 |

- *9.4. Aplicaraselles unha puntuación extra*
  - As persoas candidatas ao posto de peón que non perciban ningunha renda ou subsidio, 1 punto.
  - Persoas candidatas ao posto de oficial, capataz e persoal técnico administrativo beneficiario que non perciban ningunha renda ou subsidio 0,5 puntos.

10. LISTAXES DE SUBSTITUCIÓNS.

As persoas candidatas/os que non foran contratadas e tiveran superado o proceso selectivo, formarán parte dunha lista de substitucións ordeada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser contratados para substitucións ou renuncias doutros/as traballadores/as", para este programa de emprego e para postos de igual categoría e cualificación.

11. COMISIÓN DE SELECCIÓN

O órgano de selección terá carácter colexiado, actuando tódolos membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60, do Real Decreto lexislativo 5/2015 do 30 de outubro Tecto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

Composición:

- O Xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e no caso da creación de máis dunha comisión, funcionario/a o laboral fixo relacionado cos postos a seleccionar..
- Un/ha funcionario/a do Concello de Vigo que actuará como Secretaria/o.
- Tres técnicos/as funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo.

Poderán nomear asesores especialistas na materia, que comparecerán a título individual e cumprindo co disposto no art. 60 do TREBEP.

A/O secretaria/o, preferentemente da rama xurídica, intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas e acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xúridico do Sector Público.

Tódolos membros da Comisión de Selección serán propostos polo Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

O órgano de selección en canto á súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 do Real Decreto lexislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación.

Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as, emitirase Acta co listado do persoal seleccionado.

A Comisión de selección contará co asesoramento técnico do persoal funcionario do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego que estime necesario. Os membros da comisión de selección e os seus asesores especialistas, percibirán como resultado da súa participación na mesma, as dietas que a normativa en vigor establece.

*A* participación neste proceso selectivo implica aceptar a utilización dos datos persoais das persoas candidatas a Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, exclusivamente para os fins que se definen nestas bases de convocatoria, cumprindo os requisitos establecidos no Real Decreto 1720/2007 do 21 de decembro polo

que se aproba o regulamento da Lei 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal.

12. OUTRA INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS CANDIDATAS.

A formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente aos aspirantes seleccionados, estarán suxeitos, (ademáis do estipulado no aptdo 4 dunha duración temporal propia do Programa "Vigo Emprega" por convocatoria, dun máximo de 6 meses), as limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, modificado pola Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006, (disposición adicional cuarta do RD Lei 5/2006), que fixa entre outros que a duración dos contratos das persoas aspirantes seleccionadas: máximo 24 meses nun período de 30, para o mesmo posto de traballo, sexa ou non o mesmo contrato, circunstancia da cal se emitirá informe previo á contratación pola xefatura do servizo que corresponda, sobre dito cumprimento dos aspirantes seleccionados, e ademais ó disposto no Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado por o Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo e demais lexislación de aplicación, formalizándose o contrato só ás persoas aspirantes seleccionadas que cumpran cos requisitos expostos, circunstancia da que se informa aos/as aspirantes.

- Fotocopia do certificado de discapacidade e/ou incapacidade

  emitido polas entidades competentes, nos casos que proceda, e a discapacidade sexa igual ou superior ao 33%. Solicitaráse ás persoas candidatas con carácter previo á contratación, o informe de compatibilidade do EVO onde se acredite a compatibilidade da minusvalía coas tarefas a desenvolver do posto de traballo ao que se presenta. No caso de enfermidades crónicas, lesións ou problemas de saude, as persoas candidatas, terán a obriga de informar a comisión de selección, e en todo caso, deberán presentar certificación médica que acredite o estado biolóxico compatible, da persoa candidata coas tarefas e funcións a desenvolver no posto de traballo ao que se presenta.

- Máis información:

  Poderán consultarse as bases do proceso de selección nas dependencias do programa VIGO EMPREGA (no Parque Central de Servizos do Concello), así como na páxina web http://www.hoxe.vigo.org. e no taboleiro de anuncios do Concello.

**18(1230).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIÓN COMARCAL DA UGT DE VIGO NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO ACTIVIGO. EXPTE. 13314/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 19/09/16, e o informe de fiscalización do 23/11/16, dáse conta do informe-proposta do 29/11/16, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolmento local e Emprego e o concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

*Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento do emprego no pequeno comercio mediante a creación de redes de establecementos en espazos abertos e colaborativos que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa organización sindical sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias conforme aos seus estatutos da Unión Comarcal de UGT de Vigo e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos tres últimos anos, mediante a sinatura de convenios de colaboración con asociacións de empresariais, sindicais e outras, para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

*a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*

*b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.*

*..."*

*O Concello de Vigo como instrumentador de políticas de emprego, está a executar novas iniciativas de fomento do Emprego de cara a incidir directamente na mellora da empregabilidade  da cidadanía viguesa.*

*A continuación das iniciativas de fomento do Emprego, xurden para dar resposta á problemática que ten esta cidade en relación coa xente moza e as persoas desempregadas de longa duración, motivada na súa maior parte pola situación económica actual.*

– *Dentro destas iniciativas de fomento do Emprego para o ano 2016, se  pretende mediante campañas de información, a potenciación do emprego dás persoas máis vulnerables cara a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ó mercado laboral, e para elo é preciso poñer á súa disposición canta información e orientación sexa posible, e moi especialmente da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración e que se concretan na realización dunha serie de actividades informativas e participativas, fomentando mediante o coñecemento e, a súa implicación a creación de emprego, de tal xeito que lles aporte unha mellor posición para a sús incorporación ao mundo laboral. Estas actividades enmárcanse dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, puidendo promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños e veciñas e, dentro destes, a prestación dos servizos de xeito máis eficaz o que redundará nunha mellor promoción e reinserción social, en concordancia co establecido  Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local.*

–

*A "Unión Comarcal de UGT de Vigo", solicita a través dun escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o pasado 22 de xullo  de 2016, co nº de documento 160101456, a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio que a través dun pro-*

*xecto de información e difusión, destinado preferentemento ás persoas mozas e ás desempregadas de longa duración.*

*Este convenio de colaboración ten previstas as seguintes actividades:*

- *Accións participativas e presenciais de información e difusión o Plan de Garantía Xuvenil e o Programa de Activación para o emprego.*
- *Reunións de traballo.*
- *Xornadas.*
- *Charlas informativas*
- *Accións de información e difusión a través das TIC´s.*
- *Elaboración de materiais informativos e divulgativos.*

*Actividades e obxectivos que non minoran en ningún momento os principais obxectivos municipais de fomento do Emprego, senon máis ben,os complementan, como se amosa de seguido:*

✓ *Posibilitar o desenvolvemento da cidade na procura dun mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por persoas traballadoras cualificadas e implicadas no proxecto empresarial, isto é, persoal de alta produtividade en empresas competitivas con emprego de calidade.*

✓ *Potenciar o emprendemento, a figura do emprendedor e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego.*

✓ *Facilitar a incorporación ás TICs do conxunto de vigueses que acudan aos servizos de emprego deste concello.*

✓ *Establecer procedementos de transición de ensino regrado ao mundo laboral.*

✓ *Avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres.*

✓ *Inserir laboralmente aos colectivos con máis dificultades de inserción no mercado de traballo para evitar os posibles riscos de exclusión social.*

✓ *Potenciar a creación de emprego vinculada ás novas necesidades da vida diaria, de mellora do marco de vida, de servizos culturais, de ocio e de medio natural.*

✓ *Establecer procedementos de participación dos axentes socioeconómicos no deseño, execución e avaliación dos diferentes programas de emprego.*

*Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais, empresariais e sociais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.*

*–A aportación por un importe total de 22.000,00 € do Concello de Vigo, á "Unión Comarcal de UGT de Vigo", se realiza pola necesidade de axudar e informar a colectivos con grandes dificultades de inserción, como é o caso das persoas mozas e dos desempreados de longa duración da cidade de Vigo e a súa bisbarra, tendo en conta que a "Unión Comarcal de UGT de Vigo" é unha organización que ten unha importante presenza na clase traballadora, o que lles permitirá desenvolver o proxecto presentado, o que permitirá mellorar as posibilidades de inserción laboral destes colectivos.*

*O orzamento necesario para cubrir os custes salariais do persoal que se precisaría polo Concello de Vigo, para desenvolver unha campaña destinada a axudar ás persoas máis vulnerables a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ó mercado laboral, e poñer á súa disposición canta información e orientación sexa posible, medainte accións participativas e presenciais de información e difusión o Plan de Garantía Xuvenil e o Programa de Activación para o emprego, desenvolver reunións de traballo, xornadas e charlas informativas e outras accións de información e difusión a través das TIC´s, así como a elaboración de materiais informativos e divulgativos, superaría ampliamente o importe total do previsto no convenio para salarios aínda sen engadir os custes de gastos correntes solicitados e que en todo caso terían que ser asumidos polo Concello.*

*Doutra parte a contratación do servizo con empresas adicadas a esta actividade sería por un prezo moi superior, en todo caso, á achega municipal ao convenio.*

*Ademais dos custes propios do persoal (19.000 €), establécense uns gastos necesarios para o desenvolvemento das accións previstas no convenio e que suman a cantidade total de 3.000 € (1.000 € para desprazamento de persoal e ponentes, 500 € para aluguer de instalacións, 1.000 € para eleboración e distribución de materiais e 500 € para outros gastos), o resto dos gastos necesarios para desenvolver o proxecto (instalacións, teléfono, electricidade, equipamento, etc) serán asumidos pola propia entidade.*

*Tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/07/2016 ao 30/10/2016), as imputacións a efectos orzamentarios será contra a partida 2410 4800001 "Convenio UGT Fomento do emprego", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do ano 2016.*

*Establécese a inexistencia de relación laboral entre as persoas traballadoras directa ou indirectamente beneficiarias da subvención que se pretende conceder á "Unión Comarcal de UGT de Vigo" e o Concello de Vigo.*

*Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais, empresariais e sociais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.*

*A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.*

*Conforme ao informe favorable de intervención de data 23/11/2016, con relación ao Convenio de colaboración coa Unión Comarcal de UGT De Vigo para o ano 2016, se ten realizado as seguintes modificacións no expediente:*

- *Acheganse certificados actualizados:*

- *Seguridade Social: 20/10/2016*
- *Xunta de Galicia-Consellería de Facenda: 20/10/2016*
- *Agencia Tributaria: 20/10/2016*
- *Concello de Vigo: 10/11/2016*

- *No texto do convenio se recollen as modificacións seguintes:*
  - *Modifícase a data de vixencia do convenio ata o 31/12/2016, para adecuar a mesma á demora na tramitación.*
  - *Modifícase a data máxima de xustificación do convenio, establecendo como tal o 10 de decembro de 2016.*

*Por todo o anteriormente exposto, <u>proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:</u>*

- *Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a "Unión Comarcal de UGT de Vigo", con CIF: G15383011.*

- *Autorizar o gasto de 22.000 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4800001 "Convenio UGT Fomento do emprego", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do ano 2016, e comprometer o mesmo a favor da "Unión Comarcal de UGT de Vigo", para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio de colaboración.*

- *Facultar ao Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacion con Sindicatos, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, para asinar o citado convenio.*

- *Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transpa-rencia do Concello de Vigo, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

**<u>Acordo</u>**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "UNIÓN COMARCAL DE UGT DE VIGO" NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO ACTIVIGO.

Na Casa do Concello de Vigo, ____ de _____ de dous mil dezaséis.

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Héctor Rodríguez Díaz co DNI 36008431-E, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de 6 de febrero de 2013 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febrero de 2013), con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra parte, Don José Luis Fernández Celis co DNI 34939808W en calidade de Secretario de Organización e Administración da “UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES DE GALICIA”, facultado por acordo de 12/07/2016 pola Comisión Executiva de Galicia da propia entidade, con domicilio social en Rúa García Barbón, 67 36201 de VIGO e CIF G15383011.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente par asinar este convenio.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento do emprego no pequeno comercio mediante a creación de redes de establecementos en espazos abertos e colaborativos que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa organización sindical sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias conforme aos seus estatutos da Unión Comarcal de UGT de Vigo e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos tres últimos anos, mediante a sinatura de convenios de colaboración con asociacións de empresariais, sindicais e outras, para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

> a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
> b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.
> ...”

A estratexia polo emprego que supón esta iniciativa non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interación da cidadanía co mercado laboral, así como a potenciación do emprego dás persoas máis vulnerables cara a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ó mercado laboral, e para elo é preciso poñer á súa disposición canta información e orientación sexa posible, e moi especialmente da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración e que se concretan na realización dunha serie de actividades informativas e participativas, fomentando mediante o coñecemento e, a súa implicación a creación de emprego, procurando que os custes do convenio de colaboración sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias a Unión Comarcal de UGT de Vigo.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta e a formación de persoas desempregadas o maior nú-

mero de postos de traballo reducindo a porcentaxe de persoas desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coa Unión Comarcal de UGT de Vigo.

A colaboración coa Unión Comarcal de UGT de Vigo, dentro do marco do fomento do emprego, permitirá que por medio da instrumentación de novos contratos laborais si fora necesario e do persoal do propio sindicato, con un gran coñecemento do entorno laboral e experiencia no apoio ás persoas mozas e as persoas desempregadas de longa duración, permitirá desenvolver políticas de busca de emprego, de tal xeito que lles ppermita a súa incorporación ao mundo laboral.

MANIFESTAN

I.- - Que a Unión Comarcal de UGT de Vigo, conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 22 de xullo de 2016 co nº de documento 160101456, ten entre outros, os seguintes obxectivos:

- Accións participativas e presenciais de información e difusión o Plan de Garantía Xuvenil e o Programa de Activación para o emprego.
- Reunións de traballo.
- Xornadas.
- Charlas informativas
- Accións de información e difusión a través das TIC´s.
- Elaboración de materiais informativos e divulgativos.

Calquera nova contratación que poids realizarse para a consecución destes obxectivos deberá cumprir coa condición de ser persoa desempregada e empadroada na nosa cidade e será coordinada e apoiada desde a propia entidade.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á Unión Comarcal de UGT de Vigo, a condición de participante a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da empregabilidade contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar con todos os entes, organismos, administracións, axentes sociais, etc, máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de laboral-formativo e experiencial que permitan lograr que as persoas traballadoras sexan actores clave na mellora da situación de crise actual fomentando a contratación dos colectivos máis desfavorecidos, así como de persoal cualificado cara á mellora da súa empregabilidade redundando no beneficio da cidade en xera, e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo.

Estas circunstancias así como a presenza que ten a Unión Comarcal de UGT de Vigo entre as persoas desempregadas de todos os sectores e idades, e a falta de persoal especializada na elaboración deste tipo de traballos de difusión, e a existencia dunha partida nominati-

va nos orzamentos do Concello de 2016, para o desenvolvemento dun convenio coa UGT para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, co obxecto de desenvolver un proxecto de axudar ás persoas máis vulnerables a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ó mercado laboral, ao por a disposición deles canta información e orientación sexa posible, mediante o desenvolvemento dunha campaña a nivel municipal, dividida en diversas liñas de actuación, encamiñadas á mellorar as expectativas de emprego da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración.

V.- Que a Unión Comarcal de UGT de Vigo non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Unión Comarcal de UGT de Vigo, o Concello de Vigo e a dita organización sindical conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Unión Comarcal de UGT de Vigo comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacion con Sindicatos do Concello de Vigo en canto desenvolver un proxecto de axudar ás persoas máis vulnerables a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ó mercado laboral, ao por a disposición deles canta información e orientación sexa posible, mediante o desenvolvemento dunha campaña a nivel municipal, dividida en diversas liñas de actuación, encamiñadas á mellorar as expectativas de emprego da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración.

Asumir a programación, organización e xestión, sempre co acordo do servizo xestor (a concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacion con Sindicatos), das seguintes actividades:

- Accións participativas e presenciais de información e difusión o Plan de Garantía Xuvenil e o Programa de Activación para o emprego, mediante:
  - Reunións de traballo.
  - Xornadas.
  - Charlas informativas
- Accións de información e difusión a través das TIC´s.
- Elaboración de materiais informativos e divulgativos.
- As contratacións serán exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2016.

- Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
- No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio realizaranse no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demáis gastos derivados da execución das actividades previstas.
- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

9. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
10. Respectar a estrutura organizativa da Unión Comarcal de UGT de Vigo.
11. Conceder directamente á Unión Comarcal de UGT de Vigo unha subvención por importe de 22.000,00 €, dos 19.000,00 € corresponden aos custes salariais e de seguridade social do persoal de nova contratación e da propia entidae e 3.000,00 € para outros gastos, necesarios para o desenvolvemento do proxecto, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4800001 "Convenio UGT Fomento do emprego", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta axuda será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade conveniada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circuntancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade. A devandita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

–A información, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

–En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

–A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacion con Sindicatos.

Oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Noveno.- Comisión de seguimento.
Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

✓ O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacion con Sindicatos, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemneto Local e Empego.

✓ Tres vocais:

- Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemneto Local e Empego.
- Dous membros da Unión Comarcal de UGT de Vigo.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.
A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presencia da maioría absoluta dos seus membros que incluirá a do Presidente e Secretario.
O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.
Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Décimo.- A beneficiaria, antes do 10 de decembro de 2016 deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de … euros.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que regulan as obligacións de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a axuda.

As retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.

- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora do convenio procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da axuda e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á axuda conveniada; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da convenio procederá á devolución do orixinal.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, trancorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requerirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro y demás responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencions. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancions que, conforme á Lei Xeral de Subvencions, correspondan.

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xullo e o 30 de outubro de 2016.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacion con Sindicatos. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacion con Sindicatos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:

- Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
- Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.

- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
- Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución siñificativa da actividade obxecto do convenio, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento, para a súa aprezación e imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora

Décimo sétimo.- A beneficiaria está informada de que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da axuda obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade realizada e demais actuacións previstas en orden á conclusión do proceso, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacion con Sindicatos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacion con Sindicatos do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contrado directa ou indirectamente pola Unión Comarcal de UGT de Vigo no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo.- O periodo de vixencia do convenio remata o 31 de decembro de 2016.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _________________ de 2016.

**19(1231).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE USO PRIVATIVO DO INMOBLE SITO EN RÚA PRÍNCIPE 54 Á “FUNDACIÓN MARCO”. EXPTE. 19795/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23/11/16, dáse conta do informe-proposta do 26/10/16, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

*NORMATIVA DE APLICACIÓN:*

*–L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).*
*–L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).*
*–Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia*
*–RDL 3/2011 de 14 novembro, do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público. (TRLCSP)*
*–RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*

*ANTECEDENTES DE FEITO:*

*PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 15 de xullo de 2016, acordou aprobar inicialmente o Prego de cláusulas administrativas que rexerá a concesión administrativa do uso privativo do local municipal do núm. 54 da rúa Príncipe, consonte ó texto que figura no*

*anexo I, e someter á información pública polo prazo de trinta días o prego de cláusulas administrativas aprobados.*

*SEGUNDO.- No período de información pública, mediante edicto publicado no BOP nº 156 en data 17/08/2016 polo prazo e procedemento regulamentario, ó que se someteu o prego de condicións administrativas aprobado, non foron formuladas alegacións o mesmo, segundo resulta da certificación da Secretaria de Goberno Local de data 23/09/2016.*

*FUNDAMENTOS DE DEREITO*

*PRIMEIRO.- A ocupación do dominio público municipal suxetase ao réxime xurídico previsto no ordeamento xurídico para o outorgamento das concesións administrativas de dominio e en concreto a regulación que das mesmas se conten no capitulo 1º do titulo II da Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas e no capitulo IV do Titulo I do Real Decreto 1372/86 do Regulamento dos Bens das Entidades Locais.*

*SEGUNDO.- O procedemento e forma da adxudicación a seguir para o outorgamento da concesión administrativa, como título habilitante é, no presente caso, a concesión directa, proposto polo técnico de xestión no seu informe proposta á Xunta de goberno Local de data 15/02/2016 conformado polo Concelleiro Delegado da Area, e que reflictese na cláusula I Obxeto. Apartado 2 do Prego de Condicións Administrativas redactado polo mesmo (aprobado pola Xunta de Goberno local o 15/07/2016) o sinalar que " De conformidade co disposto no art. 93.1 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas, e o 133.4 do RD 1372/86 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, a concesión administrativa outorgarase mediante adxudicación directa a prol da Fundación MARCO."*

*TERCEIRO.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público.*

*A vista do acordado, sométese á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Aprobar definitivamente o prego de condicións administrativas que rexerá a concesión administrativa do uso privativo do local municipal no núm. 54 da rúa Príncipe, consonte ó texto que figura no anexo I do acordo da Xunta de Goberno local de data 15/07/2016.*

*2º.- Outorgar á Fundación MARCO a concesión administrativa do uso privativo do local municipal no núm. 54 da rúa Príncipe, dacordo co anterior prego aprobado.*

**<u>Acordo</u>**

A Xunta de Gobernó local aproba a proposta contida no precedente informe.

*PREGO DE CONDICIÓNS QUE REXERÁ A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA POLO EXCMO. CONCELLO DE VIGO DO USO PRIVATIVO DO EDIFICIO MUNICIPAL DA RÚA PRÍNCIPE Nº 54 DESTA CIDADE DE VIGO.*

*CLÁUSULA I.- OBXECTO.*
*1.- O presente prego ten por obxecto o estabelecemento das condicións administrativas particulares que rexerán a concesión administrativa para o uso privativo do inmoble municipal sito no número 54 da rúa Príncipe con destino a Museo de Arte Contemporánea.*

*O inmoble será destinado exclusivamente ás actividades que, de acordo co sinalado no artigo 4.2 dos Estatutos, constitúen o obxecto da Fundación, é dicir as seguintes:*

- *Organizar e levar a cabo exposicións e actividades culturais encaminadas ó coñecemento e a difusión da arte e da cultura contemporáneas, tanto estatal como internacional, considerando tódalas formas de expresións artística, en particular, os novos procesos de creación, produción e distribución das artes e da cultura actual.*
- *Constituir e custodiar unha colección museística representativa da arte contemporánea estatal e internacional, así como tódalas funcións museográficas asociadas con esta función como a conservación, catalogación, restauración, investigación e exhibición ordenada desta.*
- *Poner en funcionamento un centro de documentación con fondos bibliográficos, documentáis, audiovisuais e musicais que faciliten a conexión e a difusión da cultura contemporánea.*
- *Desenvolver unha función activa na promoción do consumo de bens culturais en tódolos sectores da sociedade mediante programas de formación e de educación para persoas adultas e actividades didácticas para nenos/as encaminadas a potenciar a capacidade de participación das persoas na vida social e cultural da cidade.*
- *Fomentar e difundir as iniciativas de investigación en tódolos ámbitos das artes plásticas, en particular, das tendencias máis anovadoras da arte contemporánea e das novas formas de expresión artística audiovisual e na rede.*
- *Fomentar as iniciativas de formación profesional en tódolos ámbitos das artes plásticas.*
- *Potenciar os mecanismos necesarios para a elaboración e publicación de fondos bibliográficos e documentáis sobre as actividades da Fundación Marco, tanto en papel como na rede.*
- *Potenciar a creación dunha "Asociación de Amigos do Marco. Museo de Arte Contemporánea de Vigo" que facilite a comunicación e interpelación do centro eos cidadáns e cidadás.*
- *Potenciar os mecanismos de comunicación, interrelación e coñecemento entre as iniciativas culturáis e contemporáneas do país e os movementos creativos contemporáneos internacionais que permitan situar a cidade de Vigo e a Fundación Marco dentro dos circuitos culturáis internacionais, establecendo relacións de cooperación con outros museos, centros de arte e institucións culturáis estatais e internacionais.*

*2.-De conformidade co disposto no art. 93.1 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas, e o 133.4 do RD 1372/86 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, a concesión administrativa outorgarase mediante adxudicación directa a prol da Fundación MARCO.*

*3.- O responsable da concesión é a Xefa do Servizo das Áreas da Tenencia de Alcaldía.*

*CLÁUSULA II.- NATUREZA DA CONCESIÓN*

*A natureza da relación que vencellará o concesionario co Concello, será a propia da concesión administrativa de dominio público, e comprenderá o uso privativo do inmoble de do-*

*minio público de titularidade municipal, conforme ó previsto no artigo 78 e seguintes do Real Decreto 1372/86, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.*

*A concesión outorgarase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*

*CLÁUSULA III.- INMOBLE OBXETO DE CONCESIÓN*

*Ten por obxeto a concesión do uso privativo, do inmoble de titularidade municipal situada na Rúa Príncipe nº 54, reflectido nos planos incorporados ao presente prego, e coas seguintes características:*
*“ Edificio principal do Museo de Arte Contemporáneo, composto de soto, planta baixa, dúas plantas e aproveitamento baixo cuberta, cunha superficie construída de 9.910,6 m², e edificio anexo de planta baixa cunha superficie construída de 144,9 m². Consta inscrito no Rexistro municipal de bens ao Epígrafe I, núm. 062, como ben de dominio público adscrito ao uso público, estando destinado ao uso cultural*

*As edificacións levántase sobre unha parcela dunha superficie de 4.477 m$^2$.*

*CLÁUSULA IV.- DURACIÓN DA CONCESIÓN.*

1. *A concesión outórgase por un prazo de dez anos improrrogable.*
2. *O cómputo do prazo iniciarase o día seguinte á data na que se formalice en documento administrativo o outorgamento da concesión administrativa.*
3. *Catro meses antes do remate do prazo de concesión, ou de caiquera das súas prórrogas, o Concello designará unha Comisión Técnica de Inspección que sinalará as obras e traballos de reparación e conservación ordinaria que correspondan ao concesionario (FUNDACIÓN MARCO).*

*CLÁUSULA V.- VALOR INMOBLE E INSTALACIÓNS*

*Estímase que o valor da edificación e do solo é de 8.401.244,96 euros (6.078.549,75 euros corresponden ás dúas edificacións).*

*CLÁUSULA VI.-CANON DA CONCESIÓN.*

*A Fundación Marco non ven obrigada a satisfacer ao Concello canon anual en concepto de taxa pola utilización privativa especial do dominio público.*
*Nembargantes, no suposto de que ao longo do prazo concesional previsto a participación do Concello na Fundación non sexa maioritaria, o Concello se reserva a posibilidade de establecer dito canón.*

*CLAÚSULA VII.- PÓLIZAS DE SEGUROS*
*A concesionaria, con anterioridade á sinatura do contrato, suscribirá a súa costa os seguintes seguros:*

– *De responsabilidad civil que cubra durante a vida da concesión os riscos desa natureza fronte a terceiras persoas con un límite xeral de 1.200.000 euros por sinistro/ano (é un sublímite mínimo de 150.000 euros por víctima).*
– *De danos a todo risco que poida sufrir o inmoble, por un importe mínimo de 6.078.549,75 euros (a valoración do mesmo). Deberá figurar como beneficiario o Concello de Vigo e cubrirá o prazo concesional*

*Anualmente acreditarase a súa renovación e vixencia.*

*CLÁUSULA VIII.- PAGAMENTO DE GASTOS E TRIBUTOS*

*O concesionario estará obrigado ó pagamento do importe dos anuncios preceptivos do sometemento a información pública do prego de condicións, dos gastos rexistrais, notariais e administrativos que se orixinen no outorgamento e inscrición da concesión, e de cantos outros gastos, gravames ou tributos de calquera clase se deriven, con motivo dos trámites preparatorios e formalizadores do contrato subseguinte.*

*CLÁUSULA IX.- EXPOSICIÓN Ó PUBLICO DO PREGO DE CONDICIÓNS*

*Aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local o Prego de condicións administrativas que rexerán a concesión administrativa de dominio público, expoñeráse ó público durante trinta días hábiles, a efectos de reclamacións ou suxestións polas persoas interesadas, a partir da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia, que se presentarán no Rexistro Xeral do Concello en idéntico prazo, ou por calquera dos procedementos previstos na Lei de Procedemento Administrativo Común.*

*CLÁUSULA X.- DEBERES E FACULTADES DA CONCESIONARIA.*

*1. Ademáis das obrigas que resulten da normativa legal e regulamentaria aplicábel, serán obrigas do concesionario as seguintes:*

*a) Exercer por sí a concesión. A Fundación non poderá cambiar o destino do inmoble, nin utilizado para usos distintos dos expresados, non podendo arrendar, traspasar, nin ceder a terceiros nin onerosamente nin a título de precario todo ou parte do inmoble.*

*b) Manter ó seu cargo, en perfecto estado de conservación e limpeza o edificio, efectuando as obras de reparación, conservación, mantenemento, reposición ou substitución que sexan necesarias ó efecto, previa autorización do Concello de Vigo, e cumprindo as disposicións hixiénico-sanitarias e de seguridade, durante o período de cesión.*

*c) Permiti-lo acceso ás dependencias e instalacións da concesión, á autoridade e funcionarios municipais en orde á inspección e control desta.*

*d) Responder dos danos ou perdas que poidan ocasionarse a terceiros ou ó propio inmóbel durante todo o prazo da concesión, debendo suscribir unha póliza de aseguramento a todo risco do edificio, de perdas ou danos materiais, polo importe alomenos de euros, (valor da edificación) e na que figure como beneficiaria o Concello de Vigo, acreditando a súa contratación antes do inicio da actividade, e posteriormente con periodicidade anual, a súa renovación e vixencia.*

*e) Satisface-los tributos estatais, autonómicos e locais que lle corresponda pola concesión administrativa da que é titular.*

*f) O cumprimento das súas obrigas de carácter social e laboral respecto do persoal que contrate pola súa conta para o desenvolvemento normal da actividade, poidendo a Administración municipal esixir en calquera momento proba documental de estar ó corrente no pagamento das cotas da Seguridade Social correspondente ó seu persoal.*

*g) A concesión, na súa condición de dereito real, en ningún caso poderá ser hipotecada ou ser obxecto de calquera outro negocio xurídico, carecendo o concesionario de calquera poder de disposición sobreo inmoble.*

*h) Aboa-los gastos de teléfono, enerxía eléctrica, gas, administración de auga, e calquera outro de natureza semellante.*

*i) A entrega do local, xunto coas melloras e instalacións fixas, ao remate, por calquera causa, da concesión administrativa.*

*j) A presentación dunha Memoria Anual de actividades desenvolvidas no edificio pola Fundación.*

*2. A concesionaria terá dereito a:*

*a) Posta a disposición polo Concello do inmoble municipal, e á súa ocupación privativa para o desenvolvemento da actividade, durante o prazo concesional e consonte o disposto no presente prego.*

*b) Efectuar, ó seu cargo, obras de mellora, e reforma no inmoble e instalacións, que fagan aconsellables para a mellor funcionalidade e aproveitamento do edificio, e redunde en beneficio da súa actividade.*
*No suposto de querer executar as obras citadas, deberá presentar memoria explicativa e planos descritivos da obra a realizar, que deberá ser autorizada polo Concello.*

*c) A ser respetado polo Concello no uso e goce do dereito concedido. O dereito de uso e goce do inmoble outorgado ó concesionario leva consigo a facultade deste para concertar con terceiros contratos que regulen actividades que, desenvolvidas no inmoble obxecto de concesión, estean directamente relacionadas coa actividade propia da Fundación e eos servizos que deben prestarse ós usuarios e visitantes do museo, tales como, "xestión do Salón de Actos e outras dependencias"; "servizo de cafetería-restaurante"; "servizo de tenda especializada" e outros análogos. Os rendementos que poidan producir estes contratos serán da exclusiva conta da Fundación.*

*CLAUSULA XI.- FACULTADES DA ADMINISTRACIÓN:*

*O Concello ostentará, sen prexuízo das que legalmente ou regulamentariamente procedan, as seguintes facultades:*

*a)* *Control das actividades e no seu caso obras que se efectúen no inmoble, e comprobar o seu estado de conservación e limpeza, e isto sen prexuízo das facultades inspectoras doutros organismos públicos.*

*b)* *Sanciónar ó concesionario pola comisión de infraccións, conforme o previsto e tipificado no presente prego.*

*c)* *Esixir ó concesiónario, no prazo que se fixe no escrito de requirimento, a adopción de medidas, ou a realización de obras e reparacións, que resulten necesarias para a correcta conservación e mantemento do inmoble, das súas instalacións e dependencias.*

*d)* *A de interpreta-la concesión, resolve-las dúbidas que ofreza o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acorda-la súa resolución e determina-los seus efectos.*

*e)* *O Concello resérvase o uso preferente do Salón de Actos do inmoble e calquera outra dependencia do mesmo para a organización e celebración de actos e representacións de interese municipal, sempre e cando non exista un compromiso firme anteriormente concertado por parte da Fundación que poida ocasionar á mesma prexuízos de imposible ou difícil reparación.*

*CLAUSULA XII.-CESIÓN DO DEREITO DA CONCESIÓN*

*A concesionaria non poderá en ningún caso cede-los seus dereitos concesionais.*

*CLÁUSULA XIII.- RÉXIME DISCIPLINARIO: INFRACCIÓNS, SANCIÓNS E PROCEDEMENTO SANCIONADOR.*

*A. INFRACCIÓNS:*

*Os incumprimentos contractuais pola concesionaria darán lugar á imposición de sancións administrativas e a estes efectos terán a consideración de:*

*a)* *Infraccións leves:*
- *A falta de ornato ou limpeza da edificación.*
- *O descuido ou mera neglixencia no cumprimento das obrigacións que non comporten perdas apreciables ás persoas ou ao patrimonio municipal.*
- *En xeral, as simples irregularidades nas obrigas que lle competen en virtude do convenio de cesión.*

*b)* *Infraccións graves:*
- *A falta de mantemento ou conservación do inmoble.*
- *Non atender ás ordes ou instruccións feitas por esta administración e no prazo que ao efecto outorgue, referente aos seus deberes e obrigacións.*
- *A comisión de dúas ou más infraccións, tipificadas como faltas leves.*
- *O impedimento ou a obstrucción ao persoal municipal nas súas funcións inspectoras ou de control do edificicio e instalacións como das actividades que no*

*mesmo se desenvolven, así como a negativa a non aportación de calquera documentación que neste senso lle sexa requerida.*

- *Non cumprir coas obrigas de seguridade relativas ás instalacións e ós seus elementos.*
- *A non presentación da Memoria Anual de Execución das Actividades prevista na Cláusula 10ª*

c) *Infraccións moi graves:*

- *As modificacións do inmoble que revistan carácter esencial e non consten na autorización municipal previa para a realización das mesmas.*
- *A transmisión ou cesión da concesión*
- *Destinar o local ao exercizo de actividades distintas ás autorizadas.*
- *O incumprimento das obrigas fiscais ou da Seguridade Social.*
- *A comisión de dúas ou máis infraccións tipificadas como graves no presente prego, nun período de dous anos, sobre as que tivese recaído resolución firme en vía administrativa.*

*B. SANCIÓNS*

- *As infraccións previstas no apartado anterior serán sancionadas, previa instrucción do correspondente expediente, con multas de acordo coa seguinte escala:*

a) *Pola comisión de infracción leve: multa de ata 1.000 €.*

b) *Pola comisión de infracción grave: multa de 1.001 ata 2.000 €.*

c) *Pola comisión de infracción moi grave: multa de 2.001 ata 3.000 €.*

- *A comisión de infracción moi grave poderá tamén ser sancionada coa resolución da concesión.*

- *A imposición de calquera das sancións previstas nos apartados anteriores será compatíbel coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ó seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondente á súa contía e o prazo que se determine para a súa satisfacción.*

- *As sancións a aplicar fixaránse atendendo os siguientes criterios de gradación:*

a) *O grado de culpabilidade do infractor.*

b) *A existencia de intencionalidade ou reiteración.*

c) *A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.*

d) *A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción, cando así fose declarado por resolución firme.*

e) A reparación do dano voluntariamente antes de recaer a resolución que poña fin ó procedemento sancionador.

C. PROCEDEMENTO SANCIONADOR:

O incumprimento das normas estabelecidas no presente prego, orixinará a incoación do correspondente expediente sancionador que se tramitará consonte ó procedemento previsto na Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Comun, e no regulamentado no RD 1398/1993, de 4 de agosto, Regulamento do Procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora e demais normativa vixente na comisión da infracción.

C.I.- órgano competente para imposición das sancións.-

1. As sancións por infraccións leves ou graves imporánse polo Concelleiro delegado en materia de Patrimonio.

2. As sancións por infraccións moi graves imporánse pola Xunta de Goberno Local .

C.II.-prazo de prescripción das infraccións e sancións.-

1. As infraccións moi graves prescribirán ós tres anos, as graves ós dous anos e as leves ós seis meses

2. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán ós tres anos, as impostas por faltas graves ós dous anos e as impostas por faltas leves ó ano.

3. O prazo de prescripción das infraccións comenzará a contarse dende o día no que a infracción se cometeu. Interrumpirá a prescripción a iniciación, do procedemento sancionador reanudándose o prazo de prescripción se o expediente sancionador se paralizase máis dun mes por causa non imputábel ó presunto responsábel.

4. O prazo de prescripción das sancións comenzará a contarse dende o día o seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, voltando a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputábel ó infractor.

C.III.-Pagamento das sancións:

O importe das multas será aboado polo concesionario na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación. Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o importe da sanción, esixirase o pagamento por vía de apremio administrativo.

CLÁUSULA XIV.- RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN.

Serán causa de resolución da concesión, sen prexuício das tipificadas como infraccións moi graves, as seguintes:

*a)* *A cesión, transferencia ou novación da titularidade da concesión, ou dos dereitos de xestion e explotación do inmoble sen autorización municipal.*

*b)* *Allear ou gravar os bens ou dereitos concesionais.*

*c)* *Destinar o inmoble, a instalacións ou usos distintos dos expresados neste prego.*

*d)* *O incumprimento reiterado ás ordes ou instruccións dictadas pola Administración, referente a conservación e mantenemento das instalacións ou dominio público.*

*CLÁUSULA XV.- RESCATE.*

*O Concello resérvase o dereito de deixar sen efecto a concesión antes do vencemento, se o xustificasen circunstancias de interese público, sen prexuízo da indemnización ó concesionario dos danos que se lle causasen, cando proceda*

*CLÁUSULA XVI.- EXTINCIÓN DA CONCESIÓN*

*A concesión extinguirase:*

- *a) Polo transcurso do prazo polo que foi outorgada.*
- *b) Incuprimento dos fins ou actividades para os que foi concedida.*
- *c) Incumprimento das condicións nas que foi outorgada a autorización.*
- *d) Mutuo acordo Concello-Fundación*
- *e) Renuncia da concesionaria*
- *f) Extinción da Fundación*
- *g) Non exercizo de actividade pola concesionaria*
- *h) Por calquera das causas previstas no art. 100 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas.*

*CLÁUSULA XVII.- REVERSIÓN*

*1.-Ó vencemento da concesión, e con independencia da causa que a motive, o concesionario vendra obrigado a cesar no uso e ocupación do inmoble e na explotación da actividade, debendo deixar o inmoble á libre disposición do Concello, en perfecto estado de conservación, que revertirá gratuitamente e libre de cargas e gravames xunto coas súas melloras e instalacións fixas, sen que a concesionaria teña dereito a percepción de indemnización ou contraprestación ningunha.*

*2.- Da recepción polo Concello dos bens revertidos levantaráse a correspondente acta en presenza do concesionario, se comparecese este a dito acto. Na acta reseñaráse o estado de conservación dos bens revertidos, especificándose, de selo caso, as deficencias ou deterioros que presenten, servindo a acta de base para instruír o correspondente expediente, no que se concretará o importe das reparacións necesarias, cuxo abono esixiráse á concesionaria, utilizando, se fose necesario, o procedemento de apremio administrativo.*

*3.- Estabelécese como prazo máximo para o desaloxo e entrega do local, o de quince días hábiles a contar dende a data de vencemento da concesión.*

*Se transcorrido dito prazo, a concesionaria non procedera ó desaloxo e entrega dos bens, aboará ó Concello de Vigo, en concepto de indemnización, a cantidade de 300 euros por cada día de retraso no que incorra, e ata o total cumprimento da súa obriga. O Concello, sen prexuízo de dita indemnización, poderá exercitar as accións e facultades que o ordenamento xurídico lle recoñece na defensa e protección do seu patrimonio.*

*CLÁUSULA XVIII.- FORMALIZACION DA CONCESIÓN*

*A concesión formalizaráse en documento administrativo, nun prazo de 15 días dende a data da notificación do acordo á solicitante, puidéndose elevar a documento notarial se calquera das partes o solicita, debendo neste caso seren de conta de quen o solicite os gastos que se deriven do outorgamento da escritura.*

*CLÁUSULA XIX.- GASTOS*

*O concesionario estará obrigado a pagar tódolos gastos dos anuncios, nos diarios oficiais, da información pública a que debera someterse o prego de condicións.*
*Así mesmo, deberá satisfacer tódolos impostos, contribucións e taxas que graven a concesión.*

*O importe máximo dos anuncios de información é de 750 euros.*

*CLÁUSULA XX.- TRIBUNAIS COMPETENTES*

*A prerrogativa de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento corresponde ó Concello de Vigo, e á xurisdicción contencioso-administrativa a competencia para coñecer as cuestións litixiosas que xurdan ou se deriven da aplicación destas condicións que conteña o contrato, ou en canto á interpretación, modificación ou resolución.*

*CLÁUSULA XXI.- RÉXIME XURÍDICO*

*No non previsto no presente prego, estarase ó disposto na Lei de Bases de Réxime Local, Lei de Patrimonio das das Administracións Públicas, Regulamento de Bens das Entidades Locais e demais disposicións de aplicación.*

**20(1232).- DIETAS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL (OEP 2012) POR IMPORTE DE 2.328,46 €. EXPTE: 28844/220.**

Visto o informe de fiscalización do 21/11/16, dáse conta do informe-proposta 2/11/16, asinado pola técnico de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da

Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

*<u>ANTECEDENTES</u>*
*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 04/03/2016, aprobou as bases xerais e específicas reitoras dos procesos selectivos das prazas vacantes contidas na OEP 2012 (publicadas no BOP nº 52, de 16/03/2016), para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios así como a contratación en réxime laboral fixo de prazas de persoal laboral vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo. Ditas bases xerais foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 27646/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.*

*Ademais, foi obxecto de fiscalización previa o informe-proposta das listas provisionais de admitidos e excluídos, composición dos órganos de selección e lugar e data da primeira das probas das que constan os distintos procesos selectivos, tal e como se desprende do expediente 28011/220, cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.*

*Na base VIII da convocatoria (8.4.6) establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.*

*Rematado o proceso selectivo de Auxiliar de Administración Xeral, o Secretario do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección.*

*A referida certificación importa un total de 2328,46 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:*
*D. José Rodríguez García, con DNI nº 33.205.043-N, presidente titular, con domicilio en Cño. Toxales, nº 23, Nigrán, dez asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 428,30 €, a aboar no número IBAN ES2820800052220040004509.*

*D. Lucio C. Varela Borreguero, secretario titular (nº persoal 17495), con DNI nº 36.023.156-G, dez asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 428,30 €.*

*Dª. Benilde Bilbao Echegaray, vogal do órgano de selección (nº persoal 76998), con DNI nº 36.040.314-G, dez asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 397,80 €.*

*Dª. Carmen María Sanz Alonso, vogal do órgano de selección (nº persoal 22125), con DNI nº 36.063.965-B, dez asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 397,80 €.*

*Dª. Rosa María Sancecilio Viéitez, vogal do órgano de selección (nº persoal 22094), con DNI nº 36.053.090-S, dez asistencias de 39,78 €, cada unha, importa un total de 397,80 €.*

*D. Ezequiel Fernández Carpintero, asistencia técnico-administrativa, (núm. persoal 16283), con NIF 36.040.789-L, catro asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 159,12 €.*

*Dª. Mónica Caramés Vázquez, asistencia técnico-administrativa (nº persoal 82190), con DNI*

*nº 36134363-V, unha asistencia de 39,78 €.*

*D. Luis Iglesias Rejas, asesor especialista, (nº de persoal 22390), con DNI nº 36.091.674-M, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €."*

*Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación do Secretario do órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para a provisión en propiedade de cinco prazas de Auxiliar de Administración Xeral por promoción interna correspondentes á OEP 2012 e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*"Comprometе-lo gasto de 2328,46€, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:*

*D. José Rodríguez García, con DNI nº 33.205.043-N, presidente titular, con domicilio en Cño. Toxales, nº 23, Nigrán, dez asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 428,30 €, a aboar no número IBAN ES2820800052220040004509.*

*D. Lucio C. Varela Borreguero, secretario titular (nº persoal 17495), con DNI nº 36.023.156-G, dez asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 428,30 €.*

*Dª. Benilde Bilbao Echegaray, vogal do órgano de selección (nº persoal 76998), con DNI nº 36.040.314-G, dez asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 397,80 €.*

*Dª. Carmen María Sanz Alonso, vogal do órgano de selección (nº persoal 22125), con DNI nº 36.063.965-B, dez asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 397,80 €.*

*Dª. Rosa María Sancecilio Viéitez, vogal do órgano de selección (nº persoal 22094), con DNI nº 36.053.090-S, dez asistencias de 39,78 €, cada unha, importa un total de 397,80 €.*

*D. Ezequiel Fernández Carpintero, asistencia técnico-administrativa, (núm. persoal 16283), con NIF 36.040.789-L, catro asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 159,12 €.*

*Dª. Mónica Caramés Vázquez, asistencia técnico-administrativa (nº persoal 82190), con DNI nº 36134363-V, unha asistencia de 39,78 €.*

*D. Luis Iglesias Rejas, asesor especialista, (nº de persoal 22390), con DNI nº 36.091.674-M, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €."*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(1233).- DIETAS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DE CAPATAZ DE PARQUE MÓBIL (OEP 2012) POR IMPORTE DE 1.918,46€. EXPTE: 28845/220.**

Visto o informe de fiscalización do 21/11/16, dáse conta do informe-proposta 2/11/16, asinado pola técnico de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 04/03/2016, aprobou as bases xerais e específicas reitoras dos procesos selectivos das prazas vacantes contidas na OEP 2012 (publicadas no BOP nº 52, de 16/03/2016), para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios así como a contratación en réxime laboral fixo de prazas de persoal laboral vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo. Ditas bases xerais foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 27646/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.*

*Ademais, foi obxecto de fiscalización previa o informe-proposta das listas provisionais de admitidos e excluídos, composición dos órganos de selección e lugar e data da primeira das probas das que constan os distintos procesos selectivos, tal e como se desprende do expediente 28011/220, cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.*

*Na base VIII da convocatoria (8.4.6) establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.*

*Rematado o proceso selectivo de Capataz do Parque Móbil, a Secretaria do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección.*

*A referida certificación importa un total de 1918,46 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:*
*Dª. María Carmen Pintado García, presidenta titular, (nº. persoal 15148), con DNI nº 36.024.191-G, oito asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 342,64 €.*

*Dª. Ángela Fernández López, secretaria titular (nº persoal 82174), con DNI nº 52.454.573-Z, oito asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 342,64 €.*

*D. Manuel Monroy Castro, vogal do órgano de selección (nº persoal 82191), con DNI nº 36.082.635-M, sete asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 278,46 €.*

*D. Ángel Pillado González, con DNI nº 36.111.822 - M, vogal suplente do órgano de selección, con domicilio en Avda. García Barbón, 28 - 7º A , 36.201 - VIGO, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 159,12 €, a abonar no número IBAN ES3821006608522200020183.*

*D. Óscar Couce Senra, vogal do órgano de selección (nº persoal 79389), con DNI nº 32.677.831-Y, seis asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 238,68 €.*

*D. Francisco Javier Álvarez Ferreira, vogal do órgano de selección (nº persoal 76473), con DNI nº 36.076.666-Q, oito asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 318,24 €.*

*D. Ezequiel Fernández Carpintero, asistencia técnico-administrativa, (núm. persoal 16283), con NIF 36.040.789-L, unha asistencia de 39,78 €.*

*Dª. Mónica Caramés Vázquez, asistencia técnico-administrativa (nº persoal 82190), con DNI nº 36134363-V, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €.*

*Dª. Isabel Cabeza Pereiro, asesora especialista, (nº persoal 80660), con DNI nº 36.114.676-F, unha asistencia de 39,78 €.*

*Dª. Aránzazu González Soengas, asesora especialista, (nº persoal 79388), con DNI nº 52.481.598-Z, unha asistencia de 39,78 €.*

*A instrución cuarta, apartado f) actualmente en vigor, sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, establece os servizos extraordinarios a realizar polo persoal auxiliar que presta os seus servizos na oficina administrativa de cemiterios, resultante do exceso estrutural sobre a xornada anual, realizada fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuiranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079'70 €, cantidade modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2013, tendo en conta o exceso real de xornada anual realizada por dito persoal que supera as 470 horas.*

*Dito acordo basease na actualización do Acordo Plenario de data 14/1/2003 no que se acorda a inclusión na Instrución 4º do Cadro de Persoal da "actividade extraordinaria e especial dedicación do persoal administrativo que presta servicios na oficina administrativa de Cemiterios resultante do exceso estructural de 236 horas anuais realizadas, fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuirase con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 3.450 euros. Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada", que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 3.484,50 € anuais, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.*

*Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada.*

*O persoal relacionado no expediente atópase adscrito, como non podería ser doutro xeito, ao negociado de cemiterios.*

*Compróbase por parte desta Área de Recursos Humanos e Formación que o persoal referenciado non tivo baixas por I.T. no período obxecto de aboamento.*

*A xustificación do aboamento, en concepto de gratificacións, ten orixe no exceso de xornada anual realizado polo persoal administrativo do Servizo de Cemiterios pola atención que prestan tódolos sábados, domingos e festivos do ano na atención do Xulgado de Guardía, na expedición das autorizacións xudiciais de inhumacións, etc.*

*No escrito do xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de data 02/11/2016 figura relación do persoal , indicando Nº de persoal, datas e horario de realización do exceso de xornada en sábados, domingos e festivos do mes de Outubro de 2016, debidamente asinado e conformado pola concelleira delegada da Area.*

*As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*No citado Real Decreto Lexislativo, concrétase no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concibindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e auto-*

*nómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sen que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.*

*O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 6 -en canto aos servizos extraordinarios- que este está destinado a retribuir os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016, aprobou a "Actualizacion das instruccións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instruccións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novedades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.*

*Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1510000-"Gratificacions", proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

*A C O R D O :*

*"Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo ao persoal administrativo do Servizo de Cemiterios que figura no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia da retribución complementaria en concepto de gratificacións, correspondente ao mes de Outubro-2016, segundo o recollido na Instrución Cuarta apartado f) sobre cadro e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0151.00.00- "Gratificacións", por importe total de 1.116,44 €.*

*Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas en concepto de gratificacións, haberán de responder a servizos extraordinarios realizados fora da xornada normal de traballo e non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos,*

*sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*<u>Terceiro</u>.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina".*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuizo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

*Anexo*

| *Nº Persoal* | *Apelidos e Nome* | *Importe* |
|---|---|---|
| *13758* | *Rosende Ríos, Gumersindo Manuel* | *558,22 €* |
| *13570* | *Hermida Rodriguez, José Luis* | *558'22 €* |
| | *IMPORTE TOTAL.....................................................* | *1.116,44 €* |

**<u>Acordo</u>**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**27(1239).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DE 2016. EXPTE: 28939/220.**

Visto o informe de fiscalización do 25/11/16, dáse conta do informe-proposta do 22/11/16, asinado pola técnico de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

*Recíbese escrito do xefe de Participación Cidadá en data 10/11/2016, co visto e prace da concelleira-delegada da Área, no que se solicita se lle abone a dona Paula Abilleira Piñeiro (nº persoal 83429), o aboamento de produtividade que ten dereito a percibir por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de Outubro-2016.*

*Dita empregada realiza a súa actividade laboral en réxime de xornada partida, dada a necesidade de contar coa presencia do persoal municipal no horario de apertura da oficina Municipal de Distrito "A Miñoca", en horario continuo.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.*

*No citado Real Decreto Lexislativo, concrétase no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concibindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento-*

*entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado d), que: con cargo ao complemento de produtividade "a dedicación extraordinaria de traballos en réxime de xornada partida, por un importe de 3'64 € dia, que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 3'68 €, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016 , aprobou a "Actualización das*

*instruccións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instruccións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novedades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.*

*En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demáis aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.*

*Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-"Produtividade", propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

*A C O R D O :*

*Primerio.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade a Paula Abilleira Piñeiro (nº persoal 83429) do servizo de Participación Cidadá, pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura dos servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado d) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran na relación adxunta, correspondente ao mes de Outubro-2016 e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- "Productividade", por importe de 73,60 €.*

*Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demáis funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina.*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuizo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**28(1240).- MODIFICACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2016 (ACORDO DA XGL 08/04/2016). EXPTE: 28960/220.**

Visto o informe de fiscalización do 23/11/16, dáse conta do informe-proposta do 21/11/16, asinado pola técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de data 08 de abril de 2016 adoptou o seguinte acordo:*

*" PRIMEIRO.- Aproba-la oferta de emprego público do Concello de Vigo para o ano 2016, integrada polas seguintes 58 prazas vacantes:*

*a) Persoal funcionario ( 41 prazas, trinta e unha delas pola quenda libre).*

| Nº Vacantes | Denominación | Grupo | Escala | Subescala | Clase | Tanda Acceso |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | Técnico/a Administración Xeral rama xurídica | A1 | Admón. Xeral | Técnica | Superior | 1 Libre e 1 promoción interna |
| 1 | Administrativo/a Administración Xeral | C1 | Admón. Xeral | Administrativa | --------- | Libre |
| 6 | Auxiliar Administración Xeral | C2 | Admón. Xeral | Auxiliar | ---------- | 4 Libre e 2 promoción interna |
| 1 | Subalterno/a | E | Admón. Xeral | Subalterna | ---------- | Libre |
| 1 | Enxeñeiro/a de Camiños | A1 | Admón. Especial | Técnica | Superior | Libre |
| 1 | Enxeñeiro/a Industrial | A1 | Admón. Especial | Técnica | Superior | Libre |
| 1 | Arquitecto/a Técnico/a Aparellador/a | A2 | Admón. Especial | Técnica | Media | Libre |
| 8 | Diplomado/a Traballo Social | A2 | Admón. Especial | Técnica | Media | Libre |
| 1 | Técnico/a Medio Igualdade | A2 | Admón. Especial | Servizos Especiais | Cometidos Especiais. | Libre |
| 1 | Técnico/a Xestión | A2 | Admón. Especial | Servizos Especiais | Cometidos Especiais. | Promoción Interna |
| 1 | Técnico/a Relaciones Laborais | A2 | Admón. Especial | Servizos Especiais | Cometidos Especiais. | Promoción Interna |
| 1 | Técnico/a Medio/a Sistemas | A2 | Admón. | Servizos | Cometidos | Promoción |

| Nº Vacantes | Denominación | Grupo | Escala | Subescala | Clase | Tanda Acceso |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Especial | Especiais | Especiais. | Interna |
| 1 | Programador/a Informática | C1 | Admón. Especial | Servizos Especiais | Cometidos Especiais. | Libre |
| 2 | Inspector/a Principal Policía Local | A2 | Admón. Especial | Servizos Especiais | Policía Local | Promoción Interna |
| 1 | Sarxento Extinción Incendios | C1 | Admón. Especial | Servizos Especiais | Extinción Incendios | Promoción Interna |
| 1 | Cabo Extinción Incendios | C2 | Admón. Especial | Servizos Especiais | Extinción Incendios | Promoción Interna |
| 4 | Bombeiro/a | C2 | Admón. Especial | Servizos Especiais | Extinción Incendios | Libre |
| 7 | Policía Local | C1 | Admón. Especial | Servizos Especiais | Policía Local | Libre |

*b) Persoal laboral : 17 prazas (1 Capataz pola quenda de promoción interna, 13 de oficiais de oficios do grupo C2 de titulación (unha delas pola quenda libre- oficial condutor) e, 3 de Axudante de Oficios do Grupo Transitorio E (unha delas pola quenda libre e dúas por promoción interna.*

*SEGUNDO.- De conformidade co disposto no artigo 59 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) resérvanse un total de 5 prazas (7% das 58 prazas ofertadas (33 correspondentes a quenda libre e 25 reservadas por promoción interna), para persoas con discapacidade, dúas delas para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e as tres restantes para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.*

*- Dúas prazas de Auxiliar de Administración Xeral, unha das ofertadas pola quenda libre e outra da quenda de promoción interna.*
*- Dúas prazas de Oficial de oficios, da quenda de promoción interna, unha delas reservarase para ser cuberta por persoas que acrediten discapacidade intelectual.*

• *- Unha praza de Axudante de oficios, da quenda de promoción interna, reservada para persoas con discapacidade intelectual."*

*A referida Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2016 foi publicada no BOP de 27/04/16 e no DOG de 06/05/2016.*

*En Sentenza nº 256/2016, do 23 de xuño, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo resolveu sobre o r.c-a 180/2016 (procedementos abreviados 201/2015 e 215/2015 acumulados, interpostos pola FEDERACIÓN DE SERVICIOS DE SINDICATO NACIONAL DE COMISIONES OBRERAS DE GALICIA e por D. Pergentino Martínez Pampillón en calidade de Secretario Xeral da sección sindical da UGT no Concello de Vigo, estimando el recurso contencioso-administrativo presentado por la FEDERACIÓN DE SERVICIOS DEL SINDICATO NACIONAL COMISIONES OBRERAS DE GALICIA, D. PERGENTINO PÉREZ*

*PAMPILLÓN y LA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA contra el acordo de 3-2-2016 da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo polo que se declarou a caducidade parcial da Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010 e 2011, 2ª fase (expediente 27.548/220), e ANULOU o acto recorrido, no concernente á declaración de caducidade parcial da mencionada Oferta de Emprego Público, condenando á Administración demandada a continuar os procedementos selectivos que estaban en curso de execución cando se acordou a súa suspensión, afectados polo acto recorrido. A tal efecto, deberá realizar no prazo de un mes computado dende a notificación de esta sentenza a primeira actuación conducente á súa reanudación, dende a fase na que se encontrasen no momento da súa suspensión, conservando a súa validez as actuacións anteriores.*

*Unha vez acreditada a firmeza da sentenza, e para poder executar a mesma por parte deste Área xestora, resultou imprescindible determinar con claridade a afección que a execución poda ter sobre a Oferta de Emprego Público 2016, na cal se incluíron as prazas interinamente cubertas que foran declaradas caducadas na OEP 2010 e 2011, previa convocatoria da Mesa Xeral de Negociación, a efectos de valorar a necesidade de modificación da Oferta de Emprego Público 2016, en canto ao impacto que a sentenza obxecto de execución poda ter no número e tipoloxía de prazas contidas na mesma, e toda vez que en base ás peticións sindicais efectuadas no marco da negociación da citada oferta, foi acadado o acordo de inclusión daquelas prazas cubertas por funcionarios interinos que correspondían ás OEPs 2010 e 2011; previsión que, á vista do contido no fallo da sentenza, provoca a necesidade de revisar con urxencia a OEP 2016, e en todo caso, sempre antes de calquera acto de execución derivado da mesma.*

*Por resolución de data 10/08/2016 do concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto de Alcaldía e Acordo XGL de 19/06/2016), sobre a execución das sentenzas xudiciais ditadas sobre a declaración de caducidade parcial das ofertas de emprego público de 2010 e 2011, resolveuse:*

*“Primeiro.- Dar cumprimento ao mandato xudicial contido na Sentenza nº 256/2016, do 23 de xuño, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo resolveu sobre o r.c-a 180/2016 (procedementos abreviados 201/2015 e 215/2015 acumulados, interpostos pola FEDERACIÓN DE SERVICIOS DEL SINDICATO NACIONAL DE COMISIONES OBRERAS DE GALICIA e por D. Pergentino Martínez Pampillón en calidade de Secretario Xeral da sección sindical da UGT no Concello de Vigo, e en consecuencia dispoñer a inmediata continuación dos procedementos selectivos que estaban en curso de execución cundo se acordó a suspensión, afectados por el acto recurrido, dende a fase na que se encontrasen no momento da súa suspensión, conservando validez as actuacións anteriores, segundo o fallo da sentenza que se executa.*

*Segundo.- Ordenar que no prazo máximo de 1 mes contado dende a adopción do presente acordo se proceda á convocatoria da Mesa Xeral de Negociación, a efectos de proceder á modificación da Oferta de Emprego Público 2016, en canto ao impacto que a sentenza obxecto de execución poda ter no número e tipoloxía de prazas contidas na mesma".*

*Solicitado informe ao respecto, polo técnico que subscribe en data 05/08/2016, emitiuse o seguinte informe:*

*"ASUNTO: INFORME TÉCNICO EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN DAS SENTENZAS XUDICIAIS DICTADAS SOBRE A DECLARACIÓN DE CADUCIDADE PARCIAL DAS OEPs*

*2010 e 2011, NO QUE AFECTA A MODIFICACIÓN DAS PRAZAS QUE CONFORMAN A OFERTA DE EMPREGO CORRESPONDENTE AO ANO 2016.*

*Consta no expediente informe da xefatura da área no que textualmente indícase que "unha vez se acredite a firmeza da sentenza, e para poder executar a mesma por parte deste Área xestora, resulta imprescindible determinar con claridade a afección que a execución poda ter sobre a Oferta de Emprego Público 2016, na cal se incluíron as prazas interinamente cubertas que foran declaradas caducadas na OEP 2010 e 2011; oferta de emprego 2016 que debería ser modificada. No momento actual, estase á espera da emisión de informe técnico sobre o número de vacantes existentes na plantilla municipal, de xeito tal que se permita ter coñecemento do impacto da efectiva execución da sentenza na indicada OEP 2016."*

*En relación co asunto indicado no encabezamento, vista a solicitude de informe da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, infórmase o seguinte:*

*A execución das referidas sentenzas alcanzan as prazas que conformaban a 2ª fase das ofertas de emprego correspondentes aos anos 2010 e 2011, afectando as seguintes:*

*- Técnico/a Administración Xeral (1 oposición libre)*
*- Auxiliar Administración Xeral (4 oposición libre das que unha se reserva a persoas con discapacidade e 2 por promoción interna das que unha se reserva para discapacitados/as.*
*- Alguacil (1 promoción interna)*
*- Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial (1 oposición libre)*
*- Diplomado/a en Traballo Social (7 oposición libre)*
*- Técnico/a Medio/a Igualdade (1 oposición libre)*
*- Inspector Principal Policía Local (2 promoción interna)*
*- Cabo Extinción de Incendios (1 promoción interna)*
*- Bombeiro (4 oposición libre)*
*- Condutor-bombeiro (1 oposición libre)*
*- Oficial Condutor (1 oposición libre)*
*- Oficial Xardineiro (1 promoción interna)*
*- Policía Local (23 prazas)*

*Executada recentemente a Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2012, quedan así mesmo pendentes de executar as ofertas de emprego correspondentes aos anos 2013, 2014, 2015 e 2016, esta última co seguinte detalle:*

*ANO 2016*

*Aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente de data 08 de abril de 2016, publicada no BOP de 27/04/16 e no DOG de 06/05/16.*

| | TURNO LIBRE | PROMOCIÓN INTERNA |
|---|---|---|
| - Técnico/a Administración Xeral | 1 | 1 |
| - Administrativo/a Administración Xeral | 1 | |
| - Auxiliar Administración XeraL | 4 (unha discap.) | 2 (unha disc.) |
| - Subalterno/a | 1 | |
| - Enxeñeiro de Camiños | 1 | |
| - Enxeñeiro Industrial | 1 | |
| - Arquitecto-Técnico/Aparellador | 1 | |
| - Diplomado/a Traballo Social | 8 | |
| - Técnico/a Medio Igualdade | 1 | |

– Técnico/a Xestión 1

| – | TURNO LIBRE | PROMOCIÓN INTERNA |
|---|---|---|
| - Técnico/a Relaciones Laborais | | 1 |
| - Técnico/a Medio Sistemas | | 1 |
| - Programador/a Informática | 1 | |
| - Inspector/a Principal Policía Local | | 2 |
| - Sarxento Extinción Incendios | | 1 |
| - Cabo Extinción Incendios | | 1 |
| - Bombeiro | 4 | |
| - Policía Local | 7 | |
| - Capataz Deportes | | 1 |
| - Oficial Condutor | 1 | |
| - Oficial Oficios | | 12 (dúas disc) |
| - Axudante Oficios | 1 | 2 (unha disc) |

*Consultados os datos obrantes nesta Área infórmase que a totalidade das prazas convocadas figuran vacantes no Cadro de Persoal Orzamentario correspondente ao presente ano 2016, contando con postos vacantes dotados orzamentariamente, aos que poden ser adscritas as persoas nomeadas na Relación de Postos de traballo vixente, coas seguintes 13 excepcións:*

- *1 praza de Técnico de Administración Xeral, da quenda libre (ou ben a de promoción interna).*
- *7 prazas de Diplomado/a en Traballo Social, pola quenda libre.*
- *1 praza de Técnico/a Medio/a Igualdade, pola quenda de promoción interna.*
- *2 prazas de Inspector Principal do Corpo da Policía Local, pola quenda de promoción interna.*
- *1 praza de Cabo do Servizo de Extinción de Incendios, pola quenda de promoción interna.*
- *1 praza de Bombeiro.*

*As referidas prazas deberán ser retiradas ou substituidas por outras que se atopen vacantes e teñan dotación económica no orzamento en vigor, mediante a correspondente modificación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2016, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente de data 08 de abril de 2016, publicada no BOP de 27/04/16 e no DOG de 06/05/16.*

*As referidas 13 prazas, das que 10 corresponden a quenda libre e 3 a quenda de promoción interna poden ser substituidas por prazas que figuran vacantes no presente exercicio e, que figuraban vacantes a data 31/12/2015, entre outras:*

- *2 prazas de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial.*
- *1 praza de Técnico/a Medio/a Servizos Económicos.*
- *1 praza de Programador/a Informática.*
- *2 prazas de Delineante.*
- *15 prazas de Policía.*
- *4 prazas de Auxiliar de Administración Xeral.*
- *1 praza de Auxiliar Psiquiátrico.*
- *8 prazas de Subalterno/a.*
- *2 prazas de Arquitecto/a Técnico/a-Aparellador/a.*
- *1 praza de Técnico/a Medio/a Arquivos.*
- *1 Técnico/a Medio Topografía.*
- *1 Enxeñeiro/a de Camiños.*

*- 5 prazas de Axudante de Oficios.*
*- 3 prazas de Operario-peón.*
*- 6 prazas de Oficial Instalacións Deportes (2 ocupadas interinamente).*
*- 4 prazas de Oficial de mantemento Deportes (3 ocupadas interinamente).*
*- 6 prazas de Axudante de Mantemento Deportes (5 ocupadas interinamente).*
*- 1 praza de Técnico Mantemento Sistemas Informáticos.*
*- 1 praza de Técnico/a Departamento Música Tradicional EMAO (ocupada interinamente).*
*- 1 praza de Mestre de oficios EMAO (ocupada interinamente).*
*- 1 praza de Técnico/a Medio Biblioteca EMAO (ocupada interinamente).*
*- 5 prazas de Mestre Formación EMAO (ocupadas interinamente).*
*- 1 praza de Auxiliar Biblioteca EMAO.*
*- 1 praza de Conservador Zoo.*
*- 1 praza de Veterinario-Zoo (ocupada interinamente).*
*- 1 praza de Coordinador Educación Zoo*
*- 2 prazas de Oficial Coidador, mantemento, vixianza e control Zoo".*

*A proposta que se somete a aprobación foi aprobada na Mesa Xeral de Negociación na súa sesión de 12/09/2016, segundo consta na correspondente acta que figura anexada ao expediente.*

*Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita segundo o art. 214, do R.D.Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase a seguinte:*

*PROPOSTA DE ACORDO*

*" PRIMEIRO.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08 de abril de 2016, que pasa a contar coa seguinte redacción:*

*Aproba-la oferta de emprego público do Concello de Vigo para o ano 2016, integrada polas seguintes 58 prazas vacantes:*

*a) Persoal funcionario ( 35 prazas, 27 delas pola quenda libre e 8 por promoción interna).*

| Nº Vacantes | Denominación | Grupo | Escala | Subescala | Clase | Tanda Acceso |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Técnico/a Administración Xeral rama xurídica | A1 | Admón. Xeral | Técnica | Superior | Promoción interna |
| 1 | Administrativo/a Administración Xeral | C1 | Admón. Xeral | Administrativa | --------- | Libre |
| 8 | Auxiliar Administración Xeral | C2 | Admón. Xeral | Auxiliar | ---------- | 5 Libre e 3 promoción interna |

| Nº Vacantes | Denominación | Grupo | Escala | Subescala | Clase | Tanda Acceso |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 4 | Subalterno/a | E | Admón. Xeral | Subalterna | ---------- | Libre |
| 1 | Enxeñeiro/a de Camiños | A1 | Admón. Especial | Técnica | Superior | Libre |
| 1 | Enxeñeiro/a Industrial | A1 | Admón. Especial | Técnica | Superior | Libre |
| 1 | Diplomado/a Traballo Social | A2 | Admón. Especial | Técnica | Media | Libre |
| 1 | Enxeñeiro/a-Técnico/a Topografía | A2 | Admón. Especial | Técnica | Media | Libre |
| 1 | Arquitecto/a Técnico/a Aparellador/a | A2 | Admón. Especial | Técnica | Media | Libre |
| 1 | Técnico/a Xestión | A2 | Admón. Especial | Servizos Especiais | Cometidos Especiais. | Promoción Interna |
| 1 | Técnico/a Relaciones Laborais | A2 | Admón. Especial | Servizos Especiais | Cometidos Especiais. | Promoción Interna |
| 1 | Técnico/a Medio/a Sistemas | A2 | Admón. Especial | Servizos Especiais | Cometidos Especiais. | Promoción Interna |
| 2 | Programador/a Informática | C1 | Admón. Especial | Servizos Especiais | Cometidos Especiais. | Libre |
| 1 | Sarxento Extinción Incendios | C1 | Admón. Especial | Servizos Especiais | Extinción Incendios | Promoción Interna |
| 3 | Bombeiro/a | C2 | Admón. Especial | Servizos Especiais | Extinción Incendios | Libre |
| 7 | Policía Local | C1 | Admón. Especial | Servizos Especiais | Policía Local | Libre |

*b) Persoal laboral : 23 prazas (1 Capataz pola quenda de promoción interna, 21 de oficiais de oficios do grupo C2 de titulación (6 delas pola quenda libre- 1 oficial condutor, 1 oficial Fontaneiro, 1 oficial Sepultureiro, 1 oficial mecánico e, 2 oficiais coidadores Zoo) e 15 pola quenda de promoción interna, e, 1 de Axudante de Oficios do Grupo Transitorio E pola quenda de promoción interna).*

*SEGUNDO.- De conformidade co disposto no artigo 59 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) resérvanse un total de 5 prazas (7% das 58 prazas ofertadas (33 correspondentes a quenda libre e 25 reservadas por promoción interna), para persoas con discapacidade, dúas delas para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade*

*intelectual e as tres restantes para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.*

*- Dúas prazas de Auxiliar de Administración Xeral, unha das ofertadas pola quenda libre e outra da quenda de promoción interna.*
*- Dúas prazas de Oficial de oficios, da quenda de promoción interna, unha delas reservarase para ser cuberta por persoas que acrediten discapacidade intelectual.*
*- A praza de Axudante de oficios, da quenda de promoción interna, reservada para persoas con discapacidade intelectual.*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**29(1241).- PROXECTO DE CONVENIO PARA A CESIÓN GRATUÍTA DE VEHÍCULO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS EN FAVOR DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DO VAL MIÑOR. EXPTE. 97656/210.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

**30(1242).- CONTRATO AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO PARA O SUBMINISTRO DE BASES XURÍDICAS E ACCESO A PUBLICACIÓNS DO GRUPO EDITORIAL WOLTERS-KLUWERT PARA O PERÍODO NOVEMBRO 2016-OUTUBRO 2017. EXPTE. 4299/550.**
Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 24/11/16, asinado polo vogal do Tribunal Económico-Administrativo e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*En Vigo, a 23 de novembro de 2016, en relación có asunto de referencia, emítese o presente en base ás seguintes consideracións:*

*PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 20 de novembro de 2015 (exped 3963/550), prestóu a súa conformidade á seguinte proposta de acordo:*

*" 23.- CONTRATO, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA DO TR DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE BASES XURÍDICAS E ACCESO A PUBLICACIÓNS DO GRUPO EDITORIAL WOLTERS-KLUWERT PARA O PERÍODO NOVEMBRO 2015-OUTUBRO 2016. EXPTE. 3963/550.*

*1.- Autoriza-lo réxime excepcional previsto na Disposición Adicional 9ª do RDLex 3/Lei 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) para a suscripción a Bases Xurídicas e publicacións especializadas, segundo a proposta remitida pola empresa e que se adxunta ó expediente, para o período novembro de 2014 a outubro 2015, có tratamento de contrato menor de servizos, de conformidade co previsto nos art. 111, art. 138.3 e art 10 do TRLCSP, para o acceso a:*

*BASES DE DATOS : (10 Accesos)*
*Laley Digital 360*
*Laley Digital Doctrina*
*Laley Digitalprocesalcivil*
*CISS Fiscal*
*CISS Laboral*
*CISS Contable-Mercantil*
*CISS Prevención de Riesgos Laborales*
*La Página de Medio Ambiente*
*Web de Tráfico y Seguridad Vial*
*El Consultor de los Ayuntamientos Plus*
*El Consultor Contratación Administrativa*
*El Consultor Haciendas Locales*
*El Consultor Licencias Municipales*
*El Consultor "Al día"*

*PORTAL DE REVISTAS ONLINE:*
*SMARTECA 50 LICENCIAS*

*26 Revistas WKE*
*Diario LA LEY*
*Actualidad Civil, Práctica de Daños*
*Actualidad Administrativa*
*Revista El Consultor de los Ayuntamientos*
*Trabajo y Derecho, Boletín Labora y Capital Humano*
*Carta Tributaria Opinión y Carta Tributaria, Documentación, Forum Fiscal*
*La Ley Mercantil, Mercado de Valores, Derecho Consursal y Paraconsursal*
*Competencia y Distribución*
*La Ley Penal, La Ley derecho Familia*
*Especial Directivos, Estratefia financiera, Marketing y Ventas*
*Revista Contable*
*Gestión Práctiva Riesgos Laborales*
*Samarteca Código Civil Comentado*
*Samarteca Código Penal Comentado*
*Práctica de los Tribunales y Tráfico y Seguridad Vial*
*Contratación Práctica Administrativa y Práctica Urbanística*

*FORMACIÓN ONLINE GRATUITA*

*2.- Autoriza-lo gasto e comprometer o pago a prol de Wolters-Kluwert España SA con NIF A58417346, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo importe de A citada proposta ten un custe total de 34.743'94 € (Base 28.714'00 € máis 21% Ive 6.029'94 €), para o período novembro de 2.015 a outubro de 2.016, que pode ser imputado á partida 9200.220.01.00 "Libros e outras publicacións" do orzamento corrente.*

*3.- En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 86.2 do TRLCSP), entendéndose que o mesmo debe de abarca-la totalida-de do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.”*

*SEGUNDO.- Prestado dende entón o servizo, pola empresa presentóuse nova proposta, que se adxunta, para a renovación da suscripción ás bases de datos. A proposta inclúe:*

*BASES DE DATOS : (10 ACCESOS)*
*Laley Digital 360*
*Laley Digital Doctrina*
*Laley Digitalprocesalcivil*
*CISS Fiscal*
*CISS Laboral*
*CISS Contable Mercantil*
*CISS Prevención de Riesgos Laborales*
*La Página de Medio Ambiente*
*Web de Tráfico y Seguridad Vial*
*El Consultor de los Ayuntamientos Plus*
*El Consultor Contratación Administrativa*
*El Consultor Haciendas Locales*
*El Consultor Licencias Municipales*
*El Cosnultor Urbanístico*
*El Consultor "Al Día"*

*PORTAL DE REVISTAS ONLINE:SMARTECA 60 LICENCIAS*

*26 Revistas WKE:*
*Diario LA LEY,*
*Actualidad Civil, Practica de Daños,*
*Actualidad Administrativa,*
*Revista El Consultor de los Ayuntamientos*
*Trabajo y Derecho, Boletín Laboral y Capital Humano*
*Carta Tributaria Opinión y Carta Trbutaria Documentación, Forum Fiscal*
*La Ley Mercantil, Mercado de Valores, Dercho Consursal y Paraconcursal*
*Competencia y Distribución*
*La Ley Penal, La Ley derecho Familia*
*Especial Directivos, Estrategia Financiera, Marketing y Ventas*
*Revista Contable*
*Gestion Practica Riesgos Laborales*
*Smarteca Código Civil Comentado*
*Smarteca Código Penal Comentado*
*Práctica de los Tribunales y Tráfico y Seguridad Vial*
*Contratación Práctica Administrativa y Práctica Urbanística*

*FORMACIÓN ONLINE GRATUITA*

*A citada proposta ten un custe total de 36.746’49 € (Base 30.369,00 € máis 21% Ive 6.377,49 €), para o período novembro de 2.016 a outubro de 2.017, e con este importe se daría adecuado suministro, tanto das bases de datos coma das revistas especializadas, a*

*todos os Servizos tanto do Concello de Vigo coma dos seus Organismos, xa que se estima que os accesos son suficientes para este fin, ofertándose dez licencias adicionáis ó portal Smarteca cun moi lixeiro incremento do custe..*

*TERCEIRO.- O RDLex 3/Lei 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) establece o seguinte:*

*"Disposición adicional novena. Normas especiales para la contratación del acceso a bases de datos y la suscripción a publicaciones.*

*1. La suscripción a revistas y otras publicaciones, cualquiera que sea su soporte, así como la contratación del acceso a la información contenida en bases de datos especializadas, podrán efectuarse, cualquiera que sea su cuantía siempre que no tengan el carácter de contratos sujetos a regulación armonizada, de acuerdo con las normas establecidas en esta Ley para los contratos menores y con sujeción a las condiciones generales que apliquen los proveedores, incluyendo las referidas a las fórmulas de pago. El abono del precio, en estos casos, se hará en la forma prevenida en las condiciones que rijan estos contratos, siendo admisible el pago con anterioridad a la entrega o realización de la prestación, siempre que ello responda a los usos habituales del mercado.*

*2. Cuando los contratos a que se refiere el apartado anterior se celebren por medios electrónicos, informáticos o telemáticos, los entes, organismos y entidades del sector público contratantes tendrán la consideración de consumidores, a los efectos previstos en la legislación de servicios de la sociedad de la información y comercio electrónico.."*

*CARTO.- O gasto pode ser imputado á partida 9200.220.01.00 "Libros e outras publicacións", do orzamento corrente.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, competente segundo o establecido na Disposición Adicional Segunda.3 do TRLCSP, previa remisión á Intervención Xeral ós efectos oportunos, a adopción do seguinte,*

*ACORDO*

*1.- Autoriza-lo réxime excepcional previsto na Disposición Adicional 9ª do RDLex 3/Lei 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) para a suscripción a Bases Xurídicas e publicacións especializadas, segundo a proposta remitida pola empresa e que se adxunta ó expediente, para o período novembro de 2016 a outubro 2017, có tratamento de contrato menor de servizos, de conformidade co previsto nos art. 111, art. 138.3 e art 10 do TRLCSP, para o acceso a:*

*BASES DE DATOS : (10 ACCESOS)*
*Laley Digital 360*
*Laley Digital Doctrina*
*Laley Digitalprocesalcivil*
*CISS Fiscal*
*CISS Laboral*
*CISS Contable Mercantil*
*CISS Prevención de Riesgos Laborales*

*La Página de Medio Ambiente*
*Web de Tráfico y Seguridad Vial*
*El Consultor de los Ayuntamientos Plus*
*El Consultor Contratación Administrativa*
*El Consultor Haciendas Locales*
*El Consultor Licencias Municipales*
*El Cosnultor Urbanístico*
*El Consultor "Al Día"*

*PORTAL DE REVISTAS ONLINE:SMARTECA 60 LICENCIAS*
*26 Revistas WKE*
*Diario LA LEY,*
*Actualidad Civil, Practica de Daños,*
*Actualidad Administrativa,*
*Revista El Consultor de los Ayuntamientos*
*Trabajo y Derecho, Boletín Laboral y Capital Humano*
*Carta Tributaria Opinión y Carta Trbutaria Documentación, Forum Fiscal*
*La Ley Mercantil, Mercado de Valores, Dercho Consursal y Paraconcursal*
*Competencia y Distribución*
*La Ley Penal, La Ley derecho Familia*
*Especial Directivos, Estrategia Financiera, Marketing y Ventas*
*Revista Contable*
*Gestion Practica Riesgos Laborales*
*Smarteca Código Civil Comentado*
*Smarteca Código Penal Comentado*
*Práctica de los Tribunales y Tráfico y Seguridad Vial*
*Contratación Práctica Administrativa y Práctica Urbanística*

*FORMACIÓN ONLINE GRATUITA*

*2.- Autoriza-lo gasto e comprometer o pago a prol de Wolters-Kluwert España SA con NIF A58417346, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo importe de A citada proposta ten un custe total de 36.746'49 € (Base 30.369,00 € máis 21% Ive 6.377,49 €), para o período novembro de 2.016 a outubro de 2.017, que pode ser imputado á partida 9200.220.01.00 "Libros e outras publicacións" do orzamento corrente.*

*3.- En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 86.2 do TRLCSP), entendéndose que o mesmo debe de abarca-la totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.*

**<u>Acordo</u>**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**31(1243).- ROGOS E PREGUNTAS.**
Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

| | |
|---|---|
| O ALCALDE | A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, |
| Abel Caballero Álvarez. | Olga Alonso Suárez. |